

CAPÍTULO DOUS

PANORAMA XERAL

2.1.- O TERRITORIO

2.2.- A DEMOGRAFÍA

2.3.- CONTEXTO ECONÓMICO-FINANCEIRO

2.4.- O MERCADO DE TRABALLO

2.5.- OS SECTORES PRODUTIVOS

2.1.- O TERRITORIO


Atendendo aos criterios sinalados no capítulo 1.- Introducción: obxecto e método, o ámbito territorial obxecto de estudo está composto por un total de 19 concellos: os 11 concellos da comarca de Vigo –Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Soutomaior e Vigo–, os cinco da comarca de O Condado –Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves, Ponteareas e Salvaterra do Miño–, e os tres concellos da parte norte da ría –Cangas, Moaña e Vilaboa.

A superficie total do territorio analizado ascende a 1.064,5 km², o que representa o 23,7% da superficie da provincia de Pontevedra e o 3,6% do total galego. Entre os 19 concellos considerados neste informe, cómpre salientar pola súa extensión os de Ponteareas e Vigo, con 125,6 km² e 109,1 km², respectivamente. Pola contra, Soutomaior e Mondariz-Balneario son os concellos


menos extensos, con 25,0 km² e 2,3 km², respectivamente.

A pesar de estaren na periferia, e polo tanto afastada dos principais centros de decisión europeos e estatais, Vigo e a súa área destaca, dende o punto de vista marítimo, por unha xeoposición atlántica e portuaria de primeira magnitude ao estar diante das principais rutas de transporte marítimo internacional entre Europa, América e Asia, o que explicaría, en boa parte, a súa apertura exterior.

Esta xeoposición atlántica, que lle confire unhas condicións bioclimáticas privilexiadas, e o carácter marítimo do territorio, que determina a actividade desenvolvida e condiciona a súa historia, a súa cultura ou as súas tradicións, abre moitas oportunidades en distintos ámbitos. Entre outros, salientan os da investigación mariña, o enerxético, vinculado ás ener-



Valoración actual de aspectos relacionados co territorio.



Fonte: Elaboración propia CES-Galicia

2.1.2.

xías renovables e rendibles, ou o turismo náutico.

Asemade, tal e como se pode apreciar no **mapa 2.1.1.**, cómpre salientar a posición estratéxica de Vigo e a súa área de influencia atendendo á súa centralidade na eurorexión Galicia-Norte de Portugal, que conta cunha poboación superior aos seis millóns e medio de habitantes. Esta centralidade confírelle un papel importante como nexo de unión entre Galicia e Portugal e facilita o aproveitamento de sinerxías entre empresas de ambos os dous países.

O desenvolvemento da eurorrexión preséntase como unha grande oportunidade para a proxección exterior da área xa que xenera masa crítica e visibilidade a escala internacional. A pesar da importancia da eurorexión e do impacto que tería o seu desenvolvemento, os datos recollidos no **cadro 2.1.2.** reflicten que a valoración que se ten do mesmo non é moi boa, acadando unha valoración de 2,3 puntos sobre cinco.

Ademais das dificultades que supón a dife-

rente organización administrativa de Portugal, e en aras a potenciar a eurorrexión, hai que resaltar a valoración negativa que se ten da conexión por ferrocarril, cunha puntuación de 1,5 puntos. Asemade, e a pesar da consideración sobre as infraestruturas de comunicación por estradas (2,9 puntos), a peaxe nas estradas portuguesas constitúe unha barreira importante.

No que atinxe ao grado de descoñecemento ou de visibilidade de Vigo e a súa área de influencia, no contexto actual caracterizado pola forte competencia entre núcleos urbanos para atraer investimentos, empresas e capital humano, cómpre mencionar a ausencia dun plan de posicionamento ou marca de área. Como reflicte o devandito **cadro 2.1.2.**, a valoración actual que se dá tanto ás medidas de posicionamento como á imaxe de cidade/área é de 2,3 puntos, sendo 0 a puntuación mínima e 5 a máxima.

Asemade, cómpre sinalar que o dinamismo económico da área e un destacado crecemento poboacional configuraron un área

desestruturada dende un punto de vista socioeconómico. As propias Directrices de Ordenación do Territorio para Galicia (DOT) reflicten que o rápido crecemento urbano e o “extraordinario crecemento en diseminado” da poboación conduciu a “unha situación de déficits de infraestruturas, equipamentos e servizos, así como a problemas urbanísticos”, o que comporta unha perda de calidade de vida (problemas de mobilidade, elevados custos para os sistemas de depuración e distribución de auga, saneamento e recollida de lixo ou unha forte pegada ambiental).

PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN TERRITORIAL

Os principais elementos de planificación e ordenación territorial que inciden no conxunto da área metropolitana son as devanditas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), aprobadas definitivamente polo Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, e a Lei de Área Metropolitana de Vigo (Lei 4/2012, de 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo). A nivel estritamente municipal, o elemento central son os seus respectivos Plans Xerais de Ordenación Municipal.

Centrándonos nos instrumentos de carácter supramunicipal, o marco de referencia de planificación e ordenación territorial para o conxunto de Galicia son as DOT. A súa finalidade é definir un modelo territorial que permita orientar as actuacións sectoriais, dotándoas de coherencia espacial e das referencias necesarias para que se desenvolvan de acordo cos obxectivos xerais da política territorial galega.

Os **cadros 2.1.3. e 2.1.4.** reflicten os 25 obxectivos prioritarios e o modelo territorial, cuxa estrutura básica se define a partir dun sistema xerarquizado de asentamentos articulado polas redes de infraestruturas e equipamentos, que se implanta sobre un medio rural que conta cunha biodiversidade e patrimonio cultural que hai

que protexer e xestionar. Este sistema urbano queda configurado por catro niveis: o sistema de grandes cidades, o sistema urbano intermedio, os nodos para o equilibrio do territorio e os núcleos principais dos restantes municipios e das parroquias rurais.

Asemade, co obxectivo de optimizar a rendibilidade social dos recursos públicos, establece que as administracións que desenvolvan actuacións con incidencia territorial actuarán axustándose aos principios de información mutua, colaboración e coordinación.

Doutro lado, no concernente ás áreas metropolitanas, o Comité Económico e Social Europeo (CESE) destaca a súa importancia ao consideralas como laboratorios da economía mundial, motores de crecemento e centros de creatividade e innovación.

Na exposición de motivos da devandita lei de área metropolitana faise referencia á súa importancia estratéxica para a área de Vigo e para toda Galicia e indica que o seu peso demográfico, económico e social, así como a súa continuidade xeográfica, conforman un espazo idóneo para a posta en marcha da primeira área metropolitana.

O obxecto da Lei, ademais da creación da Área Metropolitana de Vigo, é a regulación da súa organización, competencias e financiamento. Deste xeito considérase como unha entidade local supramunicipal, dotada de personalidade xurídica e autonomía para o cumprimento dos seus fins, que está composta, inicialmente, polos catorce concellos que formaban a Mancomunidad Intermunicipal de Vigo no momento de aprobación da lei: Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo.

Obxectivos prioritarios das Directrices de Ordenación do Territorio

1) Lograr unha maior integración de Galicia cos ámbitos que lideran o desenvolvemento europeo e aproveitar as oportunidades des asociadas a unha localización singular na fachada atlántica europea.

2) Contribuír á consolidación da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal e da Macrorexión Galicia-Castela León-Norte de Portugal e afianzar o protagonismo de Galicia na plataforma atlántica para crear un ámbito de centralidade e desenvolvemento no noroeste peninsular.

3) Establecer os ámbitos supramunicipais de planificación e programación de infraestruturas, equipamentos e servizos para optimizar a súa oferta e racionalizar os procesos de desenvolvemento urbano e económico destes espazos.

4) Potenciar as principais rexións urbanas e áreas urbanas de Galicia, reforzando os seus diferentes perfís e artellar un sistema policéntrico de cidades coa fortaleza necesaria para liderar os procesos de desenvolvemento e innovación.

5) Consolidar unha rede de vilas e de pequenas cidades capaces de dotar dunha adecuada base urbana e de servizos o conxunto do territorio.

6) Potenciar os núcleos rurais de Galicia como célula básica do sistema de asentamentos e elemento identificativo do modelo de ocupación tradicional do territorio, outorgando prioridade á súa rehabilitación.

7) Impulsar procesos socioeconómicos que dinamicen as áreas rurais que máis acusan os efectos da crise demográfica e da despoboación.

8) Achegar referencias para o desenvolvemento de infraestruturas e equipamentos con criterios supramunicipais, orientadas a apoiar a configuración do modelo territorial proposto mediante unha rede xerarquizada que vertebre e articule a totalidade do territorio.

9) Establecer criterios para a consideración dos condicionantes ambientais, sociais e económicos nas iniciativas urbanísticas e sectoriais.

10) Proporcionar criterios territoriais e ambientais para a elaboración de plans e proxectos sectoriais e configurar as características dos plans territoriais integrados.

11) Consolidar a identidade e a singularidade das cidades e vilas de Galicia, apoiando os seus compoñentes de excelencia e impulsando proxectos que melloren a súa calidade urbana e a súa capacidade competitiva.

12) Establecer directrices estratéxicas para desenvolver os instrumentos de desenvolvemento rural, así como mecanismos de cooperación e colaboración urbano-rural sobre a base dun maior equilibrio entre o desenvolvemento urbano, o desenvolvemento rural e a protección de espazos abertos.

13) Aplicar o concepto e metodoloxías de desenvolvemento rural con enfoque territorial nas actuacións que se desenvolvan nos espazos rurais por parte dos distintos axentes sociais e económicos.

14) Contribuír a un modelo territorial que considere a vocacionalidade ou potencialidade do territorio na ordenación do medio físico soporte do modelo, analizando a súa capacidade de acollida para os distintos usos.

15) Configurar un instrumento básico da estratexia para a consecución dun desenvolvemento sustentable e promover a conservación do patrimonio natural, recoñecendo como activo para o desenvolvemento de Galicia.

16) Valorizar a calidade da paisaxe galega, o patrimonio cultural e o sistema rural como factores de atracción global do territorio e activos básicos da calidade de vida, e do propio potencial de desenvolvemento, especialmente nas áreas de menor dinamismo do país.

17) Desenvolver estratexias de xestión creativa das paisaxes culturais galegas como factores de competitividade territorial cunha especial referencia á valorización do patrimonio rural vinculado ao sistema de asentamentos rurais, principalmente no seu inventario, caracterización e valoración e na difusión desta información para a súa consideración por parte dos diferentes axentes económicos e institucións.

18) Combater o fenómeno do cambio climático, para o que se propón afondar no coñecemento das súas evidencias en Galicia e actuar decididamente nos principais sectores que contribúen ás emisións de gases de efecto invernadoiro, de acordo cos principios recollidos na estratexia galega fronte ao cambio climático.

19) Prever e minimizar os efectos derivados de riscos naturais e tecnolóxicos, incorporando a avaliación e xestión de riscos na formulación dos restantes instrumentos de ordenación do territorio e do urbanismo.

20) Estructurar o litoral como un ámbito de excelencia territorial, que integre zonas naturais, centros urbanos e núcleos tradicionais, reorientando os procesos de urbanización difusa cara a un sistema máis compacto, de maior complexidade (diversidade de usos) e atractivo, caracterizado pola súa calidade e pola diversidade de posibilidades de vida e traballo.

21) Crear un potente sistema de infraestruturas de transporte para persoas e mercadorías capaz de conectar eficazmente o espazo rexional co espazo global para aproveitar ao máximo as vantaxes locais de Galicia e aumentando a eficacia das interconexións entre os principais centros urbanos da comunidade para facer valer as oportunidades derivadas do seu policentrismo, reforzando este como unha das potencialidades de futuro.

22) Fortalecer os equipamentos e dotacións dos núcleos estruturantes do sistema rural aumentando a súa variedade e, sobre todo, elevando os niveis de servizo co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade.

23) Potenciar infraestruturas de telecomunicación capaces de garantirles a toda a cidadanía e ás empresas a súa integración nunha sociedade da información e coñecemento, co fin de aumentar a calidade de vida, a competitividade dos sectores produtivos e a eficiencia dos servizos públicos.

24) Desenvolver espazos orientados ás actividades de I+D+i como elementos determinantes para asentir o potencial de futuro de Galicia e da súa capacidade para configurar un ámbito de liderado espacial.

25) Marcar criterios para a execución de novas fórmulas de goberno territorial, como as agrupacións voluntarias de municipios, que dean resposta aos cambios e dinámicas recentes do modelo territorial e social.

Sistema de asentamentos de Galicia definido nas DOT

As Directrices de Ordenación do Territorio define un sistema de asentamentos que está composto polos seguintes catro niveis:

a) O sistema de grandes cidades.

Está constituído por dúas grandes rexións urbanas, a de Vigo e Pontevedra e A Coruña e Ferrol, así como polas áreas urbanas de A Coruña, Vigo, Santiago de Compostela, Ourense, Lugo, Pontevedra e Ferrol.

b) O sistema urbano intermedio.

Constituído por un conxunto de vilas e pequenas cidades que exercen a función de cabeceiras de carácter supracomarcal e proporcionan unha base urbana sólida aos seus respectivos ámbitos de influencia para que a totalidade do territorio dispoña dunha axeitada cobertura de servizos. Nalgúns destes ámbitos funcionais figuran vilas con influencia supramunicipal que exercen de subcabeceiras para a prestación de servizos de forma complementaria ás cabeceiras.

Integrado por Ribadeo, Viveiro, Carballo, Cee-Corcubión, Noia, Ribeira, Vilagarcía de Arousa, Tui, A Estrada, Lalín, Chantada, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Xinzo de Limia, Verín, As Pontes de García Rodríguez, Vilalba e Sarria. As vilas de Burela, Foz, Muros, Porto do Son, Boiro, Rianxo, Cambados, O Grove, A Guarda, Silleda e A Rúa constitúen as subcabeceiras do sistema urbano interme-

dio e son unha parte integrante deste nivel.

c) Os nodos para o equilibrio do territorio.

Núcleos con influencia supramunicipal que actúan como centros de prestación de servizos e de dinamización dos espazos rurais. Constitúen unha base imprescindible para impulsar estratexias de desenvolvemento social e económico en ámbitos ameazados polo despoboamento.

As vilas propostas como nodos para o equilibrio do territorio son: Ortigueira, Mondoñedo, Meira, A Fonsagrada, Beceerreá, Quiroga, A Pobra de Trives, Viana do Bolo, Castro Caldelas, Maceda, Allariz, Celanova, Bande, Ribadavia, A Cañiza, Caldas de Reis, Padrón, Negreira, Vimianzo, Santa Comba, Ordes, Melide, Guitiriz, Curtis, Arzúa e Monterroso. Estas vilas, xunto coas subcabeceiras do sistema urbano intermedio, completan o terceiro nivel do sistema de asentamentos do modelo territorial.

d) Os núcleos principais dos restantes concellos e das parroquias rurais.

Constitúen a estrutura de base da xerarquía de asentamentos no territorio, conxuntamente coas pequenas entidades de poboación, sendo as células elementais dun medio rural vivo, que garante a conservación dos valores culturais, ambientais, paisaxísticos, sociais e económicos, e constitúen condición básica para evitar o abandono e os seus efectos derivados.

■ 2.1.4.

Xunto ao obxecto e ámbito territorial, cómpre facer referencia tamén ao ámbito competencial. No artigo 15 da lei establécese que a Área Metropolitana de Vigo exercerá competencias sobre as seguintes materias: promoción económica, emprego e servizos sociais; turismo e promoción cultural; mobilidade e transporte público de viaxeiros; medio ambiente, augas e xestión de residuos; prevención e extinción de incendios; protección civil e salvamento; ordenación territorial e cooperación urbanística; e coordinación nas tecnoloxías da información e da comunicación. Asemade, indica que xunto ás mesmas poderá exercer aquelas competencias cuxa titularidade lle poda ser transferida e aquelas outras que lle

sexan delegadas por outras administracións.

No caso específico da ordenación territorial e cooperación urbanística, o principal instrumento é o plan territorial integrado metropolitano (PTIM), que se sitúa como segundo nivel de ordenación territorial por debaixo das DOT. A súa misión é a organización do territorio metropolitano de cara a un desenvolvemento sostible e equilibrado dos concellos integrantes. Salienta a creación da Comisión de Ordenación do Territorio e Urbanismo como órgano de composición paritaria (Xunta de Galicia-Área Metropolitana de Vigo), que terá de aprobar o devandito PTIM e será o marco para a futu-

Estado do planemento urbanístico vixente a 26 de decembro de 2012

	Figura	Data de aprobación	Observacións
Mondariz	Plan de Ordenación do Medio Rural	26/02/1999	
Mondariz-Balneario	Plan de Ordenación do Medio Rural	17/01/2001	
Neves, As	Plan Xeral de Ordenación Municipal	13/11/1999	
Ponteareas	Suspendido		Decreto 207/2002 do 20 de xuño (DOG 21/6/2002), Decreto 108/2004 do 29 de xuño (DOG 2/8/2004), Decreto 319/2004 do 29 de marzo (DOG 17/1/2005), e Decreto 267/2007 do 28 de decembro (DOG 29/1/2008), polos que se suspenden as Normas Subsidiarias de Planeamento do 11/05/1995
Salvaterra de Miño	Normas Subsidiarias de Planeamento	12/06/1993	
Cangas	Normas Subsidiarias de Planeamento	20/12/1993	
Moaña	Plan Xeral de Ordenación Municipal	13/07/2011	Aprobación definitiva parcial
Vilaboa	Normas Subsidiarias de Planeamento	02/01/1988	
Balona	Plan Xeral de Ordenación Urbana	30/05/1994	Afectado parcialmente por sentenza 356/1997 do TSXG do 24/05/1997, anulando o apartado 4.4-5 das ordenanzas reguladoras
Fornelos de Montes	Plan Xeral de Ordenación Municipal	27/06/2003	
Gondomar			PXOM do 09/08/1997 anulado por sentenza do 15/11/2001 do TSXG, que acadou firmeza en casación por sentenza do TS do 22/02/2005. Posterior sentenza do TSXG do 24/04/2008, firme en casación ante o TS, que anula acordo plenario do 10/05/2005.
Mos	Normas Subsidiarias de Planeamento	23/01/1992	
Nigrán	Normas Subsidiarias de Planeamento	16/05/1991	
Pazos de Borbén	Normas Subsidiarias de Planeamento	12/03/1993	
Porriño, O	Plan Xeral de Ordenación Municipal	26/06/2003	
Redondela	Normas Subsidiarias de Planeamento	06/11/1987	
Salceda de Caselas	Normas Subsidiarias de Planeamento	28/02/1997	
Soutomaior	Normas Subsidiarias de Planeamento	14/11/1989	
Vigo	Plan Xeral de Ordenación Municipal	16/05/2008	Aprobación definitiva parcial
		13/07/2009	Aprobación definitiva

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

■ 2.1.5.

ra aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos distintos concellos integrantes e dos plans e proxectos sectoriais.

Un último aspecto a mencionar é o que fai referencia ao financiamento da Área Metropolitana. O texto establece unha listaxe dos posibles recursos, entre os cales destacan as achegas dos municipios integrados na área, que, cando menos, deberán cubrir o sistema xeral de financiamento da Área Metropolitana de Vigo, sen prexuízo do número de competencias que se deleguen, diferenciando así o financiamento da estrutura xeral do financiamento dos servizos concretos que poidan ser prestados pola área metropolitana.

As dificultades para o desenvolvemento da área metropolitana, por mor da oposición

do Concello de Vigo, teñen como consecuencia a ausencia dun modelo compartido de área ou visión ordenada do que se quere territorialmente. Con carácter xeral, e a pesar da existencia de experiencias positivas de cooperación entre diferentes axentes económicos e sociais da área, e mesmo entre concellos (compre salientar como exemplo de boas prácticas a cooperación entre os tres concellos do Val Miñor), apréciase unha falta de cooperación e reducida coordinación institucional/administracións, que é valorada como mala ao obter unha puntuación inferior a dous puntos sobre cinco. Por contra, como indica o devandito **cadro 2.1.2.**, a cooperación entre empresas e entre a Universidade, empresas e administración acada unha puntuación lixeiramente inferior a 3.

Por outro lado, a planificación urbanística

municipal da área territorial considerada presenta un desenvolvemento moi desigual. Particularmente, no que concerne aos Plans Xerais de Ordenación Municipal (PXOM), o **cadro 2.1.5.** amosa que, dos 19 concellos considerados, As Neves ten un plan de ordenación que data de 1999; O Porriño e Fornelos de Montes, de 2003; Vigo ten o seu plan de ordenación municipal aprobado definitivamente en 2009 e Moaña o ten cunha aprobación definitiva parcial; Mondariz e Mondariz-Balneario teñen os seus plans de ordenación aprobados en 1999 e 2001, respectivamente. Por contra, o plan está suspendido en Pontareas e en Gondomar está anulado. 

2.2.- A DEMOGRAFÍA

Na área de influencia de Vigo, segundo os datos do Padrón Municipal de habitantes correspondentes ao 1 de xaneiro de 2012, están empadroados un total de 520.463 persoas, dos que o 57,1% residen no concello de Vigo. Tendo en conta que Vigo é a cidade máis poboada de Galicia, o ámbito xeográfico analizado acolle o 54,3% dos habitantes da provincia de Pontevedra e o 18,7% das persoas empadroadas en Galicia.

O carácter costeiro da área de influencia e a inclusión da cidade de Vigo explican a elevada densidade no conxunto dos 19 concellos considerados, que se sitúa en 488,9 habitantes por km². É importante salientar que catorce dos dezanove concellos considerados presentan unha densidade superior á media galega (94,0 habitantes/km²) e en once se sitúa por riba da media da provincia de Pontevedra (213,2 habitantes/km²). Entre todos estes concellos salienta Vigo, con 2.725,5 habitantes

por quilómetro cadrado, seguido de Cangas, Redondela e Moaña, con 684,7, 576,1 e 549,6 habitantes/km², respectivamente.

Entre os anos 1998 e 2012, a medra da poboación de Vigo e a súa área de influencia superou as 41.000 persoas, o que supón unha taxa de crecemento do 8,6%. Comparado coa evolución rexistrada en Galicia e no conxunto da provincia de Pontevedra, cómpre salientar que esta medra porcentual é 6,6 puntos superior á rexistrada na Comunidade Autónoma e se sitúa case tres puntos por riba da media provincial.

O devandito crecemento do conxunto da área de Vigo non é homoxéneo, rexistrándose importantes diferenzas entre uns concellos e outros. Dunha banda, salientan as taxas de crecemento experimentadas en Salceda de Caselas, cun 47% entre os dous anos considerados, Soutomaior e Ponteareas, cunha medra superior ao 36,5%, ou en Gondomar, con case un 25%. Doutra, os

Territorio e poboación empadroadada 1998-2012: distribución segundo concellos

	Superficie (km ²)	Poboación				2012 / 1998	
		1998 Habitantes	Densidade (Hab./km ²)	2012 Habitantes	Densidade (Hab./km ²)	Habitantes	%
Galicia	29.574,4	2.724.544	92,1	2.778.913	94,0	54.369	2,0
Pontevedra	4.494,5	906.298	201,6	958.428	213,2	52.130	5,8
Área influencia de Vigo	1.064,5	479.183	450,1	520.463	488,9	41.280	8,6
Mondariz	85,1	5.915	69,5	4.841	56,9	-1.074	-18,2
Mondariz-Balneario	2,3	635	276,1	690	300,0	55	8,7
Neves, As	65,5	5.027	76,7	4.300	65,6	-727	-14,5
Ponteareas	125,6	17.136	136,4	23.409	186,4	6.273	36,6
Salvaterra de Miño	62,5	8.589	137,4	9.667	154,7	1.078	12,6
Cangas	38,1	23.235	609,8	26.087	684,7	2.852	12,3
Moaña	35,1	17.673	503,5	19.291	549,6	1.618	9,2
Vilaboa	36,9	5.731	155,3	5.965	161,7	234	4,1
Baiona	34,5	10.443	302,7	12.063	349,7	1.620	15,5
Fornelos de Montes	83,1	2.343	28,2	1.906	22,9	-437	-18,7
Gondomar	74,5	11.190	150,2	13.954	187,3	2.764	24,7
Mos	53,2	13.704	257,6	15.267	287,0	1.563	11,4
Nigrán	34,8	15.422	443,2	17.840	512,6	2.418	15,7
Pazos de Borbén	50,0	3.202	64,0	3.170	63,4	-32	-1,0
Porriño, O	61,2	15.812	258,4	18.543	303,0	2.731	17,3
Redondela	52,1	28.768	552,2	30.015	576,1	1.247	4,3
Salceda de Caselas	35,9	6.009	167,4	8.835	246,1	2.826	47,0
Soutomaior	25,0	5.239	209,6	7.265	290,6	2.026	38,7
Vigo	109,1	283.110	2.595,0	297.355	2.725,5	14.245	5,0

Fonte: IGE

■ 2.2.1.

concellos de Fornelos de Montes e Mondariz presentan unha caída superior ao 18%, descendendo máis dun 14% en As Neves e permanecendo practicamente estable o número de persoas empadroadas no concello de Pazos de Borbén.

En termos absolutos, xunto ao crecemento da cidade de Vigo, que é o concello galego que máis medra entre os dous anos considerados (14.245 persoas), cómpre salientar o crecemento de Ponteareas, con 6.273 habitantes máis entre 1998 e 2012, por diante de Cangas, Gondomar, Salceda de Caselas, O Porriño e Nigrán, cunha medra superior ás 2.400 persoas. A devandita evolución dos concellos da área de Vigo explícase, en gran parte, polo elevado prezo da vivenda no concello de Vigo, onde o prezo medio da vivenda libre de ata dous anos de antigüidade no ano 2012 se sitúa nos 1.541,70 euros por metro cadrado (1.363,40 €/m² no conxunto de Galicia), o que a coloca como a terceira cidade galega con máis de

25.000 habitantes co prezo medio máis elevado, por detrás de A Coruña e Santiago de Compostela.

No que atinxe á situación do **movemento natural da poboación**, os indicadores demográficos reflicten no conxunto dos 19 concellos analizados un comportamento máis positivo que o rexistrado en Galicia e na provincia de Pontevedra. Dunha banda, e a diferenza do que acontece en Galicia, onde o saldo vexetativo, entendido como a diferenza entre os nacementos e as defuncións, é negativo ao longo de toda a serie recollida no **cadro 2.2.3.**, ou a nivel provincial, cun saldo negativo en doce dos catorce anos considerados, Vigo e a súa área de influencia presenta sempre, agás no ano 2012, un saldo vexetativo positivo.

Deste xeito, a taxa bruta de natalidade de Vigo e a súa área de influencia mantense sempre por riba da rexistrada para o conxunto de Galicia e da provincia de Pontevedra, namentres que o número de falece-

Indicadores demográficos dos movementos naturais de poboación 1998-2012: distribución segundo concellos

	Nacementos	Defuncións	Saldo vexetativo	Incremento de poboación
Galicia	311.010	440.210	-129.200	54.369
Pontevedra	120.844	125.835	-4.991	52.130
Área influencia de Vigo	67.396	62.502	4.894	41.280
Mondariz	430	951	-521	-1.074
Mondariz-Balneario	82	95	-13	55
Neves, As	418	959	-541	-727
Ponteareas	3.388	2.561	827	6.273
Salvterra de Miño	1.023	1.481	-458	1.078
Cangas	3.471	2.986	485	2.852
Moaña	2.545	2.205	340	1.618
Vilaboa	703	968	-265	234
Baiona	1.563	1.259	304	1.620
Fornelos de Montes	177	348	-171	-437
Gondomar	1.863	1.523	340	2.764
Mos	1.918	1.837	81	1.563
Nigrán	2.240	1.996	244	2.418
Pazos de Borbén	380	599	-219	-32
Porriño, O	2.537	1.751	786	2.731
Redondela	3.834	3.609	225	1.247
Salceda de Caselas	1.237	833	404	2.826
Soutomaior	1.054	755	299	2.026
Vigo	38.533	35.786	2.747	14.245

Fonte: IGE

2.2.2.

mentos por cada mil habitantes é sempre inferior á media galega e pontevedresa. O **cadro 2.2.3.** reflicte que en 2011 a taxa bruta de natalidade nos 19 concellos analizados foi de case 9 nacementos por cada mil habitantes e que a taxa bruta de mortalidade situouse en 8,2 falecementos por cada mil habitantes.

A análise dos devanditos indicadores a nivel municipal amosa importantes diferenzas entre uns concellos e outros. Así, dende un punto de vista positivo cómpre salientar que a diferenza do conxunto da comunidade autónoma, O Porriño e Baiona presentan sempre un saldo vexetativo positivo. Ao mesmo tempo, cómpre salientar que Ponteareas o presenta todos os anos agás en 1998 e que o concello de Vigo presenta un saldo negativo no ano 2012.


Pola contra, os datos do IGE reflicten que Fornelos de Montes, Vilaboa, As Neves e Mondariz presentan sempre saldos vexetativos negativos, rexistrando estes dous últimos concellos taxas de natalidade sempre

inferiores á media galega (Fornelos de Montes tan só presenta mellor dato en 1998). Asemade, nos municipios de As Neves, Salvterra e Pazos de Borbén a ratio falecementos por cada mil habitantes é sempre máis elevada que a media galega.

Se ben os saldos vexetativos en Vigo e a súa área de influencia teñen sido positivos (agás 2012), estes non son suficientes para explicar o crecemento da poboación entre os anos 1998 e 2012. Tal e como se reflicte no devandito **cadro 2.2.2.**, nese período de tempo a poboación empadroada medrou en 41.280 habitantes, mentres que o aumento natural da poboación, isto é, a diferenza entre o número de nacementos e o de falecementos, foi de 4.894 persoas, o que representa o 11,9%.

A diferenza entre ambas as dúas cifras explícase polos movementos migratorios, tanto interiores, entre concellos de Galicia, como exteriores, ben entre concellos españois doutras comunidades autónomas ou ben as relacións co estranxeiro. Os datos do IGE

Saldo vexetativo e taxas brutas de natalidade e mortalidade 1998-2011



Fonte: IGE

Movements migratorios 1998-2011

	Inmigracións			Vigo e a súa área de influencia		
	Galicia					
	doutra provincia galega	doutra Comunidade Autónoma	do estranxeiro	doutra provincia galega	doutra Comunidade Autónoma	do estranxeiro
1998-2010	142.537	244.386	227.735	23.547	40.817	46.344
1998	7.529	10.595	6.850	1.293	1.536	1.148
1999	8.148	10.742	8.506	1.416	1.740	1.563
2000	8.226	11.628	12.547	1.358	1.887	2.635
2001	8.050	11.799	11.395	1.317	1.933	2.792
2002	9.335	15.032	18.186	1.482	2.638	4.250
2003	10.580	16.670	17.053	1.665	2.716	3.987
2004	10.409	18.331	19.366	1.718	3.125	4.094
2005	10.371	19.602	19.833	1.764	3.479	4.323
2006	11.550	19.934	22.948	1.837	3.384	4.924
2007	11.688	21.386	26.386	1.888	3.630	5.087
2008	10.781	22.561	22.165	1.888	3.812	4.233
2009	11.368	23.654	15.135	1.936	4.082	2.599
2010	12.288	21.611	13.878	1.980	3.513	2.363
2011	12.214	20.841	13.487	2.005	3.342	2.346

	Emigracións (1)			Vigo e a súa área de influencia		
	Galicia					
	cara outra provincia galega	cara outra Comunidade Autónoma	cara ó estranxeiro	cara outra provincia galega	cara outra Comunidade Autónoma	cara ó estranxeiro
1998-2010	142.537	264.582	56.635	21.156	46.912	10.257
1998	7.529	14.169	..	1.147	2.289	..
1999	8.148	15.880	..	1.241	2.578	..
2000	8.226	17.281	..	1.120	2.877	..
2001	8.050	16.028	..	1.150	2.751	..
2002	9.335	18.684	4.193	1.451	3.371	643
2003	10.580	20.297	2.251	1.647	3.704	168
2004	10.409	20.208	2.437	1.489	3.800	407
2005	10.371	19.509	3.081	1.463	3.670	536
2006	11.550	21.372	3.909	1.793	4.001	578
2007	11.688	22.722	5.467	1.699	4.284	1.086
2008	10.781	19.481	7.435	1.537	3.366	1.441
2009	11.368	18.716	9.375	1.764	3.347	1.595
2010	12.288	19.672	9.170	1.832	3.394	1.837
2011	12.214	20.563	9.317	1.823	3.480	1.966

(1) na emigración externa, nos anos anteriores ao 2002, non se inclúe a emigración ao estranxeiro. A partir do ano 2006, na emigración ao estranxeiro inclúense as baixas por caducidade.

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE

2.2.4.

recollidos no **cadro 2.2.4.** reflicten que entre os anos 1998 e 2011 o número de persoas que emigrou dos concellos que compoñen Vigo e a súa área de influencia cara ás outras provincias galegas, ao resto de España ou ao estranxeiro ascendeu a 78.325 persoas, en tanto que chegaron procedentes deses territorios un total de 110.708 persoas.


Comparado co acontecido no conxunto da comunidade autónoma, a emigración externa dos empadroados nos concellos analizados é superior. En termos porcentuais, o 26,7% das emigracións foi cara ao resto das CC.AA. (23,1% en Galicia) e un

5,8% foi cara ao estranxeiro (6,5% en Galicia). No caso das inmigracións acontece algo similar, tendo en conta que a porcentaxe de persoas procedentes do estranxeiro foi do 22,5%, máis de catro puntos por riba do total de Galicia.



A partir do ano 2007 prodúcese unha importante medra das emigracións cara ao estranxeiro, así como un importante descenso das inmigracións. No ano 2011, o volume de inmigracións procedentes do estranxeiro en Vigo e a súa área de influencia é un 53,9% inferior ao rexistrado no ano 2007, en tanto que as saídas cara ao estranxeiro son un 81,0% superiores ás de

Movementos migratorios 1998-2011: distribución segundo a súa orixe e destino

Emigracións



Inmigracións



Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE

2007. No conxunto de Galicia, estas porcentaxes son do 47,5% e o 70,4%, respectivamente.

ESTRUTURA DA POBOACIÓN

A estrutura poboacional de Vigo e a súa área de influencia considerada no seu conxunto presenta, ao igual que a galega e á da provincia de Pontevedra, unha maior presenza de mulleres, que representan nos tres casos unha porcentaxe lixeiramente inferior ao 52% ao longo de todos os anos analizados. Non obstante, fronte a este predominio da

poboación feminina, nos concellos de Salceda de Caselas e Salvaterra do Miño o número de homes empadroados a 1 de xaneiro de 2012 é superior ao de mulleres.

Ao longo dos catorce anos considerados, tanto a comunidade autónoma, como a provincia de Pontevedra e o conxunto do territorio obxecto de estudo presentan un paulatino proceso de envellecemento, se ben ao longo dos últimos anos a poboación infantil experimenta certo repunte. A pesar desta tendencia similar, a poboación de Vigo e a súa área de influencia é moito

Indicadores da estrutura da poboación 1998 e 2012 ⁽¹⁾

	1998			2012		
	Galicia	Pontevedra	Vigo e a súa área de influencia	Galicia	Pontevedra	Vigo e a súa área de influencia
Índice de dependencia global	47,7	43,7	40,5	52,9	48,7	46,6
Índice de dependencia xuvenil	19,2	20,8	20,2	18,0	19,5	19,5
Índice de dependencia senil	28,5	22,9	20,2	35,0	29,3	27,0
Índice de envellecemento	94,7	70,2	63,7	145,1	112,6	104,2
Índice de sobreenvellecemento	11,3	10,7	9,9	15,2	14,1	13,3
% poboación menor 10 anos	7,7	8,7	8,6	8,0	8,9	9,2
% poboación maior 64 anos	19,3	15,9	14,4	22,9	19,7	18,4
% poboación maior 84 anos	2,2	1,7	1,4	3,5	2,8	2,5
% poboación activa	67,7	69,6	71,2	65,4	67,2	68,2
Índice estrutura poboación activa	81,0	73,7	72,8	113,0	105,6	106,4

(1) índice de dependencia global: relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

índice de dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova (poboación menor de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

índice de dependencia senil: relación entre a poboación maior (poboación maior de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);


índice de envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos;

índice de sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos;

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE

2.2.6.

Poboación maior de 65 anos e menor de 10 anos en Galicia, Vigo e a súa área de influencia, Salceda de Caselas e Mondariz a 1 de xaneiro de 2012




Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE

máis nova que a galega e pontevedresa, como indica o feito de que no ano 2012 o 18,4% das persoas empadroadas nos concellos da área de Vigo tiñan 65 ou máis anos (2,5% tiñan 85 ou máis) e a poboación menor de dez anos supuña o 9,2%, mentres que en Galicia estas porcentaxes


eran do 22,9% e 8%, respectivamente. A porcentaxe de persoas cunha idade superior aos 65 anos é máis elevada no caso das mulleres, ao contrario do acontecido no caso da poboación menor de 10 anos, onde o peso relativo dos homes é superior ao das mulleres.

Pirámides de poboación 1998 e 2012

Vigo e a súa área de influencia



Galicia



Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE

A análise dos datos a nivel municipal amosa a devandita heteroxeneidade entre uns concellos e outros. Dunha banda, cómpre salientar tanto o elevado peso relativo da poboación maior de 65 anos nos concellos de Fornelos de Montes, Mondariz e As Neves, cunha porcentaxe superior ao 29% nos dous primeiros casos e de case o 28% no terceiro, como o da poboación maior de


85 anos en Mondariz (4,9%) e Fornelos de Montes e Vilaboa (4,4%). Doutra banda, o 12,5% da poboación de Salceda de Caselas presenta unha idade inferior a 10 anos, sendo esta porcentaxe superior ao 11% en Soutomaior e Pontearreas.

O **cadro 2.2.7.** amosa a disparidade existente entre os concellos de Salceda de

Poboación estranxeira empadroada a 1 de xaneiro de 2012


Vigo e a súa área de influencia

(poboación estranxeira = 24.959 persoas)



Galicia

(poboación estranxeira = 112.183 persoas)



Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE

2.2.9.

Caselas e Mondariz e a súa comparación co conxunto de Galicia e Vigo e a súa área de influencia. Mentres que Mondariz ten o maior peso relativo de persoas maiores de 65 anos e o menor en canto a poboación con menos de dez anos, Salceda de Caselas presenta o maior peso relativo de persoas cunha idade inferior aos 10 anos e o menor no caso das persoas maiores de 65 anos.

Na área de influencia de Vigo o índice de dependencia global, entendido como a relación entre a poboación potencialmente dependente e a poboación potencialmente activa, e a pesares do seu incremento entre

1998 e 2012, mantense todos os anos por baixo do valor rexistrado para Galicia e na provincia de Pontevedra. En consonancia co recollido en parágrafos anteriores, os datos do devandito **cadro 2.2.6.** reflicten o menor índice de envellecemento e sobreenvellecemento respecto ao conxunto de Galicia, así como un índice de dependencia xuvenil máis elevado.

Graficamente, as pirámides de poboación amosan como aumenta a súa base e o seu centro de gravidade vai ascendendo para situarse na franxa de 35 a 39 anos, fronte á de 20-24 anos de 1998. Non obstante, comparando as pirámides poboacionais de

2012 e 1998 se observa o devandito repunte, xa que a base é máis estreita en 1998.

Un último aspecto a ter en conta é o que atinxe ao empadramento de persoas de nacionalidade estranxeira. No ano 2012, a poboación estranxeira empadroada en Vigo e a súa área de influencia ascendía a case 25.000 persoas, máis de seis veces superior á empadroada no ano 1998, o que representa o 4,8% da poboación empadroada a 1 de xaneiro de 2012. Esta porcentaxe sitúase por riba do peso relativo da poboación estranxeira en Galicia, onde representa o 4,1%, aínda que está moi lonxe do rexistrado no conxunto do Estado, onde supera o 12%.

Ao igual que no conxunto de Galicia, Portugal é o principal país de orixe das persoas estranxeiras empadroadas en Vigo e a súa área, por diante de Brasil e Romanía. Tal e como se desprende do **cadro 2.2.9.**, estes tres países concentran en conxunto máis do 39% do estranxeiros empadroados, seguíndolle en importancia no ano 2012 os procedentes de Colombia, Marrocos, Uruguai e Arxentina. 

2.3.- CONTEXTO ECONÓMICO-FINANCIERO

Unha vez analizada a evolución demográfica e antes de estudio das principais características do mercado de traballo, o obxectivo deste capítulo é facer, dun xeito resumido, unha breve referencia ao contexto socioeconómico no que se desenvolve a economía de Vigo e a súa área de influencia. Para iso, en primeiro lugar preséntanse unha análise do contexto macroeconómico xeral de Galicia e España, así como os índices comparativos da importancia económica nos 19 concellos analizados. A continuación analízase a débeda viva deses concellos, tanto en termos absolutos como relativos, e finalmente, faise mención á situación económica dos fogares e á taxa de risco de pobreza e exclusión social.

CONTEXTO MACROECONÓMICO XERAL


Ao longo dos últimos anos, a comunidade autónoma galega presenta, con carácter xeral, un comportamento mellor que o

rexistrado no conxunto do Estado. Segundo os datos do INE, entre os anos 2008 e 2012 o produto interior bruto en termos reais da economía galega descendeu a un ritmo medio anual do 1,1%, sendo esta porcentaxe dúas décimas inferior á media española. Nas CC.AA. de Canarias esta caída foi do 0,8%, en Madrid, País Vasco e Castela e León do 0,9%, e en Baleares e Cataluña, do 1,0%.

Atendendo á súa evolución trimestral, o **cadro 2.3.1.** amosa que no actual contexto de crise económica, a actividade produtiva galega presenta un comportamento mellor que o estatal ao longo de toda a serie considerada agás no cuarto trimestre de 2010 e nos tres primeiros de 2011.

No que fai á análise da **evolución do PIB dende o lado da oferta**, os datos do cadro macroeconómico da economía galega e española reflecten, **cadro 2.3.2.**, que en Galicia o impacto da crise económica foi

Evolución trimestral do PIB real 2008-2012



(1) taxas de variación interanuais; datos corrixidos de estacionalidade e calendario
Fonte: IGE e INE

2.3.1.

máis acusado no sector da industria –en maior medida na industria manufactureira– e na construción. No conxunto do Estado, a contracción experimentada polo sector da construción foi moito máis acusada que na economía galega, sendo menor no caso da industria, xa que a produción da industria manufactureira en España medra nos anos 2010 e 2011 en relación ao ano anterior. Os datos correspondentes á actividade dos servizos reflicten que Galicia tan só presenta un comportamento mellor que o de España no ano 2010, dado o impacto do ano Xacobeo.

No que á actividade produtiva da economía galega se refire, no último ano todos os sectores presentan en Galicia reducións interanuais do seu valor engadido bruto. Ao igual que acontece en España, o sector da construción foi o que presentou as taxas de crecemento negativas máis elevadas, cun -4,6%, por diante das ramas industriais, -1,3% en relación ao ano anterior (no ano 2009 caera un 10,6%). O sector terciario presenta no ano 2012 unha taxa negativa

de variación do seu valor engadido de medio punto porcentual.

No conxunto do Estado, o valor engadido de todas as ramas produtivas rexistrou unha evolución negativa no ano 2012. O sector primario e o da construción acusan as caídas máis intensas, cun 10,9% e un 8,6%, respectivamente, seguidos polo descenso do VEB no conxunto das ramas industriais, que rompen coa tendencia iniciada en 2010 e reflicten unha taxa de variación negativa do 0,5% (-1,1% no caso concreto da industria manufactureira). O sector servizos experimenta no último ano un descenso do 0,3%, caída similar ás actividades de comercio, transporte e hostalería.

Dende o punto de vista da **demanda**, a contracción da demanda interna en Galicia no ano 2012 é inferior á media estatal, mentres que a achega positiva do sector exterior ao PIB no caso das taxas de variación é lixeiramente inferior. O proceso de

PIB 2009-12: distribución segundo as súas compoñentes ⁽¹⁾

	Galicia				España			
	2009	2010	2011	2012	2009	2010	2011	2012
	(taxas de variación interanuais)							
Gasto en consumo final	-0,4	-1,1	-1,6	-2,8	-1,9	0,9	-1,0	-3,3
Gasto dos fogares e ISFLSF	-1,7	-1,5	-1,7	-2,6	-3,8	0,7	-1,2	-2,8
Gasto das AA.PP.	3,5	0,2	-1,2	-3,3	3,8	1,5	-0,5	-4,8
Formación bruta de capital fixo	-22,1	-7,2	-18,2	-5,0	-17,9	-6,2	-5,4	-7,0
Exportacións de bens e servizos	-8,3	5,2	2,7	-4,8	-9,8	11,3	7,6	2,1
Importacións de bens e servizos	-12,1	-0,2	-6,4	-8,8	-16,8	9,3	-0,1	-5,7
PIB a prezos de mercado	-3,4	0,0	-0,5	-0,9	-3,7	-0,3	0,1	-1,6
Ramas agraria e pesqueira	-4,7	3,2	4,0	-0,1	-3,2	2,0	5,6	-10,9
Ramas industriais	-10,6	-1,3	-2,8	-1,3	-12,1	4,3	2,7	-0,5
Industria manufacturera	-14,4	-3,0	-3,1	-2,5	-13,1	4,0	1,3	-1,1
Construción	-4,9	-8,5	-6,7	-4,6	-7,8	-14,3	-9,0	-8,6
Ramas dos servizos	-0,9	2,2	0,4	-0,5	-0,6	1,2	1,4	-0,3
Comercio	-6,8	5,8	0,7	-1,6	-1,9	1,6	1,4	-0,3
Impostos netos sobre os produtos	-2,3	-1,1	3,2	0,7	-5,4	0,1	-6,1	-4,9

(1) datos corregidos de estacionalidade e calendario
Fonte: IGE e INE

■ 2.3.2.

contención do gasto das administracións públicas e o aumento do pesimismo do consumidor galego fai que o consumo final diminúa en Galicia en relación ao ano anterior nun 2,8%, sendo esta caída do 3,3%, (-1,2% de redución no ano 2011) no caso do gasto en consumo final das Administracións Públicas e do 2,6% (-1,7% no ano 2011) no dos fogares. A formación bruta de capital experimentou no ano 2012 unha contracción do 5%, trece puntos menos que no ano anterior, rexistrando o descenso do investimento no conxunto do Estado unha maior intensidade, con caídas superiores ao 10% no segundo semestre do ano 2012.

No que ao sector exterior se refire, as importacións reducíronse, en termos reais, un 8,8% no ano 2012 respecto ao importe do ano anterior e as exportacións o fixeron nun 4,8%. En termos monetarios, por mor do descenso do valor das exportacións cara ao resto do mundo e o incremento do valor das compras a terceiros países, no último ano cambia o peso relativo das relacións comerciais galegas. No último ano as compras ao resto do Estado representan o

48,7% das importacións totais de Galicia cando no ano anterior esta porcentaxe era do 52,9%.

O saldo da balanza comercial galega co resto de España segue sendo negativo, se ben se reduce de xeito moi significativo, pasando de 3.529,6 millóns de euros no ano 2011 a 1.580,6 millóns no ano 2012. No caso das relacións comerciais con terceiros países, este saldo é positivo, rexistrándose unha tendencia similar (2.794,7 millóns de euros en 2011 fronte aos 1.650,5 millóns de 2012).

No que á actividade produtiva da economía pontevedresa se refire, o **cadro 2.3.3.** amosa como o PIB a prezos correntes rexistra un comportamento peor que a economía galega e española nos anos 2009 e 2010 (último dato dispoñible) ao rexistrarse unha caída do 4,8% e 0,6%, respectivamente. Tendo en conta os graves problemas polos que atravesaron nos dous últimos anos os sectores da automoción e do naval e as dificultades do sector pesqueiro, así como a forte caída das exportacións, é de esperar que os datos correspondentes

Evolución do PIB a prezos de mercado 2009-13: taxas anuais de crecemento



Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos INE

2.3.3.

aos 2011 e 2012 amosen unha agudización do período de recesión.

• PIB per capita

Como reflicte o **cadro 2.3.4.**, o PIB por habitante en Galicia presenta un crecemento medio anual de $-0,5\%$ ente os anos 2008 e 2012, en tanto que en España esta caída foi do $1,1\%$. Todas as comunidades autónomas españolas presentan un descenso deste indicador, sendo tan só o rexistrado no País Vasco, con $-0,1\%$, e en Castela e León e Cataluña, con $-0,3\%$, menor que en Galicia. Este maior diferencial ente unha e outra porcentaxe ven explicado non só por unha menor caída do PIB senón

tamén pola evolución da poboación tal e como se reflicte no capítulo anterior.

A evolución seguida por estas dúas últimas variables favorece o proceso de converxencia da economía galega e pontevedresa á media española e europea. Tal e como se observa no **cadro 2.3.5.**, a converxencia coa Unión Europea prodúcese ata o ano 2008, en tanto que nos dous últimos anos, se produce un proceso de diverxencia coa media europea, de xeito que no ano 2010 (último dato dispoñible) o PIB per cápita da provincia de Pontevedra representaba o 87% da media dos países da UE-27, porcentaxe similar ao de 2006. No que atinxe á converxencia coa media española, este

Evolución do PIB e dos prezos 2009-2012

	2009	2010	2011	2012
	(taxas de variación interanual)			
PIB real (base 2008)				
Galicia	-3,4	0,0	-0,5	-0,9
España	-3,7	-0,3	0,1	-1,6
PIB per capita				
Galicia	-3,2	0,9	0,9	-0,4
España	-4,4	-0,2	1,3	-1,2
Pontevedra	-5,0	-0,9		
Índice Prezos Consumo (1) (base 2011)				
Galicia	0,9	3,1	2,5	2,6
España	0,8	3,0	2,4	2,9
Pontevedra	0,9	3,1	2,4	2,6
Índice Prezos Industriais (2) (base 2010)				
Galicia	1,2	6,1	4,1	1,4
España	0,4	6,3	5,0	3,3


(1) taxa media de variación anual

(2) taxa de variación anual correspondente ao mes de decembro

Fonte: IGE e INE

2.3.4.

Proceso de converxencia da economía da provincia de Pontevedra con España e UE-27 2000-10



Fonte: Eurostat

proceso se frena nos dous últimos anos, se ben a porcentaxe mantense un punto porcentual por baixo do rexistrado en 2008.

● Inflación

A tendencia descendente da inflación galega no segundo semestre do ano 2011, continúa no ano 2012, fundamentalmente no primeiro semestre, acadándose un lixeiro repunte no segundo semestre do ano, con taxas do 3,3% nos meses de setembro e outubro (as máis elevadas do ano). A taxa

media de variación interanual en Galicia ascende en 2012 ata o 2,4%, mesma taxa que no conxunto do Estado, cando no ano precedente o IPC medio anual foi do 3,4% (3,2% en España). No conxunto dos países da zona euro a media anual do IPC situouse no 2,5%.

Os axentes máis inflacionistas no ano 2012, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, corresponden a bebidas alcohólicas e tabaco, vivenda e transporte; aínda que nos tres casos, con taxas de variación

Índices máis representativos da actividade económica

		Galicia	Pontevedra	Vigo e a súa área de influencia	Pontevedra	Vigo e a súa área de influencia
				(España = 100.000)		(Galicia = 100)
Cota de mercado	2005	6.165	2.059	1.116	33,4	18,1
	2011	5.903	1.989	1.086	33,7	18,4
Índice industrial		6.032	1.696	996	28,1	16,5
Índice comercial		5.888	2.022	1.286	34,3	21,8
Índice comercial por xunto		6.033	2.201	1.491	36,5	24,7
Índice comercial polo miúdo	2010	5.776	1.883	1.129	32,6	19,5
Índice restauración e bares		6.031	1.916	1.139	31,8	18,9
Índice turístico		2.566	912	424	35,5	16,5
Índice de actividade económica	2005	5.227	1.720	1.069	32,9	20,5
	2010	5.210	1.619	988	31,1	19,0

Fonte: La Caixa

■ 2.3.6.

inferiores ás rexistradas no ano anterior. Na comunidade galega, o incremento medio dos prezos dos produtos de bebidas alcohólicas e tabaco foi do 5,5% (5,9% de media en España), en tanto que no caso da vivenda e do transporte estas porcentaxes foron do 5,9% e 4%, respectivamente (5,1% e 4,8% en España). Pola contra, as comunicacións, vestido e calzado e ocio e cultura son os menos inflacionistas, con procesos de deflación no caso das comunicacións tanto en Galicia como en España. A inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) presentou en 2012 unha tendencia á contención, con saltos entre taxas de variación positivas e negativas, cunha taxa media de crecemento similar en Galicia e en España.

No concernente a outros indicadores de prezos, a taxa de variación interanual do índice xeral de prezos industriais (IPI) correspondente ao mes de decembro de 2012 rexistrou en Galicia unha subida do 1,4%, case dous puntos porcentuais inferior á rexistrada no conxunto do Estado (3,3%). O incremento no índice de prezos é xeneralizado en todos os tipos de bens, agás nos bens de consumo duradeiro (-2,3%), experimentándose o incremento

máis acusado nos bens intermedios, cunha medra do 2,8% (2,1% no ano anterior).

ÍNDICES COMPARATIVOS DA IMPORTANCIA ECONÓMICA

Os dous índices máis representativos da actividade económica no seu conxunto, a cota de mercado, que expresa a capacidade de consumo dun territorio, e o índice de actividade económica, que indica a participación da actividade económica, reflicten, respectivamente, o lixeiro incremento da capacidade de consumo do conxunto dos concellos analizados e a perda relativa da actividade produtiva de Vigo e a súa área de influencia en relación ao total galego.

O **cadro 2.3.6.** amosa que o índice de actividade económica de Galicia, obtido en función do imposto correspondente ao total de actividades económicas empresariais e profesionais, representaba en 2010 (último dato dispoñible) o 19,0% do total galego, sendo esta porcentaxe case punto e medio inferior ao de 2005. No que atinxe á cota de mercado, esta se sitúa no 18,4% do total galego, tres décimas máis que no ano 2005.

Atendendo aos diferentes índices secto-

Concellos máis importantes segundo o valor dos índices comparativos de actividade económica

	Cota de mercado	Índice industrial	Índice comercial	Índice comercial por xunto	Índice comercial polo miúdo	Índice restauración e bares	Índice turístico	Índice de actividade económica
1	Vigo	Vigo	Vigo	Vigo	A Coruña	A Coruña	Santiago de Compostela	A Coruña
2	A Coruña	A Coruña	A Coruña	A Coruña	Vigo	Vigo	A Coruña	Vigo
3	Santiago de Compostela	As Pontes de García Rodríguez	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	Ourense	Vigo	Santiago de Compostela
4	Ourense	Xove	Ourense	Lugo	Ourense	Santiago de Compostela	Sanxenxo	Ourense
5	Lugo	O Porriño	Lugo	Ourense	Lugo	Lugo	Lugo	Lugo
6	Pontevedra	Santiago de Compostela	Pontevedra	Pontevedra	Pontevedra	Pontevedra	O Grove	Pontevedra
7	Ferrol	Lugo	Ferrol	Ferrol	Ferrol	Ferrol	Ourense	As Pontes de García Rodríguez
8	Vilagarcía de Arousa	Arteixo	Narón	Arteixo	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa	Ferrol	Ferrol
9	Narón	Ourense	Vilagarcía de Arousa	O Porriño	Carballo	Narón	Pontevedra	Arteixo
10	Carballo	Pontevedra	Arteixo	Narón	Lalín	Carballo	Oleiros	O Porriño
11	Oleiros	Ferrol	O Porriño	Cambre	Narón	Oleiros	Poio	Xove
12	Arteixo	Narón	Carballo	Mos	Ribeira	Arteixo	Baiona	Narón
13	Redondela	Nogueira de Ramuín	Oleiros	Redondela	Oleiros	Ribeira	A Guarda	Vilagarcía de Arousa
14	Culleredo	Manzaneda	Redondela	Vilagarcía de Arousa	Tui	Culleredo	Culleredo	Mos
15	Ames	San Cibrao das Viñas	Cambre	Bergondo	Monforte de Lemos	Ordes	Cangas	Lalín

Fonte: La Caixa

2.3.7.

riais, os 19 concellos considerados no seu conxunto acollen o 21,8% da actividade comercial, sendo significativo o peso do comercio por xunto, que supón case o 25% do comercio galego. Por contra, os índices máis baixos rexístranse no caso do turismo e do sector industrial.

Non obstante, cómpre matizar estas porcentaxes tendo en conta os valores representativos dos distintos concellos e a súa posición respecto ao resto dos concellos galegos. Neste senso, o concello de Vigo sitúase como o primeiro concello en canto á capacidade de consumo se refire (Redondela ocupa o décimo terceiro posto) e o segundo en termos de actividade económica por detrás de A Coruña (O Porriño está en décimo lugar e Mos no décimo cuarto).

No que aos distintos sectores se refire, o **cadro 2.3.7.** indica que Vigo se sitúa como o concello galego co índice industrial

máis elevado ocupando O Porriño o cuarto lugar. De xeito similar, Vigo é o concello que presenta o maior índice comercial, por mor do peso do comercio por xunto, en tanto que O Porriño e Redondela sitúanse no posto 11 e 14. No que ao turismo se refire, Vigo sitúase por detrás de Santiago de Compostela e A Coruña, estando entre os quince primeiros concellos Baiona (12º) e Cangas (14º).

DÉBEDA VIVA DOS CONCELLOS

Un indicador da situación económica dos concellos ven dada pola súa débeda viva, que contempla só as débedas coas caixas e bancos relativas a créditos financeiros, valores de renda fixa e préstamos ou créditos transferidos a terceiros. Exclúese por tanto a débeda comercial.

O primeiro aspecto que hai que salientar é o seu importante crecemento experimenta-

Débeda viva dos concellos 2009-2012 ⁽¹⁾

	Débeda viva total				
	2008	2009	2010	2011	2012
	<i>(en miles de euros)</i>				
España	26.128.000	28.770.000	28.851.530	28.460.645	35.290.059
Galicia	637.019	670.257	641.523	645.640	773.456
A Coruña	287.171	312.192	300.892	293.209	325.005
Lugo	89.061	85.828	81.500	80.029	103.825
Ourense	88.540	92.439	88.463	89.540	109.671
Pontevedra	172.247	179.798	170.668	182.862	234.955
Vigo e área de influencia	65.132	70.542	67.716	79.282	115.903
Baiona	1.177	776	672	823	576
Cangas	3.852	5.068	3.726	3.209	13.356
Fornelos de Montes	-	-	-	117	117
Gondomar	1.921	1.615	1.405	1.075	2.497
Moaña	4.016	5.318	3.624	3.445	7.473
Mondariz	153	130	97	78	59
Mondariz-Balneario	-	-	-	-	-
Mos	4.372	264	4.436	3.763	11.419
Neves (As)	-	-	-	-	-
Nigrán	5.162	6.299	5.640	4.978	4.184
Pazos de Borbén	50	201	29	18	7
Porriño (O)	2.903	3.092	2.886	2.274	4.153
Ponteareas	1.736	1.596	1.504	2.222	1.823
Redondela	3.871	3.213	4.430	7.080	8.375
Salceda de Caselas	1.200	1.667	1.236	1.092	1.687
Salvaterra de Miño	2.803	2.658	2.487	2.486	3.953
Soutomaior	183	159	123	86	68
Vigo	31.176	37.662	34.803	46.004	55.737
Vilaboa	557	824	618	532	418

	Débeda viva per cápita				
	2008	2009	2010	2011	2012
	<i>(en euros)</i>				
España	566,06	615,46	613,59	603,10	746,64
Galicia	228,80	239,71	229,31	230,96	278,07
A Coruña	252,10	272,54	262,45	255,60	284,12
Lugo	250,49	241,64	230,55	227,66	297,58
Ourense	263,43	275,41	263,90	268,68	332,08
Pontevedra	180,67	187,34	177,32	189,79	245,15
Vigo e área de influencia	126,92	136,35	130,49	152,39	222,69
Baiona	98,28	64,18	55,29	67,14	47,75
Cangas	150,84	196,83	143,79	122,85	511,99
Fornelos de Montes	-	-	-	58,44	61,39
Gondomar	140,09	116,68	101,15	76,93	178,96
Moaña	214,66	279,69	188,45	178,17	387,41
Mondariz	28,72	24,72	18,65	15,35	12,19
Mondariz-Balneario	-	-	-	-	-
Mos	301,43	18,02	299,37	251,84	747,94
Neves (As)	-	-	-	-	-
Nigrán	288,88	349,54	314,93	278,43	234,53
Pazos de Borbén	15,73	63,41	9,18	5,64	2,21
Porriño (O)	169,63	176,94	160,54	125,81	223,97
Ponteareas	76,31	68,88	64,51	94,31	77,88
Redondela	128,88	107,10	147,34	235,95	279,03
Salceda de Caselas	151,17	201,11	146,31	126,02	190,91
Salvaterra de Miño	306,67	286,02	263,01	260,42	408,53
Soutomaior	27,99	23,15	17,22	11,91	9,36
Vigo	105,43	126,67	117,13	154,77	187,44
Vilaboa	93,85	137,84	103,15	88,31	70,08

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

Fonte: Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas

do ao longo dos últimos cinco anos. O conxunto dos concellos de Vigo e a súa área de influencia presentan o 31 de decembro de 2012 unha débeda viva de 115,9 millóns de euros, o que representa o 15,0% do total galego, case cinco puntos porcentuais máis que na mesma data do ano 2008.

Os datos recollidos no **cadro 2.3.8.** indican que o conxunto dos 62 concellos da provincia de Pontevedra rexistrou un crecemento superior ao 36% entre os anos 2008 e 2012, sendo esta porcentaxe moi superior ao total galego, cun 21,4%, e lixeiramente superior ao rexistrado en España (35,1%). No caso específico de Vigo e a súa área de influencia, a taxa de crecemento entre os dous anos considerados situouse no 78%, pasando dos 65,1 millóns de euros aos devanditos 115,9 millóns.

A análise a nivel municipal reflicte que Vigo se sitúa como o terceiro concello galego con maior débeda viva a 31 de decembro de 2012, con 55,7 millóns de euros, por detrás de A Coruña e Santiago de Compostela, con 79,5 e 63,8 millóns de euros, respectivamente. Sen embargo, se se ten en conta o incremento da débeda en termos absolutos, o concello galego que experimenta un maior crecemento foi Vigo, cunha medra de case 25 millóns de euros entre os anos 2008 e 2012, por diante de Ferrol, Cangas e Viveiro, con incrementos superiores aos nove millóns de euros. Respecto á posición do resto dos concellos de Vigo e a súa área de influencia, cómpre salientar que Cangas ocupa no último ano o posto 11 en canto ao volume de débeda (terceiro en termos de crecemento), Mos o posto 13 (quinto de Galicia con maior medra) e os concellos de Redondela e Moaña situaríanse no decimo sexto e decimo oitavo lugar (10 e 11, respectivamente).

Se a análise se fai tendo en conta a débeda viva por habitante, o que nos permite facer unha comparación homoxénea entre

os concellos, Vigo e a súa área de influencia presenta unha débeda viva por habitante de 222,69 euros, cifra inferior tanto á da provincia de Pontevedra (245,15 euros), galega (278,07 euros) e española (746,64 euros). En termos de crecemento, o devandito **cadro 2.3.8.** amosa que o territorio analizado presenta novamente unha medra superior á rexistrada a nivel provincial, autonómico e estatal.

Atendendo a este índice, a comparación entre os principais concellos galegos nos amosa unha foto ben distinta. Comparado coa situación rexistrada nas sete grandes cidades de Galicia, o concello de Vigo, a pesar dun incremento próximo ao 78% respecto á situación de 2008, presenta a 31 de decembro de 2012 a débeda viva por habitante máis baixa, con 187,44 euros, por diante de Pontevedra (248,32 euros), A Coruña (322,98 euros), Lugo (401,96 euros), Ourense (444,60 euros), Ferrol (452,14 euros) e Santiago de Compostela (667,21 euros por habitante). Non obstante, fronte ao devandito crecemento en Vigo, o concello de Pontevedra presenta unha redución do 17,1%; Lugo, do 12,2%; e Santiago de Compostela, do 0,7%.

SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA DOS FOGARES

No que á situación económica dos fogares se refire, o **cadro 2.3.9.** amosa o nivel de ingreso medio mensual por fogar, persoa e unidade de consumo. Nos tres casos, e ao longo dos cinco anos considerados, o concello de Vigo presenta ingresos medios superiores á media galega, se ben se a comparación se fai coa situación nas outras seis cidades galegas consideradas, Vigo presenta uns ingresos medios por persoa e unidade de consumo inferiores aos de A Coruña, Santiago de Compostela e Lugo. Asemade, a mesma situación se aprecia en relación aos concellos de Pontevedra e

Evolución do ingreso medio mensual 2007-11

	Galicia		Concellos					
		Ferrol	A Coruña	Santiago de Compostela	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
(en euros)								
Ingreso medio por fogar								
2007	2.026	2.044	2.377	2.528	2.196	2.068	2.260	2.197
2008	2.029	1.983	2.406	2.388	2.347	2.068	2.223	2.283
2009	2.010	2.250	2.271	2.446	2.381	2.019	2.425	2.246
2010	1.977	2.179	2.278	2.511	2.275	2.077	2.240	2.152
2011	1.908	1.940	2.142	2.378	2.132	1.982	2.071	2.071
Ingreso medio por persoa								
2007	748	803	937	912	851	821	792	791
2008	761	796	952	901	881	824	785	829
2009	765	886	934	921	904	829	874	821
2010	764	909	964	955	891	852	812	797
2011	745	789	907	927	862	798	791	798
Ingreso medio por unidade de consumo								
2007	1.114	1.193	1.367	1.378	1.234	1.191	1.233	1.185
2008	1.128	1.167	1.382	1.348	1.304	1.216	1.200	1.266
2009	1.136	1.305	1.360	1.378	1.358	1.199	1.353	1.233
2010	1.132	1.302	1.376	1.426	1.327	1.232	1.239	1.225
2011	1.105	1.149	1.313	1.356	1.261	1.174	1.211	1.210

Fonte: IGE

2.3.9.

Estrutura de ingresos dos fogares 2007-11

	Galicia		Concellos					
		Ferrol	A Coruña	Santiago de Compostela	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
(% / total)								
2007								
Traballo conta allea	57,1	52,2	63,5	69,2	62,9	57,2	61,9	64,4
Traballo conta propia	13,1	9,1	11,0	7,7	13,1	16,0	9,8	9,8
Prestacións	27,4	35,6	22,7	18,4	21,7	24,6	25,3	23,8
Rendas e outros ingresos	2,3	3,2	2,8	4,7	2,3	2,2	3,0	2,0
2008								
Traballo conta allea	56,2	48,8	58,2	64,8	63,6	62,1	61,6	65,7
Traballo conta propia	11,9	6,1	9,3	9,4	12,2	11,0	11,3	8,1
Prestacións	28,9	39,5	27,5	21,2	21,0	24,8	24,0	22,8
Rendas e outros ingresos	3,0	5,7	5,1	4,5	3,2	2,2	3,2	3,4
2009								
Traballo conta allea	54,8	55,8	60,4	65,9	65,4	56,9	63,8	60,9
Traballo conta propia	11,6	7,6	8,3	8,0	9,1	11,9	9,4	9,2
Prestacións	30,8	32,7	27,2	22,6	22,8	28,0	24,1	27,2
Rendas e outros ingresos	2,8	4,0	4,2	3,6	2,7	3,2	2,6	2,7
2010								
Traballo conta allea	53,7	51,5	62,6	63,6	65,3	59,7	61,0	61,1
Traballo conta propia	10,9	6,9	10,6	10,0	9,7	6,5	10,1	9,4
Prestacións	32,5	36,9	24,3	22,8	22,0	30,9	26,8	28,1
Rendas e outros ingresos	2,9	4,7	2,5	3,6	3,0	2,9	2,2	1,5
2011								
Traballo conta allea	52,9	51,3	57,4	61,3	60,5	62,2	57,4	61,9
Traballo conta propia	10,1	9,3	9,1	10,7	9,7	7,2	8,4	7,8
Prestacións	33,9	36,2	29,9	22,9	24,4	26,5	32,4	28,6
Rendas e outros ingresos	3,2	3,2	3,5	5,2	5,4	4,0	1,8	1,7

Fonte: IGE

Taxa de risco de pobreza 2007-11

	Taxa de risco de pobreza				Taxa risco de pobreza ou exclusión social
	2007	2008	2009	2010	2011
	(%)				
Galicia	14,42	13,92	14,11	13,8	15,5
Ferrol	13,67	13,39	8,54	10,16	15,72
A Coruña	7,67	7,77	10,31	11,51	10,57
Santiago de Compostela	9,81	10,85	9,49	6,89	9,43
Lugo	12,66	11,10	8,63	10,93	10,68
Ourense	15,38	16,25	13,56	12,76	14,16
Pontevedra	14,67	12,83	9,82	12,68	16,44
Vigo	14,22	11,08	11,07	13,27	16,10

Fonte: IGE

2.3.11.

Ferrol en tres dos cinco anos analizados (2007, 2009 e 2010).

No que á **estrutura de ingresos por fogares** se refire, os datos da Enquisa de condicións de vida das familias amosa que no concello de Vigo, no ano 2011, no 61,9% dos fogares os seus ingresos proveñen do traballo por conta allea, nove puntos porcentuais máis que no conxunto de Galicia, e en menos dun 8% do traballo por conta propia (10,1% en Galicia). No caso das prestacións, o seu peso relativo sitúase no 28,6% fronte ao 33,9% de media na comunidade autónoma.

Comparado coa distribución existente no concello de Vigo no ano 2007, o **cadro 2.3.10.** reflicte o incremento da importancia relativa das prestacións en case cinco puntos porcentuais, en tanto que descende o peso dos ingresos de traballo por conta allea e propia en 2,5 e 2,0 puntos porcentuais, respectivamente. No caso galego, tanto a medra das prestacións (6,4 puntos porcentuais) como o descenso do peso relativo dos ingresos por conta allea e propia (4,2 e 3,1 puntos, respectivamente) son superiores aos rexistrados no concello de Vigo.

• Taxa de risco de pobreza

A porcentaxe de persoas cun nivel de ingresos equivalentes inferior ao limiar de

pobreza, entendido este como o que se corresponde co 60% da mediana dos ingresos equivalentes de tódalas persoas galegas, situouse en Galicia no ano 2011 (último dato dispoñible) no 15,50%, 1,2 puntos porcentuais inferior á da provincia de Pontevedra (16,67%). Os concellos de Pontevedra e Vigo son os que presentan as taxas máis elevadas, co 16,4% e 16,1%, respectivamente, situándose no lado oposto Santiago de Compostela (9,4%), A Coruña (10,6%) e Lugo (10,7%).

En termos de crecemento, cómpre salientar o descenso da taxa de risco de pobreza experimentado nos concellos de Lugo, Ourense e Santiago de Compostela. Por contra, os concellos coa medra máis acusada foron A Coruña e Ferrol.

A Unión Europea, na súa estratexia Europa 2020, introduce entre os seus indicadores o da taxa de risco de pobreza ou exclusión social, entendendo que a poboación que se atopa en tal situación é aquela que está nalgunha das seguintes tres situacións: o seu ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo; atópase en carencia material severa; persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo, é dicir, onde o número de días que os adultos de 18 a 59 anos dese

fogar tiveron ingresos por traballo supón ata o 20% do número total de días que poderían telos durante o ano anterior. Tal e como se reflicte no **cadro 2.3.11.**, este indicador acada no ano 2011 na provincia de Pontevedra un valor de 24,43%, situándose no 22,05% no conxunto da comunidade autónoma.

Se a comparación se fai entre as sete cidades máis importantes de Galicia, cómpre destacar que o concello de Vigo presenta unha taxa similar á media galega, con 22,96%, porcentaxe que se sitúa por detrás de Pontevedra, co 24,58%, e nun nivel similar ao do concello de Ferrol, cun 22,13%. 

2.4.- O MERCADO DE TRABAJO

Os datos recollidos no Padrón municipal de habitantes permiten afirmar que o peso relativo da poboación potencialmente activa na poboación total, é dicir, o cociente entre o número de persoas cunha idade comprendida entre os 16 e os 64 anos e a poboación total, descendeu ao longo dos últimos anos tanto en Galicia como no conxunto dos 19 concellos considerados. Tal e como se desprende do **cadro 2.4.1.**, a poboación activa representaba na área de Vigo o 68,2% da poboación total, tres puntos menos que no ano 1998, mentres que no conxunto de Galicia esta porcentaxe era do 65,4%, 2,3 puntos porcentuais menos que en 1998.

A 1 de xaneiro do ano 2012, a poboación potencialmente activa en Vigo e a súa área de influencia ascendía a 355.143 persoas, o que representa o 19,5% da poboación activa galega. Comparado co ano 2004, mentres que a poboación potencialmente activa descendeu en Galicia 1,7

puntos porcentuais, medrou un 0,4% no conxunto dos concellos analizados.

O xa mencionado proceso de envellecemento da poboación ten unha importante incidencia no mercado de traballo, tal e como reflicten os índices de estrutura e de recambio da poboación en idade activa. Dunha banda, o índice de estrutura da poboación en idade activa reflicte que en 2012 a poboación cunha idade comprendida entre os 40 e 64 anos era superior á de 15-39 anos tanto en Galicia como en Pontevedra e en Vigo e a súa área de influencia, mentres que oito anos antes, a poboación potencialmente activa de máis de 40 anos representaba menos do 90% da poboación de 15 a 39 anos en Galicia, e en torno ao 82% na provincia de Pontevedra e na área de Vigo. No que atinxe á capacidade da poboación para substituír as persoas que se van xubilando, o devandito **cadro 2.4.1.** amosa as dificultades que existen, xa que a poboación de 60 a 64 anos é moi

superior á de 15-19 anos, aumentando este índice de recambio de xeito moi acusado nos últimos anos.

Entre os anos 1998 e 2012, As Neves, Mondariz e Fornelos de Montes sitúanse como os concellos con menor peso relativo da poboación activa no total da súa poboación. No que atinxe aos outros dous indicadores mencionados, Fornelos de Montes, As Neves, Mondariz e Mondariz-Balneiro son os que presentan, con carácter xeral, os resultados máis negativos. Por contra, cómpre salientar o feito de que ao longo de toda a serie considerada (1998-2012) a poboación entre 15 e 19 anos tan só supera á de 60-64 nos concellos de Salceda de Caselas e Pontearreas (en Gondomar e O Porriño, esta situación prodúcese de 1998 a 2009).

DATOS DE EMPREGO DA SEGURIDADE SOCIAL

A crise económica e financeira internacional tivo o seu impacto máis acusado no mercado de traballo no segundo semestre de 2008 e primeiro de 2009, cando o número de afiliados á Seguridade Social en alta laboral descendeu en Vigo e a súa área de influencia un 4,7% e 6,6%, respectivamente, sobre o mesmo período do ano anterior. Esta taxa de variación interanual negativa mantense lixeiramente por baixo do 3% en 2010 e 2011, situándose en decembro de 2012 no -4%. A 31 de decembro do último ano, o número de afiliados á Seguridade Social era de 174.096 persoas, 35.420 afiliados menos que no mesmo período do ano 2007, o que supón unha caída do 16,9%.

Comparado co acontecido no conxunto de Galicia, o **cadro 2.4.2.** amosa que Vigo e a súa área de influencia presenta un maior crecemento do número de afiliacións en época de bonanza económica, pero está moito máis exposto á crise económica, con caídas máis acusadas desde xuño de 2008.

Tendo en conta a evolución e estrutura demográfica no conxunto dos 19 concellos considerados, o descenso máis acusado prodúcese na poboación cunha idade comprendida entre os 25 e 29 anos, cunha caída de 12.242 afiliacións entre decembro de 2007 e 2012, seguida polas persoas entre 30 e 34 anos, con 10.119 afiliacións menos, e as persoas de 20 a 24 anos, con 8.000 persoas menos afiliadas á Seguridade Social. Por contra, o grupo de persoas de 50 a 54 anos presenta unha lixeira medra do número de afiliacións, manténdose practicamente estable o de 40 a 44 anos.

No que atinxe á súa distribución segundo réximes, o réxime xeral non só é o que acolle o maior número de afiliacións á Seguridade Social en alta laboral, con 133.288 persoas a 31 de decembro de 2012, senón tamén o que presenta un maior peso relativo no total galego, ao acoller o 21,1% das afiliacións ao réxime xeral da Seguridade social en Galicia nesa mesma data. Tal e como reflicte a serie temporal recollida no **cadro 2.4.3.**, o número de afiliacións acada un valor máximo en xuño de 2008, con 166.322 afiliacións, case un 20% máis que en decembro de 2012 (33.034 persoas máis).

Séguelle en importancia en canto ao número de afiliacións o réxime especial de autónomos, con 32.261 persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral, un 8,2% (2.876 afiliacións) menos que en xuño de 2008, cando acada o seu máximo con 35.137 persoas afiliadas. Atendendo ao seu peso relativo no total galego, este permanece no 18% ata xuño de 2007, descendendo de xeito considerable en xuño de 2008, cando se sitúa lixeiramente por baixo do 15%. En decembro de 2012, acolle o 15,1% das afiliacións galegas neste réxime.

En terceiro lugar cómpre mencionar a caída rexistrada nas afiliacións no réxime espe-

Indicadores da poboación activa 1998, 2004 e 2012

	1998			2004			2012		
	Peso relativo (1)	Índice de estrutura (2)	Índice de recambio (3)	Peso relativo (1)	Índice de estrutura (2)	Índice de recambio (3)	Peso relativo (1)	Índice de estrutura (2)	Índice de recambio (3)
Galicia	67,7	81,0	83,3	67,3	89,6	101,1	65,4	113,0	151,0
Pontevedra	69,6	73,7	67,3	69,4	82,2	85,5	67,2	105,6	133,5
Área influencia de Vigo	71,2	72,8	63,5	70,9	81,8	84,0	68,2	106,4	137,3
Mondariz	66,0	84,2	97,8	64,2	96,6	111,6	61,6	121,2	210,3
Mondariz-Balneario	65,8	74,2	175,0	65,3	85,5	124,1	63,5	138,0	119,4
Neves, As	63,4	83,2	100,8	62,4	93,8	109,3	61,7	115,5	161,8
Ponteareas	67,9	71,5	73,1	68,1	67,8	76,1	67,6	91,9	96,6
Salvaterra de Miño	67,2	80,2	79,0	68,5	87,7	91,8	66,9	94,3	152,0
Cangas	71,3	66,0	54,0	72,4	77,5	83,4	69,2	108,0	132,5
Moaña	71,1	66,2	56,3	71,1	79,3	79,8	68,9	104,5	133,3
Vilaboa	68,5	76,3	66,0	68,5	83,1	84,7	64,7	115,8	162,5
Baiona	71,5	67,5	52,5	72,3	80,8	78,2	69,9	105,4	139,1
Fornelos de Montes	64,7	90,6	130,1	64,1	96,8	111,5	61,7	124,9	169,0
Gondomar	69,4	65,9	47,1	72,5	79,4	64,3	70,8	101,7	108,8
Mos	70,8	67,8	59,4	71,6	77,4	71,4	69,3	106,0	120,1
Nigrán	71,6	67,8	58,4	71,9	81,0	85,4	69,1	112,4	129,5
Pazos de Borbén	65,7	81,5	82,8	65,5	86,1	94,9	65,8	106,2	159,1
Porriño, O	71,0	64,2	52,0	71,6	71,6	57,5	70,8	87,5	106,3
Redondela	71,6	72,8	60,0	71,3	82,8	84,1	68,9	111,7	147,2
Salceda de Caselas	68,0	68,2	61,1	69,5	67,5	72,0	69,9	75,2	87,2
Soutomaior	69,1	74,6	86,7	68,4	74,0	94,6	67,4	84,5	118,7
Vigo	72,1	74,7	64,1	71,2	84,1	87,2	68,0	109,8	145,2

(1) peso relativo da poboación potencialmente activa (16-64 anos) sobre o total da poboación


(2) Índice de estrutura da poboación en idade activa: relación entre a poboación entre 40 e 64 anos e a poboación entre 15 e 39 anos.

(3) Índice de recambio da poboación en idade activa: Relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos. Mide a capacidade dunha poboación para substituír aos individuos que van xubilando.

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE

2.4.1.

Afiliacións á Seguridade Social e paro rexistrado 2006-12: taxa de crecemento interanual



Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE

Afiliações á Seguridade Social en alta laboral 2006-12: distribución segundo idade, réxime e sector

Vigo e a súa área de influencia

	2007		2008		2009		2010		2011	2012	
	xuño	decembro	xuño	decembro	xuño	decembro	xuño	decembro	decembro	xuño	decembro
Total	210.808	209.516	209.834	199.693	195.942	192.142	190.690	186.722	181.399	178.945	174.096
<20 anos	3.186	2.668	2.761	1.917	1.639	1.325	1.242	966	693	630	490
20-24 anos	15.055	14.031	13.554	11.353	10.427	9.802	9.235	8.408	7.197	6.661	6.031
25-29 anos	28.511	27.330	26.576	23.534	22.015	20.738	20.039	18.631	17.008	16.158	15.088
30-34 anos	34.560	34.487	34.693	32.916	32.052	30.967	30.470	29.138	26.860	25.769	24.368
35-39 anos	30.842	30.997	31.149	30.349	30.233	30.197	30.489	30.327	30.047	30.097	29.718
40-44 anos	26.396	26.927	27.432	26.644	26.713	26.622	26.932	26.939	26.950	27.204	26.964
45-49 anos	24.252	24.312	24.386	23.828	23.620	23.444	23.243	23.164	23.125	23.278	23.364
50-54 anos	20.063	20.294	20.669	20.455	20.634	20.641	20.853	20.980	20.920	20.751	20.473
55-59 anos	15.970	16.162	15.983	15.816	15.642	15.462	15.428	15.468	15.802	15.683	15.452
>=60 anos	11.973	12.308	12.631	12.881	12.967	12.944	12.759	12.701	12.797	12.714	12.148
Réxime											
R. xeral	167.165	165.919	166.322	156.779	153.826	150.618	149.419	145.971	141.300	138.300	133.288
R.E. de autónomos	34.324	34.574	35.137	34.636	33.876	33.411	33.355	32.938	32.757	32.632	32.261
R.E. agrario	1.065	1.001	244	267	222	308	222	262	272	188	206
R.E. do mar	4.636	4.381	4.368	4.201	4.325	4.136	4.072	3.943	3.479	3.538	3.314
R.E. empregados do fogar	3.618	3.642	3.764	3.810	3.693	3.669	3.622	3.608	3.591	4.287	5.027
Sectores											
Agricultura/Pesca					5.611	5.425	5.250	5.122	3.992	3.962	3.734
Industria					40.954	39.356	39.237	37.106	34.803	34.421	33.270
Construción					17.085	15.572	15.403	14.273	12.375	11.660	10.218
Servizos					132.281	131.906	130.707	130.308	128.821	127.620	126.549

Galicia

	2007		2008		2009		2010		2011	2012	
	xuño	decembro	xuño	decembro	xuño	decembro	xuño	decembro	decembro	xuño	decembro
Total	1.054.023	1.047.720	1.051.219	1.013.342	1.000.682	980.198	978.570	957.591	934.729	923.936	898.072
<20 anos	14.916	12.786	12.951	9.644	8.584	6.767	6.777	5.259	3.940	3.640	2.787
20-24 anos	72.896	68.544	66.597	58.072	53.825	49.435	47.439	43.168	38.006	35.362	31.581
25-29 anos	135.842	132.200	129.281	118.948	112.575	106.453	102.935	96.855	88.413	84.286	79.422
30-34 anos	158.205	157.710	159.395	154.232	151.826	147.572	146.566	141.359	133.151	128.554	122.504
35-39 anos	147.248	147.394	148.297	145.201	144.601	143.610	144.867	143.867	142.984	143.560	140.710
40-44 anos	136.273	137.445	139.513	136.372	136.725	135.098	136.584	135.052	134.302	134.419	132.743
45-49 anos	129.350	129.259	130.039	127.458	127.537	126.019	125.887	124.546	123.531	123.737	123.113
50-54 anos	107.681	108.943	111.068	110.032	111.478	111.669	113.484	113.647	113.714	113.733	112.106
55-59 anos	84.472	85.158	84.961	84.028	84.026	83.881	84.582	84.644	87.078	86.990	86.108
>=60 anos	67.140	68.281	69.117	69.355	69.505	69.694	69.449	69.194	69.610	69.655	66.998
Réxime xeral											
R. xeral	789.481	783.165	790.303	757.806	750.065	733.978	738.433	718.876	672.233	660.047	632.468
R.E. de autónomos	190.664	192.087	237.048	233.213	229.111	225.570	224.021	220.433	216.528	215.565	213.541
R.E. agrario	52.992	51.347	4.358	4.364	4.334	4.514	4.378	4.551	4.652	4.363	4.425
R.E. do mar	26.038	25.502	24.534	24.795	24.398	24.176	23.757	23.572	21.271	20.668	20.644
R.E. empregados do fogar	19.447	19.789	20.490	20.721	20.587	20.481	20.402	20.281	20.046	23.294	26.995
Sectores											
Agricultura/Pesca					75.990	73.644	71.901	70.030	65.953	64.518	63.249
Industria					161.769	152.892	155.568	147.256	136.593	137.410	129.035
Construción					122.452	111.197	111.160	101.112	83.597	78.844	70.680
Servizos					663.727	664.933	663.218	660.563	640.389	635.688	632.793

Fonte: IGE

Poboación ocupada de 16 e máis anos 2009-12: distribución segundo sectores

	Agricultura e pesca					Agricultura e pesca				
	(en miles de persoas)					(ocupación total = 100)				
2009										
III	133,4	1,4	28,4	6,9	96,8	1,0	21,3	5,2	72,6	
IV	133,5	2,3	27,7	6,6	96,9	1,7	20,7	4,9	72,6	
2010	128,1	1,2	24,7	5,6	96,6	0,9	19,3	4,4	75,4	
I	132,7	1,6	26,9	5,6	98,6	1,2	20,3	4,2	74,3	
III	128,3	1,2	25,4	5,4	96,4	0,9	19,8	4,2	75,1	
III	127,7	1,1	24,8	5,6	96,3	0,9	19,4	4,4	75,4	
IV	123,6	0,9	21,8	5,8	95,1	0,7	17,6	4,7	76,9	
2011	122,9	0,6	21,3	6,0	94,9	0,5	17,3	4,9	77,2	
I	124,0	0,6	21,5	6,0	95,9	0,5	17,3	4,8	77,3	
III	125,2	0,7	22,7	4,7	97,0	0,6	18,1	3,8	77,5	
III	122,2	0,6	20,9	6,6	94,1	0,5	17,1	5,4	77,0	
IV	120,0	0,6	20,2	6,7	92,6	0,5	16,8	5,6	77,2	
2012	120,1	0,8	22,1	5,9	91,3	0,7	18,4	4,9	76,0	
I	120,3	0,9	21,4	5,3	92,7	0,7	17,8	4,4	77,1	
III	120,6	0,6	22,3	6,4	91,3	0,5	18,5	5,3	75,7	
III	119,4	0,9	22,2	5,4	90,9	0,8	18,6	4,5	76,1	
IV	120,3	0,9	22,5	6,5	90,4	0,7	18,7	5,4	75,1	

Fonte: IGE

2.4.4.

cial do mar, xa que dende xuño de 2007 (maior número de afiliacións de todos os anos da serie analizada) estas descenden un 28,5% ata decembro de 2012, cando se acadan as 3.314 persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral, 1.322 afiliacións menos. A súa importancia relativa no total galego descende en case dous puntos entre as dúas datas consideradas, acadando o 16,1% en decembro de 2012.

Atendendo á distribución sectorial, do **cadro 2.4.3.** despréndese, dunha banda, o elevado peso relativo das afiliacións no sector industrial en comparación co conxunto de Galicia. En decembro de 2012, o 19,1% das afiliacións en Vigo e a súa área de influencia o estaban nas ramas industriais, sendo esta porcentaxe do 14,4% na comunidade autónoma. Doutra banda, o sector primario tan só acolle ao 2,1% das afiliacións en decembro de 2012 (2,9% en xuño de 2009), case cinco puntos menos que en Galicia. Asemade, a importancia relativa da construción tamén é inferior á media galega, acoollendo o 5,9% das afiliacións (8,7% en 2009) fronte ao 7,9% en Galicia (12,2% en xuño 2009).

Dende xuño de 2009 a decembro de 2012, tanto en Galicia como en Vigo e a súa área de influencia, todos os sectores presentan unha caída do número de afiliacións á Seguridade Social. Non obstante, mentres que en Galicia o sector máis afectado foi a construción, seguido pola industria e os servizos, no conxunto dos 19 concellos considerados, das 21.846 afiliacións menos, o 35,2% pertencen ás ramas industriais (31,9% en Galicia), fronte ao 31,4% da construción (50,5%) e o 26,2% dos servizos (30,1%).

EMPREGO SEGUNDO A EPA

A análise do mercado de traballo a partir dos datos facilitados pola Enquisa de Poboación Activa (EPA) parte da limitación dada pola ausencia de datos desagregados a nivel municipal, agás os relativos aos sete grandes concellos de Galicia. Asemade, xunto a esa ausencia de datos cómpre salientar que a serie estatística comeza no terceiro trimestre do ano 2009 e o propio IGE fai referencia a que os datos deben tomarse con precaución porque poden estar afectados por elevados erros de mostraxe.

Taxas de actividade, ocupación e paro 2009-2012

	Total			Homes			Mulleres		
	actividade	ocupación	paro	actividade	ocupación	paro	actividade	ocupación	paro
2009									
III	61,4	51,8	15,6	68,5	58,8	14,0	54,6	45,1	17,6
IV	61,3	51,5	16,0	70,0	58,6	16,3	53,0	44,7	15,6
2010									
I	60,4	49,6	17,9	67,4	55,8	17,2	54,0	43,9	18,6
III	61,8	51,1	17,4	69,6	57,4	17,7	54,1	44,9	17,1
III	60,2	49,8	17,2	66,6	56,2	15,8	54,1	43,9	18,9
III	60,4	49,6	17,8	67,4	56,6	16,1	53,8	43,2	19,7
IV	59,4	48,1	19,0	65,6	52,9	19,4	53,6	43,6	18,7
2011									
I	60,9	48,1	21,1	67,6	54,1	20,0	55,0	42,8	22,2
I	61,0	48,4	20,8	68,2	54,8	19,7	54,5	42,6	22,0
III	61,3	49,0	19,9	67,6	54,0	20,1	55,7	44,7	19,8
III	60,1	47,8	20,5	66,5	53,8	19,1	54,7	42,7	22,0
IV	61,1	47,0	23,1	68,3	53,8	21,3	54,7	41,0	25,1
2012									
I	61,6	47,1	23,5	67,9	51,5	24,1	55,9	43,2	23,0
I	61,9	47,1	24,1	68,7	52,8	23,4	56,0	42,1	24,8
III	62,0	47,2	24,0	68,7	51,8	24,6	56,1	43,1	23,2
III	61,9	46,9	24,2	67,8	50,4	25,7	56,6	43,8	22,7
IV	60,3	47,1	22,0	66,1	50,9	23,0	55,3	43,7	20,9

Fonte: IGE

■ 2.4.5.

Tendo en conta estas limitacións, a **poboación ocupada** no concello de Vigo nos tres últimos anos e medio descendeu en máis de 13.000 persoas, acadando no cuarto trimestre de 2012 un total de 120.300 persoas, o que supón unha caída do 9,8%. Atendendo á súa distribución sectorial, salienta o sector servizos, cun descenso de 6.400 persoas (6,6%), e a actividade industrial, que experimentou unha caída en torno aos 5.900 ocupados, un 21,8% menos que no terceiro trimestre do ano 2009, sendo a incidencia menor no caso da construción e do sector primario, con aproximadamente 500 ocupados menos cada un.

No conxunto de Galicia, o sector que experimenta o maior descenso da ocupación, tanto en valores absolutos como relativos, foi o da construción, con 44.500 ocupados menos entre os dous trimestres considerados. Por contra, a caída estimada para o sector industrial foi claramente inferior á do concello de Vigo, cun descenso do 15,6%. Un dato máis que reflicte o peso relativo do sector industrial na área obxecto de estudio é o feito de que mentres que o descenso da ocupación en Vigo representa o 10,5% da

caída en Galicia, no conxunto das ramas industriais esta porcentaxe é do 20,1%, situándose no 17,7% no sector servizos e en torno ao 3,3% no sector primario e ao 1% na construción.

A **poboación asalariada** nese mesmo período de tempo descendeu en torno ás 14.500 persoas, acadando no cuarto trimestre de 2012 un total de 99.900 ocupados (o 12,7% dos asalariados galegos), dos que 75.000 tiñan un contrato indefinido e as restantes 24.900 persoas, contratos de duración temporal (12,4% e 13,7%, respectivamente). Atendendo á evolución entre o terceiro trimestre de 2009 e o cuarto de 2012, e a diferenza do que acontece en Galicia, Vigo presenta un maior descenso do número de asalariados con contrato indefinido que temporal. Mentres que en Galicia dos 117.000 asalariados menos do 43,2% son asalariados con contrato indefinido, en Vigo esta porcentaxe é do 64,1% (9.300 ocupados).

No que ao **desemprego** se refire, os datos da EPA reflicten que o paro estimado no concello de Vigo ascendeu no cuarto tri-

mestre de 2012 ás 33.900 persoas, das que 18.200 son homes. Entre os dous extremos da serie considerada na análise dos datos da EPA, o desemprego total medrou en 9.200 persoas, un 37,2%, sendo este crecemento do 51,7% entre os homes (6.200 parados máis) e do 23,6% no caso das mulleres (3.000 persoas).

O **cadro 2.4.5.** amosa que nos últimos tres anos a taxa de paro estimada aumentou 6,4 puntos porcentuais, situándose no cuarto trimestre de 2012 no 22% no concello de Vigo (21,3% no conxunto de Galicia). Esta medra prodúcese tanto no caso dos homes como no das mulleres, se ben neste último caso o incremento se produce polo aumento do número de mulleres paradas, xa que tamén medra o número de activos. No derradeiro trimestre de 2012, a taxa de paro feminina sitúase no 20,9%, 2,1 puntos por baixo da estimada para os homes (23%).

PARO REXISTRADO

O impacto negativo da crise económica e financeira no mercado de traballo tradúcese nunha medra considerable do número de parados rexistrados. Entre os anos 2007 e 2012, o paro rexistrado incrementouse en Galicia en 119.969 persoas, das que 28.342, é dicir, case un de cada catro desempregados, o están nos concellos de Vigo e a súa área de influencia. Tal e como se reflicte no **cadro 2.4.6.**, o paro rexistrado medrou na área de Vigo case un 90% entre os dous anos considerados, case dez puntos máis que no conxunto de Galicia, aínda que 5,6 puntos porcentuais por baixo do rexistrado na provincia de Pontevedra.

No ano 2012 había un total de 60.098 persoas residentes nos concellos de Vigo e a súa área de influencia rexistradas nas oficinas do Servizo Público de Emprego, o que representa o 22,2% do paro rexistrado galego. Atendendo á súa distribución

segundo sexos, o desemprego feminino é sempre superior ao rexistrado no caso dos homes, de xeito que no último ano da serie analizada había un total de 32.189 mulleres en paro rexistradas, case 4.600 mulleres máis que homes. Non obstante, cómpre salientar que dende o ano 2007 ata o ano 2012, o incremento do desemprego foi moi superior no caso dos homes que no das mulleres, ao rexistrarse en Vigo e a súa área de influencia unha medra do 146% (16.384 persoas) e 52,6% (11.096 mulleres), respectivamente.

Tendo en conta os valores mensuais, o **cadro 2.4.8.** amosa o factor estacional do desemprego e a similitude, con carácter xeral, da evolución en Galicia e no conxunto do ámbito territorial obxecto de estudo. Dunha banda, entre os anos 2006 e 2008 o desemprego acada os seus valores máximos nos meses de xaneiro e febreiro, en tanto que de 2009 a 2012 o mes de marzo (abril no caso de Vigo en 2010) é o que presenta máis persoas rexistradas nas oficinas desemprego tanto en Galicia como en Vigo e a súa área de influencia. Doutra banda, o mes de xullo aparece, de xeito maioritario, como o mes con menor número de persoas paradas rexistradas.

Se se elimina o efecto da estacionalidade, calculando en cada mes a media dos últimos doce meses, o devandito **cadro 2.4.8.** amosa que a tendencia negativa se inverte a comezos do ano 2008 tanto en Galicia como en Vigo e a súa área de influencia, sendo crecente a partires dese momento.

A taxa media de crecemento interanual en Vigo e a súa área de influencia presenta, antes da crise económica de 2007, un mellor comportamento que no conxunto de Galicia, con caídas do número de persoas rexistradas nas oficinas de emprego superiores á media galega. Como reflicte o **cadro 2.4.9.**, que recolle a evolución das taxas de crecemento interanuais, Galicia e

Paro rexistrado 2007-12: distribución segundo sectores de actividade

Galicia							
	2007	2008	2009	2010	2011	2012	12/07
Total	150.547	162.512	206.247	226.237	241.323	270.516	119.969
Agricultura/Pesca	4.626	5.025	5.579	6.080	6.456	7.712	3.086
Industria	23.677	25.353	33.149	34.752	36.853	40.234	16.557
Construción	15.217	19.736	31.826	35.723	39.417	45.305	30.088
Servizos	84.224	89.907	115.710	123.493	130.662	151.067	66.843
Sen emprego anterior	22.803	22.491	19.983	26.189	27.936	26.198	3.395


Vigo e a súa área de influencia							
	2007	2008	2009	2010	2011	2012	12/07
Total	31.756	35.399	46.135	50.412	54.550	60.018	28.262
Agricultura/Pesca	1.006	1.069	1.077	1.119	1.215	1.319	313
Industria	5.925	6.572	9.223	9.593	10.292	10.693	4.768
Construción	2.368	3.347	5.346	5.928	6.542	7.305	4.937
Servizos	17.748	19.718	26.093	27.942	30.297	34.908	17.160
Sen emprego anterior	4.709	4.693	4.396	5.830	6.205	5.793	1.084

Vigo e a súa área de influencia / Galicia							
	2007	2008	2009	2010	2011	2012	12/07
Total	21,1	21,8	22,4	22,3	22,6	22,2	23,6
Agricultura/Pesca	21,7	21,3	19,3	18,4	18,8	17,1	10,1
Industria	25,0	25,9	27,8	27,6	27,9	26,6	28,8
Construción	15,6	17,0	16,8	16,6	16,6	16,1	16,4
Servizos	21,1	21,9	22,6	22,6	23,2	23,1	25,7
Sen emprego anterior	20,7	20,9	22,0	22,3	22,2	22,1	31,9

Fonte: IGE

2.4.6.


Parados rexistrados no servizo público de emprego 2005-12




Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE

Paro rexistrado 2005-12: evolución mensual

Vigo e a súa área de influencia




Galicia



Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE

Paro rexistrado 2006-12: taxa de crecemento interanual



Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE

■ 2.4.9.


a área de Vigo presentan unha figura similar, producíndose unha desaceleración no proceso de redución do desemprego a partir de xaneiro de 2007, acadando xa taxas positivas de aumento de paro a partir de xaneiro de 2008 no caso de Vigo e a súa área de influencia e de febreiro no caso de Galicia. A partires dese momento, as taxas de crecemento interanuais son cada vez máis elevadas, acadando os seus valores máximos entre marzo e maio de 2009 (32,4% en maio no caso de Galicia e 40,8% no mes de marzo no conxunto dos 19 concellos analizados).

É importante destacar que na área de Vigo as taxas interanuais de crecemento do paro rexistrado superan o 30% entre decembro de 2008 e xullo de 2009, en tanto que en Galicia, esta porcentaxe se supera de marzo a xuño de 2009. Asemade, a partires do mes de marzo de 2012, o crecemento do paro rexistrado en Vigo e a súa área de influencia é inferior ao da comunidade autónoma.

A evolución do número de parados en termos absolutos non permite percibir con claridade a importancia do problema en comparación co que acontece noutras zonas, polo que é necesario dispor dunha medida relativa, como é a taxa de paro, que mide o peso do número de parados sobre o total de activos. Ante a inexistencia de datos desagregados a nivel municipal na Enquisa de Poboación Activa, emprégase como indicador aproximado da taxa de paro o cociente entre o desemprego rexistrado e a suma do número medio de persoas afiliadas á Seguridade Social e os parados rexistrados nas oficinas do Servizo Público de Emprego. Este indicador nos permitiría comparar o impacto da crise económica no mercado de traballo galego e de Vigo e a súa área de influencia.

A partir do **cadro 2.4.10.** se desprende que a taxa de paro, tal e como se define no parágrafo anterior, é sempre superior no caso de Vigo e a súa área de influencia que

Paro rexistrado xuño 2006-decembro 2012: evolución da taxa de paro



Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE

2.4.10.


no caso galego, e que a partir do primeiro semestre de 2008 este indicador medra de xeito moi considerable, alcanzando o seu valor máximo en decembro de 2012. Asemade, cómpre salientar non só que esta taxa sexa máis elevada no caso dos menores de 25 anos, senón tamén que, dado que a crise económica afecta máis a estas persoas, o seu incremento é moito máis acusado neste grupo.

Atendendo á distribución do paro segundo grandes sectores económicos, o devandito **cadro 2.4.6.** reflicte que das 28.262 persoas en que aumenta o paro rexistrado entre 2007 e 2012, máis de 17.100 parados pertencen ao sector servizos, fronte aos case 4.800 no caso da industria e aos preto de 5.000 na construción. En termos de taxas de variacións interanuais, cómpre salientar que en época de forte crecemento económico, a industria foi o sector que experimentou un maior descenso do desemprego, por diante da construción, mentres que a partir do ano 2008, o sector de actividade máis

afectado pola crise económica foi a construción, con aumentos do paro rexistrado do 41,3% en 2008 e 59,7% en 2009.

Non obstante, tendo en conta que a área de Vigo se caracteriza polo seu marcado carácter industrial en comparación con outros territorios, ao longo de toda a serie considerada a importancia relativa do número de parados rexistrados nestas ramas de actividade no conxunto da industria galega é moi superior ao peso relativo do paro rexistrado total. Se dos 119.969 novos parados rexistrados en Galicia no quinquenio 2007-2012 o 23,6% o estaban nas oficinas de emprego da área de Vigo, a porcentaxe no sector industrial se sitúa no 28,8%, en tanto que no colectivo de "sen emprego anterior" e no sector servizos, o peso relativo é de 31,9% e 25,7%, respectivamente. A pesar da devandita medra do desemprego no sector da construción, este tan só representa o 16,4% dos parados rexistrados na comunidade autónoma.

Paro rexistrado total e de longa duración maio 2005-decembro 2012



Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do IGE

■ 2.4.11.

A distribución sectorial da taxa de paro, tal e como se definía anteriormente, reflicte que en Vigo e a súa área de influencia todos os sectores produtivos manteñen unha tendencia crecente da taxa de paro e que esta se sitúa sempre por riba da rexistrada para o conxunto de Galicia.

A pesar de que o paro rexistrado en Vigo e a súa área de influencia presenta un mellor comportamento que en Galicia nos últimos nove meses de 2012 (**cadro 2.4.9.**), o peso relativo do número de parados de longa duración (máis dun ano) aumenta de xeito máis acusado no conxunto de concellos analizados. En decembro de 2012, o 46,7% dos parados de Vigo e a súa área levaban máis dun ano rexistrados nas oficinas do Servizo Público de Emprego, cando un ano antes esa porcentaxe acadaba o 41,7%. No conxunto de Galicia, estas porcentaxes eran do 44,2% e 39,6%, respectivamente.

O **cadro 2.4.11.** reflicte como a partir do derradeiro trimestre de 2009 o crecemento

do desemprego de longa duración é cada vez maior en Vigo e a súa área que en Galicia, acadando en decembro de 2012 un 90% máis de paro que en maio de 2005 (80% en Galicia).

CONTRATACIÓN

O número total de contratos rexistrados nas oficinas de emprego en Vigo e a súa área de influencia descendeu un 28,8% entre os anos 2007 e 2012, máis de cinco puntos por riba do rexistrado en Galicia. A causa principal deste diferencial radica na maior incidencia da crise económica e financeira, xa que as contratacións desenden de xeito máis acusado en Vigo e a súa área de influencia que en Galicia e Pontevedra, en tanto que entre os anos 2005 e 2007 as contratacións medran máis que no conxunto da comunidade autónoma. No ano 2012, o número total de contratos acada nos concellos analizados os 154.106, o que representa o 23,3% do total galego, dos que 149.516 contratos corresponden a contratos iniciais (23,3%)

Contratos de traballo 2007-12: distribución segundo modalidade e xénero

	Galicia						12/07
	2007	2008	2009	2010	2011	2012	
Total	864.632	794.170	683.131	680.624	671.449	662.328	-202.304
Contratos indefinidos	49.542	46.423	37.468	32.460	28.479	30.509	-19.033
Contratos temporais	765.924	706.093	616.089	620.612	617.807	610.236	-155.688
Conversións en indefinidos	49.166	41.654	29.574	27.552	25.163	21.583	-27.583
Homes	456.242	410.458	350.240	353.905	344.683	340.484	-115.758
Contratos indefinidos	27.843	26.269	21.030	18.573	16.780	16.315	-11.528
Contratos temporais	400.114	361.267	313.713	321.312	315.033	313.521	-86.593
Conversións en indefinidos	28.285	22.922	15.497	14.020	12.870	10.648	-17.637
Mulleres	408.390	383.712	332.891	326.719	326.766	321.844	-86.546
Contratos indefinidos	21.699	20.154	16.438	13.887	11.699	14.194	-7.505
Contratos temporais	365.810	344.826	302.376	299.300	302.774	296.715	-69.095
Conversións en indefinidos	20.881	18.732	14.077	13.532	12.293	10.935	-9.946

	Vigo e a súa área de influencia						12/07
	2007	2008	2009	2010	2011	2012	
Total	216.552	197.360	164.561	164.161	156.029	154.106	-43.254
Contratos indefinidos	11.323	10.465	8.251	6.852	5.891	6.118	-4.347
Contratos temporais	193.541	177.355	149.675	151.086	144.577	143.398	-33.957
Conversións en indefinidos	11.688	9.540	6.635	6.223	5.561	4.590	-4.950
Homes	117.632	104.773	85.056	85.854	80.295	82.413	-22.360
Contratos indefinidos	6.518	6.006	4.709	3.947	3.483	3.287	-2.719
Contratos temporais	104.293	93.408	76.881	78.870	73.862	76.916	-16.492
Conversións en indefinidos	6.821	5.359	3.466	3.037	2.950	2.210	-3.149
Mulleres	98.920	92.587	79.505	78.307	75.734	71.693	-20.894
Contratos indefinidos	4.805	4.459	3.542	2.905	2.408	2.831	-1.628
Contratos temporais	89.248	83.947	72.794	72.216	70.715	66.482	-17.465
Conversións en indefinidos	4.867	4.181	3.169	3.186	2.611	2.380	-1.801

Fonte: IGE

2.4.12.

e 4.590 a contratos convertidos en indefinidos (21,3%).

No que atinxe ao fluxo de entrada ao emprego indefinido, sen contar as conversións, o **cadro 2.4.12.** amosa que no ano 2012 acadáronse un total de 6.118 contratos de duración indefinida, dos que case o 60% corresponde a homes (3.287 contratos). No período comprendido entre os anos 2007 e 2012, o número de contratos indefinidos descende un 46% en Vigo e a súa área de influencia (41,1% no caso das mulleres) e un 38,4% en Galicia (21,1%). A pesar desta caída, no último ano os contratos iniciais indefinidos medraron lixeiramente, se ben este incremento é moi inferior ao rexistrado en Galicia (3,9% e 7,1%, respectivamente).

No que atinxe aos contratos temporais, no último ano rexistráronse na área de Vigo un total de 143.398 contratacións, case 1.200 contratos de duración temporal menos que no ano anterior, explicándose na súa meirande parte o devandito comportamento pola evolución dos contratos de interinidade e os de obra ou servizo, que presentan caídas de 3.138 e 2.897 contratos, respectivamente, que superan a medra do número de contratos eventuais por circunstancias da produción (5.161).

Ao longo dos últimos seis anos, o número de contratos temporais descendeu un 25,9% no conxunto dos concellos analizados, sendo esta caída 5,6 puntos superior á galega. Pola contra, entre 2005 e 2007, o incremento rexistrado nas contratacións

temporais en Vigo e a súa área de influencia foi do 11,2%, fronte ao 6,2% en Galicia. Atendendo á desagregación segundo sexo, entre os anos 2007 e 2012 as contratacións descendieron no territorio analizado un 26,3% no caso dos homes e un 25,5% no das mulleres, sendo estas porcentaxes do 21,6% e 18,9%, respectivamente, na comunidade autónoma.

No caso das conversións en indefinidos, o seu número descende en Vigo e a súa área de influencia un 60,7% en 2012 respecto ao de 2007 (56,1% en Galicia) para situarse nas 4.590, o que representa o 21,3% do total galego, sendo a súa importancia relativa lixeiramente superior no caso das mulleres (21,8%). O volume de contratacións na área de Vigo descende tanto no caso das mulleres como no dos homes, sendo esta caída do 51,1% (1.801 contratos) no primeiro caso e do 67,6% (3.149 contratos) no segundo.

Atendendo á distribución sectorial, dos 55.348 contratos iniciais menos rexistrados en Vigo e a súa área de influencia, o sector servizos foi o que experimentou a caída máis acusada en termos absolutos, con 32.508 contratos menos, por diante da industria, con case 14.000. En termos relativos, a industria é a rama de actividade cunha maior caída, do 54,1%, por diante da construción, co 49,7%. 

2.5.- OS SECTORES PRODUTIVOS

As empresas xogan un papel importante na estrutura socioeconómica dun territorio, contribuíndo ao seu desenvolvemento económico e á xeración de emprego e riqueza. Por iso resulta necesario, ao obxecto deste estudio, analizar a situación e evolución recente do tecido empresarial e da actividade produtiva de Vigo e a súa área de influencia.

Este apartado estrutúrase en tres partes. Na primeira, faise mención ao marco de referencia global para o desenvolvemento dos sectores produtivos, fundamentalmente o “Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014. Horizonte 2020”.

A segunda parte está dedicada á análise da evolución e principais características do tecido empresarial da área de Vigo, entre as que cómpre salientar, con carácter xeral, un dinamismo e tamaño medio superior á media galega e unha especialización relativa en relación a Galicia no subsector da


industria farmacéutica, na fabricación doutro material de transporte (naval), industria de papel e automoción.

Finalmente, a terceira parte deste apartado céntrase na actividade produtiva, presentando unha visión global dos sectores clave a partir dos principais índices económicos e do volume de facturación e valor engadido das empresas, así como unha análise das principais ramas de actividade.


No concernente a este último punto, cómpre salientar a elevada concentración empresarial e sectorial tendo en conta tanto o feito de que os tres sectores máis importantes do territorio analizado –automoción, mar-industria e construción naval– acollen en torno ao 58% do facturado nos 19 concellos de Vigo e a súa área e case o 38% do valor engadido, como que as 40 empresas máis importantes suman o 53% do total facturado (mesma porcentaxe en 2007).

Importancia estratéxica dos sectores produtivos e sectores estratéxicos de futuro segundo o *Plan Estratéxico Galicia 2010-2014. Horizonte 2020*

Sectores produtivos



Sectores estratéxicos de futuro



Fonte: Xunta de Galicia

MARCO DE REFERENCIA

Á hora de analizar a situación presente e futura do sector empresarial galego, o marco de referencia global que hai que ter presente é o **“Plan estratéxico de Galicia 2010-2014. Horizonte 2020”**. Xunto a el, hai que mencionar tamén, pola súa incidencia no desenvolvemento da actividade produtiva, o **“Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais de Galicia”**.

Tendo en conta que os obxectivos do plan estratéxico de Galicia son a calidade de vida e benestar dos galegos (“Galicia, para vivir, traballar e investir”), a construción dun novo modelo produtivo, baseado na economía do coñecemento, e o respecto ambiental (“Converter o territorio nun factor de desenvolvemento”), o Plan clasifica os sectores produtivos como:

- Estratéxicos: aqueles que presentan vantaxes comparativas iniciais, e posibilidades de crecemento e aumento de produtividade;
- Básicos: de grande importancia para o VEB de Galicia e/ou o emprego;
- Complementarios: necesarios para lograr e manter as vantaxes competitivas dos demais sectores.

Tal e como recolle o **cadro 2.5.1.**, o Plan define sete sectores estratéxicos e de futuro (automoción, construción naval, enerxía, madeira, pedra e rochas ornamentais, téxtil e turismo), cinco sectores básicos (agricultura, agroalimentario, construción, forestal e pesca e acuicultura) e dous sectores complementarios (servizos empresariais e transporte e loxística). Xunto a eles, considera como factores de competitividade as infraestruturas, o capital humano, o

desenvolvemento humano e benestar, a I+D+i, a internacionalización, as TIC e unha administración pública moderna.

Asemade, tendo en conta o obxectivo de facer de Galicia un lugar atractivo para investir, considéranse tres grandes grupos de sectores estratéxicos de futuro: os relacionados coa economía verde, coa economía da saúde e coa economía do coñecemento.

No que atinxe ao *Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais*, un dos seus obxectivos fundamentais baséase na cobertura dos déficits de solo empresarial observados tratando, á súa vez, de reequilibrar os déficits de localización de solo. Para iso, o Plan busca, dunha banda, cuantificar e localizar a superficie necesaria de solo empresarial que debe urbanizarse para cubrir as necesidades da demanda estimada. Doutra banda, definir os distintos ámbitos do territorio que sexan susceptibles de actuacións de carácter empresarial para cubrir a longo prazo as necesidades de solo empresarial derivadas da aplicación das Directrices de Ordenación do Territorio, mediante o estudo da capacidade de acollida do territorio para actividades empresariais.

CENSO EMPRESARIAL

Os datos recollidos no Directorio Central de Empresas (DIRCE)¹ reflicten que o número de empresas activas en Vigo e a súa área de influencia a 1 de xaneiro de 2011 ascende a 39.136 unidades, o que supón que nos 19 concellos analizados se concentra o 19% das empresas galegas e o 55,5% das empresas con sede social na provincia de Pontevedra (**cadro 2.5.2.**).

Atendendo a evolución do número de empresas entre os anos 1999 e 2011, Vigo

1) O DIRCE cubre todas as actividades económicas agás a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración Central, Autónoma e Local (incluída a Seguridade Social), as actividades das Comunidades de propietarios e o servizo doméstico. A unidade básica de análise é a empresa, que se define como unha organización sometida a unha autoridade rectora que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ambas as dúas e constituída con miras a exercer nun ou varios lugares unha ou varias actividades económicas por conta dunha mesma empresa.

Censo empresarial a 1 de xaneiro de 2011

	Empresas		Crecemento anual acumulado 1999-2011 (%)	Poboación		Crecemento anual acumulado 1999-2011 (%)	Densidade empresarial (empresas / 1.000 hab.)
	(número)	(%/total)		(número)	(%/total)		
Galicia	206.426		2,1	2.795.422		0,2	73,8
A Coruña	86.581		2,1	1.147.124		0,3	75,5
Lugo	25.524		1,6	351.530		-0,4	72,6
Ourense	23.773		1,2	333.257		-0,3	71,3
Pontevedra	70.548		2,6	963.511		0,5	73,2
Vigo e a súa área de influencia	39.136	100	2,7	520.255	100	0,6	75,2
Mondariz	206	0,5	0,5	5.081	1,0	-1,3	40,5
Mondariz-Balneario	51	0,1	3,4	730	0,1	1,2	69,9
Neves, As	187	0,5	0,9	4.400	0,8	-1,1	42,5
Ponteareas	1.713	4,4	4,3	23.561	4,5	2,3	72,7
Salvaterra de Miño	603	1,5	4,1	9.546	1,8	1,0	63,2
Cangas	1.581	4,0	3,8	26.121	5,0	0,9	60,5
Moaña	1.145	2,9	3,4	19.336	3,7	0,7	59,2
Vilaboa	423	1,1	2,3	6.024	1,2	0,4	70,2
Baiona	831	2,1	3,6	12.258	2,4	1,2	67,8
Fornelos de Montes	45	0,1	1,0	2.002	0,4	-1,3	22,5
Gondomar	1.037	2,6	4,4	13.973	2,7	1,8	74,2
Mos	1.296	3,3	3,5	14.942	2,9	0,7	86,7
Nigrán	1.375	3,5	3,5	17.879	3,4	1,1	76,9
Pazos de Borbén	117	0,3	2,6	3.192	0,6	0,0	36,7
Porriño, O	1.765	4,5	4,2	18.075	3,5	1,1	97,6
Redondela	1.787	4,6	1,5	30.006	5,8	0,3	59,6
Salceda de Caselas	624	1,6	4,8	8.665	1,7	3,1	72,0
Soutomaior	472	1,2	3,2	7.223	1,4	2,6	65,3
Vigo	23.878	61,0	2,3	297.241	57,1	0,4	80,3

(1) datos a 1 de xaneiro

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE

■ 2.5.2.


e a súa área de influencia presenta un dinamismo empresarial superior ao experimentado tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Dunha banda, entre os dous anos considerados, a taxa de crecemento anual acumulado do número de empresas en Vigo e a súa área foi do 2,7%, tres décimas por riba da taxa española e seis décimas máis que na Comunidade autónoma. Doutra banda, tal e como amosa o **cadro 2.5.3.**, as taxas de crecemento interanual presentan un mellor comportamento ao longo dos doce anos analizados tanto en relación a Galicia (agás en 2005 e 2010) como ao conxunto do Estado (agás en 2005 e 2007).

O impacto da crise económica en termos do censo empresarial prodúcese a partir do ano 2008 no conxunto do Estado, en tanto

que en Vigo e a súa área de influencia o fai un ano máis tarde. Tal e como se desprende da evolución recollida **cadro 2.5.4.**, o impacto da crise non só é menor en Vigo e a súa área de influencia que en Galicia e España, senón que mentres que no conxunto do Estado o número de empresas españolas en 2010 e 2011 é inferior ao do ano 2007, en Galicia e no conxunto dos concellos analizados é máis elevado.


A análise da densidade empresarial reflicte que o número de empresas por cada mil habitantes en Vigo e a súa área de influencia é superior á rexistrada en Galicia. Se no ano 1999 tanto en Galicia como no conxunto dos concellos analizados había un total de 59 empresas por cada mil habitantes, en 2011 este indicador ascendía a 75,2 empresas na área de Vigo fronte ás 73,8

Evolución do número de empresas 1999-2011



Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE

2.5.3.

Evolución do número de empresas 2007-11 ⁽¹⁾


(1) 2007=100


Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE

empresas por cada 1.000 habitantes en Galicia.

Os indicadores recollidos no devandito **cadro 2.5.2.** amosan o desigual comportamento nos diferentes concellos. Dunha banda, no que atinxe ao incremento do número de empresas entre 1999 e 2011, Salceda de Caselas, Gondomar, Ponteare-

as, O Porriño e Salvaterra de Miño presentan taxas medias acumulativas de crecemento superiores ao 4%, sendo esta porcentaxe igual ou inferior ao 1% nos concellos de Mondariz, As Neves e Fornelos de Montes. Doutra banda, O Porriño sitúase como o concello coa maior densidade empresarial a 1 de xaneiro de 2011, con 97,6 empresas por cada mil habitantes, por

Tamaño medio das empresas 1999 e 2011




Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE

diante de Mos e Vigo, con 86,7 e 80,3 empresas por cada mil habitantes. Por contra, Fornelos de Montes, con 22,5 empresas por cada mil habitantes, sitúase como o concello con menor densidade empresarial, seguido por Pazos de Borbén, con 36,7 empresas, e Mondariz e As Neves, con 40,5 e 42,5 empresas por cada mil habitantes, respectivamente.

No que atinxe ao tamaño medio das

empresas de Vigo e a súa área de influencia, do **cadro 2.5.5.** dedúcese que o seu tamaño medio é superior ao do conxunto das empresas galegas, se ben o diferencial entre as mesmas redúcese entre os dous anos considerados. A 1 de xaneiro de 2011, case o 60% do tecido empresarial de Vigo e a súa área non tiñan asalariados, un 21,8% posúen entre 1 e 2 empregados e un 9,2% teñen entre 3 e 5 empregados. Tan só o 2,3% das empresas tiñan máis de

Tecido empresarial 2008-2011: distribución segundo grandes ramas de actividade



Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE

2.5.6.


20 persoas empregadas. No conxunto das empresas de Galicia, o peso relativo das empresas sen asalariados é superior no conxunto da Comunidade autónoma (61,9%), sendo inferior no caso das empresas que teñen máis de tres traballadores asalariados.

Se a aproximación ao tamaño medio das empresas se fai a través do cociente do número de traballadores afiliados á Seguridade Social en alta laboral no réxime xeral e no réxime espacial de autónomos entre o número de empresas, a dimensión media das empresas de Vigo e a súa área de influencia, a pesar do descenso experimentado nos últimos anos, mantense por riba do tamaño medio das empresas galegas. O número medio de traballadores nas empresas dos 19 concellos considerados descende dende os 5 traballadores a 1 de xaneiro de 2007 ata os 4,6 traballadores na mesma data do 2011. No conxunto de Galicia este rateo sitúase en 4,6 traballadores, unha décima menos que en 2007.

Se se consideran tan só as empresas con asalariados, este indicador, onde non se inclúen os traballadores autónomos, amosa tamén a maior dimensión das empresas de Vigo e a súa área de influencia. A 1 de xaneiro do ano 2011, o tamaño medio das empresas con sede social no territorio analizado é de 9,3 traballadores fronte aos 9,1 traballadores en Galicia.

No concernente á súa distribución sectorial, no ano 2011 (último dato dispoñible a nivel municipal) setenta e oito de cada cen empresas pertencen ao sector servizos, onde as actividades comerciais (por xunto, polo miúdo e intermediarios de comercio) teñen un peso moi importante ao acoller o 27,9% das empresas de Vigo e a súa área de influencia. Asemade, cómpre salientar o peso das actividades do sector da construción e o das actividades "actividades profesionais, científicas e técnicas", que representan case o 14,5% e o 12,3%, respectivamente. A importancia relativa das empresas da industria manufacturera no

Índice de especialización relativa da industria manufactureira 2011: distribución segundo grupos CNAE 2009 (2 díxitos)



Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE

■ 2.5.7.

tecido empresarial de Vigo e a súa área de influencia é do 6,6%.

O índice de especialización² calculado para os grandes sectores e ramas de actividade industrial, indica que Vigo e a súa área de influencia non presenta unha sobre-especialización respecto á media galega –valores superiores a 1– no caso da industria manufactureira considerada no seu conxunto (IE = 0,9). Con todo, o **cadro 2.5.7.** amosa que dos 23 grandes grupos de actividade (CNAE 2009), catorce presentan un índice superior á unidade, salientando o caso da fabricación de produtos farmacéu-

ticos cun índice de especialización de 3,2 puntos, fabricación doutro material de transporte (2,6) e o da industria de papel, “reparación e instalación de maquinaria e equipo” e “fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques” (1,8).


No que aos grandes grupos de actividade do sector terciario se refire (IE = 1,0), o índice de especialización da actividade empresarial de Vigo respecto ao conxunto de Galicia reflicte tan só unha lixeira sobre-especialización no caso das empresas de información e comunicacións, cun valor de 1,3 e actividades administrativas e servizos auxiliares, cun 1,2 puntos, situándose no extremo oposto a hostalería, cun índice de 0,9 puntos. Atendendo aos valores para as distintas ramas de actividade, cómpre salientar os valores correspondentes ás actividades relativas ao transporte aéreo

² Este índice mide o grao de especialización dun determinado sector ou rama de actividade da forma

$$IE_{iV} = \frac{Emp_i^V / Emp^V}{Emp_i^G / Emp^G}$$

onde “Emp” indica o número de empresas; “i” sector ou rama de actividade; “V” Vigo e a súa área de influencia; “G” Galicia.

Empresas 1999-2011: crecemento medio anual acumulado



Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE

2.5.8.

(3,3), ás de “almacenamento e actividades anexas ao transporte” (1,6 puntos), e “actividades administrativas de oficina e outra actividades auxiliares ás empresas”, “telecomunicacións” e “Edición” (1,4 puntos).

No concernente á **actividade emprendedora** e ao **espírito empresarial**, que se pode considerar como un elemento que contribúe ao dinamismo socioeconómico dun territorio, os dous indicadores que tradicionalmente se empregan para medir dita actividade emprendedora, número de micro-pemes e número de afiliados á Seguridade Social por conta propia, reflicten que no período 1999-2011, Vigo e a súa área de influencia presenta un maior dinamismo que o experimentado en Galicia e no conxunto do Estado.

Se se considera o número de empresas sen asalariados como unha aproximación ao primeiro indicador, o **cadro 2.5.8.** reflicte que neses doce anos a taxa de crecemento anual

acumulado foi do 3%, tres décimas por riba da medra rexistrada para o total do número de empresas (unha décima no caso de Galicia). Por contra, a actividade emprendedora no conxunto do Estado é máis moderada que na área de Vigo, xa que o incremento do número de empresas é superior ao das empresas sen asalariados. No caso das empresas que contan con un ou dous traballadores asalariados, tanto a área de Vigo como Galicia presentan taxas de crecemento acumulado similar ao total empresarial.

Ao igual que no caso anterior, os datos de afiliados por conta propia reflicten un mellor comportamento que no conxunto de Galicia e España. Mentres que en Vigo e a súa área de influencia a crise económica fixo que entre os anos 2008 e 2011 a taxa de crecemento anual acumulativa do número de afiliados por conta propia presentara un valor negativo do 1,9%, en Galicia e España a caída foi do 2,2%. En decembro de 2011, o número de traballa-

dores por conta propia ascendeu a 38.463 persoas, o 48% do total da provincia de Pontevedra e o 15,5% do total galego.

ACTIVIDADE PRODUTIVA

Unha vez analizadas as principais características do censo empresarial de Vigo e a súa área de influencia, o obxectivo desta terceira parte do capítulo é analizar a actividade produtiva do territorio. Pártese dunha visión xeral da mesma atendendo aos datos económicos (facturación e valor engadido) presentados no *Directorio de empresas* de Ardán. Posteriormente analízanse as principais ramas ou sectores de actividade partindo dos tres sectores máis representativos da área: automoción, complexo mar-industria e construción naval, que en conxunto acollen máis do 58% da facturación das empresas da área e case o 38% do valor engadido. Estas porcentaxes son significativamente superiores ás rexistradas en Galicia onde supoñen o 21,2% e 12,3%, respectivamente.

● Panorama xeral dos sectores produtivos

O tecido produtivo de Vigo e a súa área de influencia caracterízase, ao igual que o do conxunto de Galicia, polo seu elevado grao de concentración da facturación empresarial, se ben este é lixeiramente inferior no territorio analizado que na comunidade autónoma.

Dunha banda, este grado de concentración apréciase a través de dous indicadores

relacionados entre si: curva de Lorentz e o coeficiente de Gini. O primeiro é unha forma gráfica de representar a distribución do volume de facturación entre as empresas e o segundo mide o grao de distribución da facturación entre as empresas respecto á distribución con perfecta igualdade³. O **cadro 2.5.9.** amosa a curva de Lorentz de Vigo e a súa área de influencia e a súa comparación coa do conxunto de Galicia, así como os valores que acada o índice de Gini para os dous territorios considerados. No caso galego este valor é de 0,88 e o de Vigo e a súa área de influencia, de 0,83.

No que atinxe ás grandes ramas de actividade, rexístrase unha elevada concentración en termos de facturación e valor engadido no subsector de Fabricación de vehículos de motor, que acolle o 34,2% do total facturado polas empresas de Vigo e a súa área e o 22,0% do valor engadido. Tal e como amosa o **cadro 2.5.10.**, o sector servizos ten un peso moi inferior ao rexistrado no conxunto de Galicia por mor do comportamento da actividade comercial. Mentres que no territorio analizado o comercio factura o 29,4% do total e xera o 16,5% do VEB, na comunidade autónoma estas porcentaxes ascenden ata o 43,4% e 32,9%, respectivamente.

En termos comparativos coas empresas galegas, Vigo e a súa área de influencia acolle o 26,8% da facturación e xera o 22,7% do valor engadido. O conxunto de actividades englobadas na industria de fabricación de vehículos de motor e no sector primario, basicamente no subsector


³ O índice de Gini calcúlase aplicando a seguinte fórmula $IG = \frac{\sum (p_i - q_i)}{\sum (p_i)}$; onde "i" toma valores entre 1 e

n-1; "p_i" mide a porcentaxe de empresas que presentan unha facturación igual ou inferior a un determinado valor

x_i; "q_i" calcúlase aplicando a relación $\frac{((X_1 * n_1) + (X_2 * n_2) + \dots + (X_i * n_i))}{((X_1 * n_1) + (X_2 * n_2) + \dots + (X_n * n_n))} * 100$. O índice de Gini

pode tomar valores entre 0 e 1, indicando no primeiro caso que a concentración está uniformemente repartida ao longo de todo o seu rango, mentres que se o valor é 1 reflicte que un só valor da mostra acumula o 100% dos resultados.


Grao de concentración da facturación das empresas 2010: curva de Lorentz



Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Ardán

2.5.9.

Actividade produtiva 2010: distribución segundo grandes ramas de actividade




(1) O peso relativo da facturación do sector primario en Vigo e a súa área de influencia é do 2,3% e o de Galicia do 1,5%. No caso da facturación, as porcentaxes son do 3,2% e 2,0%, respectivamente.

(2) No que atinxe ao sector enerxético, o peso relativo da súa facturación en Vigo e a súa área de influencia é do 0,3% e o de Galicia do 0,7%. No caso valor engadido, as porcentaxes son do 1,4% e 3,7%, respectivamente.

(3) No conceme á industria extractiva o peso relativo da súa facturación en Vigo e a súa área de influencia é do 0,4% e o de Galicia do 0,6%. No caso valor engadido, as porcentaxes son do 0,5% e 1,2%, respectivamente.

Fonte: Ardán

**Peso relativo da actividade produtiva de Vigo e a súa área de influencia en Galicia 2010:
distribución segundo grandes ramas de actividade**



Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Ardán

pesqueiro, presentan un peso relativo superior ao do conxunto de empresas de Vigo e a súa área tanto no caso do nivel de facturación como do valor engadido xerado. Asemade, o subsector “resto dos servizos” ten un peso relativo superior no caso do valor engadido.

Esta mesma característica da elevada concentración apréciase ao observar as 40 empresas máis importantes en termos de

facturación. O **cadro 2.5.12.** amosa non só o seu posto no *ranking* galego en termos de facturación, senón tamén a importancia do sector de automoción, do complexo mar-industria e da industria naval.

Un último aspecto a ter en conta á hora de analizar este panorama xeral dos sectores produtivos de Vigo e a súa área de influencia é o da súa situación dende a perspectiva competitiva (**cadro 2.5.13.**). Os indica-

Ranking de empresas con sede social en Vigo e a súa área de influencia segundo a súa facturación 2009-2010

Ranking en Galicia	Empresa	Sector	Localidade	Facturación		
				2009	2010 (en €)	2010/09 (%)
1	Peugeot Citroën Automoviles España, S.A.	Automóviles. Carroc.vehic.turismo	Vigo	5.577.287.883	5.560.429.683	-0,3
13	Pescanova, S.A.	Pescados e Mariscos	Redondela	528.008.000	575.443.000	9,0
21	Cimpor Inversiones, S.A.	Compañía Holding	Vigo	164.766.000	275.805.000	67,4
26	Hijos de J. Barreras, S.A.	Construción e reparación de buques	Vigo	343.289.000	233.346.000	-32,0
33	Asientos de Galicia, S.L.	Recambios e pezas de motor	Vigo	212.298.987	209.791.184	-1,2
35	Infinita Renovables, S.A.	Prod.quím.inorg.industr.SC	Vigo	100.780.889	206.315.834	104,7
45	Factorías Vulcano, S.A.	Construción e reparación de buques	Vigo	87.983.587	176.786.635	100,9
46	Pescanova Alimentación, S.A.	Alimentos conxelados	Redondela	174.309.245	173.672.832	-0,4
52	Faurecia Sistemas de Escape España, S.A.	Recambios e pezas de motor	Vigo	144.891.919	156.240.850	7,8
55	Cimpor Trading, S.A.	Materiais para a construción	Vigo	47.475.559	147.634.223	211,0
56	GKN Driveline Vigo, S.A.	Recambios e accesorios para autom.	Vigo	107.329.142	147.307.888	37,2
65	Templetonn Fisch, S.L.	Pescados e Mariscos	Vigo	119.724.113	128.747.113	7,5
66	Efiatles S.L.	Pescados e Mariscos	Vigo	127.073.600	128.080.045	0,8
68	Mascato, S.A.	Pescados e Mariscos	Vigo	104.251.541	124.042.612	19,0
70	Borgwarner Emissions Systems Spain, S.L.	Recambios e pezas de motor	Vigo	99.937.898	122.108.791	22,2
71	Industrias Frigoríficas del Louro, S.A.	Carne empaq., embut., matadoiro	O Porriño	133.259.499	119.298.222	-10,5
75	Pescapuerta, S.A.	Pescados e Mariscos	Vigo	98.761.000	109.448.000	10,8
76	Construcciones Navales P. Freire, S.A.	Construción e reparación de buques	Vigo	107.541.356	108.287.667	0,7
78	Iberica de Congelados, S.A.	Alimentos conxelados	Vigo	93.547.882	106.761.597	14,1
80	Gestamp Vigo, S.A.	Recambios e pezas de motor	O Porriño	95.290.832	105.999.901	11,2
82	Hospital Povisa, S.A.	Hospit. Xerais de Medicina	Vigo	102.675.000	101.920.000	-0,7
84	Comercial Pernas, S.L.	Pescados e Mariscos	Vigo	73.058.278	99.760.266	36,5
89	Metalships & Docks, S.A.U.	Construción e reparación de buques	Vigo	164.807.200	93.502.224	-43,3
93	Cementos Cosmos, S.A.	Cemento	Vigo	88.343.892	88.023.925	-0,4
96	Alumisel, S.A.U.	Desperdicios e chatarras	O Porriño	33.478.938	86.684.245	158,9
98	Transportes Martínez Souto, S.L.	Transporte por estrada	Mos	82.481.370	85.710.407	3,9
102	Hijos de Carlos Albo, S.L.	Conserv. Pescado e froitos mar	Vigo	-	83.466.126	
103	Denso Sistemas Térmicos España, S.A.	Recambios e pezas de motor	Vigo	86.880.542	83.333.693	-4,1
105	Pórtico, S.A.	Mobles	Mos	80.426.902	80.051.863	-0,5
107	Fandicosta, S.A.	Pesc. Prod.mar fresc. e conx	Moaña	61.577.334	77.194.408	25,4
110	Hnos. Fernández Ibañez Consign. Pesca, S.L.	Pescados e Mariscos	Vigo	61.365.503	76.299.074	24,3
113	Benteler Automotive Vigo, S.L.	Recambios e pezas de motor	Vigo	64.317.000	73.584.000	14,4
119	Viza Automoción, S.A.U.	Recambios e pezas de motor	O Porriño	59.321.588	68.754.463	15,9
120	Congelados Marinos Promar, S.L.	Pesc. Prod.mar fresc. e conx	Vigo	58.323.575	67.434.441	15,6
123	Pereira Productos del Mar, S.A.	Pescados e Mariscos	Vigo	59.124.206	66.174.429	11,9
128	Astilleros Armon Vigo, S.A.	Construción e reparación de buques	Vigo	51.950.445	64.223.767	23,6
135	Lonza Biologics Porriño, S.L.U.	Prod.quím..farmacéuticos	O Porriño	65.997.000	62.513.000	-5,3
143	Bimba & Lola, S.L.	Confeccións, e complementos diversos	Vigo	51.698.071	60.124.373	16,3
151	Pescafresca, S.A.	Pescados e Mariscos	Vigo	49.648.610	55.635.233	12,1
154	Frivpesca Chapela, S.A.	Pesc. Prod.mar fresc. e conx	Redondela	62.676.268	54.843.279	-12,5

Fonte: Ardán

2.5.12.
Indicadores de competitividade das empresas 2008 e 2010

	Exercicio 2010					
	Empresas			Facturación		
	Vigo e área de influencia	Pontevedra	Galicia	Vigo e área de influencia	Pontevedra	Galicia
	(en millóns de €)					
Exportadora	669	983	1.921	14.007,8	17.126,2	40.598,6
Internacionalizada	85	103	165	1.200,4	1.497,5	2.615,1
Calidade medioambiental	467	679	1.675	9.779,6	12.243,6	33.758,6
Gacela	29	50	128	679,0	828,1	1.805,2
Alto rendemento	37	39	145	185,7	188,3	3.661,4
Xeneradora de riqueza	28	40	98	679,0	828,1	5.897,9
Ben xestionadas	93	152	448	944,6	1.383,7	3.797,5
Alta produtividade	36	58	135	825,3	1.149,6	8.562,8

	Exercicio 2008					
	Empresas			Facturación		
	Vigo e área de influencia	Pontevedra	Galicia	Vigo e área de influencia	Pontevedra	Galicia
	(en millóns de €)					
Exportadora	603	912	1.908	14.682,4	19.645,0	46.297,0
Calidade medioambiental	485	699	1.695	11.612,7	14.703,2	34.391,3
Gacela	107	192	535	1.257,3	1.675,1	4.102,7
Alto rendemento	47	69	238	253,2	308,9	5.472,0
Xeneradora de riqueza	18	29	94	420,3	573,4	4.359,1
Ben xestionadas	88	137	410	514,5	761,6	3.119,1
Alta produtividade	56	88	213	640,9	1.127,2	3.299,5

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Ardán

dores competitivos definidos por Ardán⁴ ofrecen unha perspectiva de interese sobre a capacidade de competir das empresas e, especificamente, sobre aquelas que crecen de forma extraordinaria (gacelas), as que obteñen elevadas rendibilidades (alto rendemento), as firmas que xeran un alto nivel de valor engadido (xeradoras de riqueza) ou un alto nivel de produtividade do factor humano (alta produtividade). Existe outro indicador que incorpora a consecución de varios parámetros simultaneamente, empresas ben xestionadas. Son aquelas empresas capaces de manter durante tres anos consecutivos uns excelentes parámetros de xestión, especialmente en crecemento, rendibilidade, produtividade e liquidez. Os mencionados valores deben estar por riba da mediana do sector no que se localizan durante un período de tres anos consecutivos.

Atendendo á información financeira correspondente aos últimos tres exercicios depositados no rexistro mercantil (2008-2010), no conxunto dos 19 concellos analizados o 21,8% das empresas consideradas teñen o cualificativo de exportadoras, sendo esta porcentaxe máis de sete puntos porcentuais e medio superior ao do conxunto de Galicia. Atendendo á súa distribución segundo actividade económica, salientan o comercio por xunto de peixes e mariscos e o das actividades englobadas dentro do complexo mar industria, que supoñen o 14,4% e 5,8% das empresas exportadoras de Vigo e a súa área de influencia (8,2% e 5,2% en Galicia). Séguenlle en importancia o subsector de rochas ornamentais (granito, mármore e pedra), con 4,8% (3%), industria naval, co 4,3% (2%) e automoción, co 4,2% (2,7% en Galicia).

Se se definen as empresas internacionaliza-

das como aquelas con presenza nos mercados exteriores e cunha intensa actividade comercial (presentan elevados valores nunha serie de magnitudes directamente relacionadas co proceso de internacionalización empresarial tales como os países aos que exporta, a relación das exportacións coas vendas internas, os clientes estranxeiros, os empregados dedicados a tarefas de internacionalización ou as exportacións a países que non forman parte da Unión Europea), o 2,8% das empresas de Vigo e a súa área de influencia poden catalogarse como tales (1,6% no conxunto da comunidade autónoma). Entre as distintas ramas de actividade salientan as pertencentes ao complexo mar industria, automoción e naval e comercio por xunto de peixes e mariscos.


Un terceiro indicador a destacar, polo maior peso relativo en relación ao conxunto das empresas galegas analizadas, é o da certificación de calidade e medioambiental. As empresas con este distintivo representan o 15,2% das empresas da área de Vigo, case tres puntos máis que en Galicia. Entre as actividades que presentan maior número de empresas con certificación salientan na área de Vigo as de transporte por estrada (7,1% das empresas con certificación no territorio), construción naval (6,4%), maquinaria e equipo, co 4,5% e a automoción e empresas de instalacións eléctricas, con case un 4%.

● Automoción

Por mor do emprazamento do centro de PSA Peugeot-Citroën en Vigo, a industria do automóbil é o principal motor de crecemento da área de Vigo, xerando en torno ao 23% do valor engadido do territorio e o 35% da facturación empresarial. Asemade, cómpre salientar que o capítulo arancelario correspondente á automoción (87) é o principal capítulo exportador e importador, representando en 2012 o 56,3% das vendas da provincia de Pontevedra a terceiros países.

4) A mostra de empresas está formada por empresas non financeiras con datos homoxéneos (2008-2010) e cunha facturación no ano 2010 superior a 6.000 euros.

Produción de vehículos no centro PSA Peugeot Citroën 2008-12



Fonte: PSA Peugeot Citroën

2.5.14.

Destinos dos vehículos fabricados en Vigo 2009-12

	2009	2011	2012
Número de países	99	71	76
		(%)	
Unión Europea	94	86	79
Resto de Europa	1	2	6
Asia	3	6	7
África	1	3	5
América e Oceanía	1	3	3

Fonte: PSA Peugeot Citroën

2.5.15.

Nun contexto de retroceso dos principais mercados aos que se dirixen os vehículos fabricados en Vigo, o centro de PSA pechou o ano 2012 cunha produción de case 300.000 vehículos e 40.400 coleccións (vehículos despezados), o que significa un descenso superior a 140.000 unidades respecto á produción de 2008 (32,4%). Cómpre salientar que o 8 de novembro de 2012 o centro de Vigo conmemorou a produción do vehículo 11 millóns (un Citroën C-Elysée HDi 92 CV) dende que iniciou a súa actividade en 1958.

A devandita contracción reflectiuse directamente no emprego. No ano 2012 o centro de Vigo pechou cunha plantilla de 6.700

traballadores, fronte ás 7.600 persoas que realizaban a súa actividade nas quendas de mañá, tarde e noite en 2009.

Ao longo dos últimos cinco anos exportouse máis do 85% da produción, sendo o principal destino a Unión Europea. Tal e como reflicte o **cadro 2.5.15.**, o 79% dos vehículos vendéronse na UE, sendo os seus principais destinos Francia, Gran Bretaña, Irlanda, Alemaña, Italia, Bélxica e Holanda. A Asia exportouse o 7% da produción, o 6% ao resto de Europa, o 5% a África e o 3% a América e Oceanía. Comparado co ano 2009, descende o peso relativo das vendas a países da UE, aumentando nas outras áreas comerciais consideradas.

Exportacións de automóbiles na provincia de Pontevedra 2007-12

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
	(en miles de euros)					
87- Vehículos automóviles; tractores	6.557.143,8	4.835.957,9	4.792.243,8	4.835.957,9	5.132.460,9	3.925.552,3
8701- Tractores (agás as carretillas tractor da partida 87.09).	764,0	850,8	281,6	850,8	1.496,4	957,2
8702- Vehículos automóviles para o transporte de dez persoas ou máis, condutor incluído.	233,4	15,1	9,5	15,1	27,2	8,0
8703 - Coches de turismo e demais vehículos automóviles proxectados principalmente para o transporte de persoas (agás os da partida 87.02), incluídos os vehículos de tipo familiar e os de carreiras.	4.487.492,2	3.128.241,1	3.560.365,3	3.128.241,1	3.372.417,3	2.524.333,7
8704- Vehículos automóviles para o transporte de mercadorías.	985.782,6	1.083.259,8	545.929,9	1.083.259,8	1.162.164,1	865.510,5
8705- Vehículos automóviles para usos especiais, (agás os concibidos principalmente para o transporte de persoas ou de mercadorías) [por exemplo: coches para reparacións (auxilio mecánico), camiões-grúa, camiões de bombeiros, camiões hormigoneira, coches-	1.440,1	2.686,6	3.812,2	2.686,6	4.391,5	4.698,7
8706- Chasis de vehículos automóviles das partidas 87.01 a 87.05, co motor.	65,7	734,5	20,0	734,5	1.051,1	952,9
8707- Carrozarías de vehículos das partidas 87.01 a 87.05, incluso as cabinas.	11,5	6,2	10,0	6,2	107,8	58,9
8708- Partes e accesorios de vehículos automóviles das partidas 87.01 a 87.05.	1.074.950,4	617.552,0	676.848,5	617.552,0	588.298,3	526.516,8
8709- Carretillas-automóvil sen dispositivo de elevación do tipo das utilizadas en fabricas, almacéns, portos o aeroportos, para o transporte de mercadorías a corta distancia; carretillas-tractor do tipo das utilizadas nas estacións; partes.	94,4	0,3	4,1	0,3	12,5	161,7
8710- Carros e automóviles blindados de combate, incluso armados; partes.	4.246,1	236,6	2.795,2	236,6	1.157,9	737,9
8711- Motocicletas, incluídos os ciclomotores, e velocípedes equipados con motor auxiliar, con sidecar ou sen el; sidecares.		16,9		16,9	2,6	4,6
8712- Bicicletas e demais velocípedes, incluídos os triciclos de reparto, sen motor.	38,4	13,5	22,4	13,5	15,2	12,8
8713- Sillóns de rodas e demais vehículos para inválidos, incluso con motor ou outro mecanismo de propulsión.	519,4	716,3	238,6	716,3	230,6	205,3
8714- Partes e accesorios dos vehículos das partidas 87.11 a 87.13.	0,5	1,3		1,3		31,2
8715- Coches, sillas e vehículos similares para o transporte de nenos e as súas partes.	1.504,9	1.627,0	1.906,6	1.627,0	1.088,2	1.362,1
8716- Remolques e semirremolques para calquera vehículo; vehículos non automóviles; partes.						
Total provincia Pontevedra	9.432.081,3	7.847.688,4	7.417.436,6	7.847.688,4	8.692.228,0	6.977.448,2
	69,5%	61,6%	64,6%	61,6%	59,0%	56,3%

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do ICEX

■ 2.5.16.

A evolución das exportacións da industria do automóbil no período 2007-2012 reflicte a crise do sector nos últimos anos. As vendas a terceiros países rexistraron unha caída media anual de case un 10%, sendo a taxa media anual acumulada do -5,9% para o conxunto da provincia. Tras esta evolución, a importancia relativa do sector nas exportacións pontevedresas descende dende o 69,5% de 2007 ata o 56,3% do ano 2012.

O **cadro 2.5.16.** reflicte que a partida máis importante é a de fabricación de turismos, que acolle o 64,3% das vendas exteriores do sector (36,2% das exportacións da provincia), seguida pola de vehículos para

mercadorías, cun 22% (12,4% do total provincial).

O Citroën Berlingo e o Peugeot Partner son os modelos que máis se produciron no centro de Vigo, con 101.400 e 96.400 vehículos en 2012. No mes de setembro dese mesmo ano comezouse a produción en serie dos Peugeot 301 e Citroën C-Elysée e a finais de ano se iniciou o seu lanzamento comercial co obxectivo de contribuír á captación de novos mercados.

A factoría pechou o último ano cunha produción de 40.400 coleccións, un 20% menos que no ano anterior, debido á inestabilidade dos mercados. Arxentina foi o

Actividade empresarial da industria do automóbil 2010

	Industria do automóbil				Comercio por xunto				Peso relativo no territorio	
	Total	Automóbil e carrozarías para turismos	Recambios e pezas motor	Carrozarías e remolques para camión e autobús (en millóns de €)	Total	Vehículos motor	Recambios e accesorios	Neumáticos e cámaras	Industria do automóbil	Comercio por xunto
									(%)	(%)
Galicia	6.750,9	5.635,0	1.052,9	63,1	835,9	361,0	447,3	27,7	9,2	1,1
Vigo e a súa área	6.588,0	5.571,0	1.017,0	-	315,1	45,1	260,6	9,3	33,6	1,6
Cangas	-	-	-	-	1,5	1,5	-	-	-	0,7
Mos	44,2	7,0	37,2	-	4,1	-	4,1	-	6,1	0,6
Nigrán	-	-	-	-	0,5	-	0,5	-	-	0,3
O Porriño	243,2	3,5	239,7	-	24,4	-	20,8	3,6	14,8	1,5
Ponteareas	-	-	-	-	4,1	0,7	3,4	-	-	1,8
Vigo	6.300,5	5.560,4	740,1	-	274,2	41,9	226,5	5,8	42,5	1,8
Vilaboa	-	-	-	-	6,4	1,0	5,4	-	-	7,7
Área de Vigo / Galicia	97,6%	98,9%	96,6%	-	37,7%	12,5%	58,3%	33,8%		

Valor engadido

	Industria do automóbil				Comercio por xunto				Peso relativo no territorio	
	Total	Automóbil e carrozarías para turismos	Recambios e pezas motor	Carrozarías e remolques para camión e autobús (en millóns de €)	Total	Vehículos motor	Recambios e accesorios	Neumáticos e cámaras	Industria do automóbil	Comercio por xunto
									(%)	(%)
Galicia	830,3	586,1	225,9	18,3	134,2	42,1	87,6	4,5	5,0	0,8
Vigo e a súa área	789,2	572,0	217,3	-	60,2	5,3	53,3	1,5	21,2	1,6
Cangas	-	-	-	-	0,4	0,4	-	-	-	0,6
Mos	12,9	2,0	10,9	-	0,7	-	0,7	-	7,4	0,4
Nigrán	-	-	-	-	0,1	-	0,1	-	-	0,4
O Porriño	59,6	1,5	58,1	-	5,2	-	4,8	0,4	14,1	1,2
Ponteareas	-	-	-	-	1,0	0,2	0,8	-	-	26,4
Vigo	716,7	568,5	148,2	-	51,6	4,7	45,8	1,2	27,0	1,9
Vilaboa	-	-	-	-	1,2	0,1	1,2	-	-	6,4
Área de Vigo / Galicia	95,1%		96,2%	-	44,8%	12,6%	60,9%	33,9%		

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Ardán

2.5.17.

principal mercado desta produción, con 28.200 coleccións (25.200 no ano 2011), por diante de Turquía, con 10.800, e Brasil, con 1.400 coleccións (17.700 e 7.600 no ano anterior, respectivamente).

No que se refire aos indicadores económicos, por mor do comportamento da fábrica de PSA-Citroën, primeira empresa de Galicia en termos de facturación (**cadro 2.5.12.**), e o da industria auxiliar, Vigo e a súa área de influencia acolle a práctica totalidade da facturación do sector en Galicia. Asemade, a industria do automóbil representa un terzo da facturación empresarial no territorio analizado e máis da quinta parte do valor engadido xerado.

En termos absolutos, a facturación en 2010 acadou os 6.588,0 millóns de euros, dos que 5.771,0 millóns corresponden á fabri-


cación de automóviles e carrozarías de vehículos de motor, e 1.017,0 millóns de euros ao subsector de recambios e pezas de motor. Se á industria do automóbil propiamente dita sumamos o comercio por xunto vinculado á automoción, a facturación supera os 6.900 millóns de euros, o 91,0% do total galego.

No concello de Vigo este sector acolle o 42,5% da súa facturación e o 27% do valor engadido, en tanto que en O Porriño estas porcentaxes se sitúan por riba do 14%.

• Complexo mar industria

Na análise do complexo mar industria considérase que está composto pola actividade extractiva propiamente dita xunto á industria transformadora de produtos do mar e o comercio por xunto de peixes e marisco. De

Evolución da flota de pesca 2007-11: buques e arqueo



Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Consellería do Medio Rural e do Mar

■ 2.5.18.

forma xeral, catro datos indican a importancia destas actividades: dunha banda, o liderado mundial do porto de Vigo no que ao peixe para consumo humano se refire; doutra, máis do 18% da facturación das empresas de Vigo e a súa área de influencia corresponde a este sector económico e máis da metade da facturación do sector en Galicia prodúcese en Vigo e a súa área de influencia; en terceiro lugar, o capítulo arancelario “Peixes, crustáceos e moluscos” (03) é o segundo capítulo exportador de Galicia por detrás do da automoción, situándose o de “Conservas de carne ou peixe” entre os sete primeiros ao longo do período 2006-2012; e por último, as persoas consultadas outorgan a este sector a valoración máis importante en canto ás perspectivas de futuro se refire, cunha puntuación media de 3,8 sobre seis.

A histórica vinculación Vigo e a súa área de influencia co mar, tanto dende un punto de vista socioeconómico como cultural, tradúcese nunha importante dotación de medios humanos e empresariais, tanto no concenrente á pesca extractiva, á transformación,

á comercialización como á acuicultura, así como nunha ampla formación e experiencia acumulada por parte dos traballadores e das empresas. Asemade, destaca a concentración dunha importante infraestrutura tecnolóxica e investigadora neste ámbito, situándose Vigo e a súa área de influencia como un centro de referencia tanto a nivel estatal como internacional.

O número de buques de pesca descende de xeito continuo ao longo dos últimos anos tanto en Galicia como en Vigo e a súa área de influencia. Tal e como reflicte o **cadro 2.5.18.**, entre os anos 2007 e 2011 (último dato dispoñible) a flota de pesca reduciuse dende os 842 buques ata os 735 do último ano, sendo este descenso máis acusado que no conxunto de Galicia. En termos relativos, o descenso medio anual acumulado en Vigo e a súa área foi do 3,3%, nove décimas superior ao da flota galega.

A pesar deste descenso, un indicador que nos dá a relevancia do vencello marítimo de Vigo e a súa área é o feito de que o 45% da flota de Galicia en arqueo corresponde ao

Flota de pesca 2007 e 2011

	2007			2011		
	Buques	Arqueo (en GTs)	Potencia (en CV)	Buques	Arqueo (en GTs)	Potencia (en CV)
Galicia	5.209	178.292	444.569	4.734	163.212	401.027
A Coruña	2.577	51.563	156.129	2.357	45.547	140.932
Lugo	224	30.273	69.360	202	28.392	61.459
Pontevedra	2.408	96.455	219.080	2.175	89.273	198.636
Área de Vigo	842	70.112	135.601	735	62.147	117.473
Aldán-Hío	42	72	937	32	58	826
Arcade	61	34	780	53	30	874
Baiona	97	375	3.082	89	154	2.470
Cangas	168	5.877	14.563	159	5.295	12.957
Meira	3	21	303	3	21	303
Moaña	145	228	5.668	128	214	3.186
Panxón	7	13	195	6	12	185
Redondela	151	317	4.004	108	278	3.276
San Adrián	6	3	87	3	2	57
Santa Cristina de Cobres	-	-	-	10	6	139
Vigo	161	63.170	105.966	143	56.075	93.184
Vigo (Canido)	1	2	16	1	2	16

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Consellería do Medio Rural e do Mar

2.5.19.

conxunto de concellos analizados (45,8% en 2007). Como reflicte o **cadro 2.5.19.**, Cangas é o porto con máis buques rexistrados no ano 2011, mentres que Vigo acolle os buques de maior tamaño e potencia.

No que atinxe ao tráfico de peixe e os seus derivados, no ano 2012 acadouse un novo record histórico absoluto, o que confirma o liderado mundial do porto de Vigo nesta materia. Nese último ano a pesca total descargada ascendeu a 803.357 toneladas (3% máis que no ano anterior), das que 640.077 toneladas corresponden ao movemento de pesca conxelada en buques mercantes, frigoríficos ou portacontenedores, ao de conservas e ao de fariña de peixe. A pesca fresca subastada acadou as 82.695 toneladas (1,9% máis que en 2011) e a conxelada, 78.266 Tm (8,1%).

No concernente á pesca descargada dos buques pesqueiros no porto de Vigo, o **cadro 2.5.20.** reflicte unha medra da pesca total descargada no ano 2012 por mor do incremento da pesca conxelada, que compensa a redución das capturas de pesca fresca. Asemade, indica que o valor das capturas en 2012 é inferior (326,5


millóns de euros no último ano fronte aos 364,6 millóns de euros en 2011) xa que descende tanto o valor da pesca conxelada como o da pesca fresca.

Atendendo aos diferentes sistemas de pesca, cómpre salientar a importante medra das capturas no caso da pesca de gran altura e o lixeiro aumento na caso da pesca de altura. En termos monetarios, o **cadro 2.5.21.** amosa que o valor da pesca de gran altura descende no último ano ata os 129,8 millóns de euros (26,2 millóns menos que en 2011), situándose no caso da pesca de altura en torno aos 112 millóns de euros.


Os datos recollidos nas memorias da Autoridade Portuaria de Vigo reflicten a paulatina caída do número de traballadores dedicados ás faenas de descarga e vendas, preparación, exportación e transporte no porto pesqueiro. Entre os anos 2007 e 2012, a poboación ocupada nestas actividades descendeu en case 1.370 persoas (**cadro 2.5.22.**), correspondendo as caídas máis acusadas ás actividades de "Mercados e pobos" e "Actividades diversas", con 424 (23,1%) e 430 (24,4%) persoas menos, respectivamente.

Pesca descargada de buques pesqueiros no porto de Vigo 2007-2012

(en Tm)



(en miles de euros)



Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Autoridade Portuaria de Vigo

Pesca descargada no porto de Vigo 2007-12: distribución segundo sistema

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
(en Tm)						
Total	178.811,8	157.337,0	155.772,6	166.167,7	156.640,3	160.960,5
Artisanal	1.831,1	1.572,3	1.567,0	1.653,5	1.426,9	1.310,0
Viveiro	39.147,4	39.816,7	39.763,6	39.456,0	39.056,2	38.772,1
Litoral	12.143,0	11.405,5	12.212,1	14.611,1	12.779,0	11.710,0
Altura	34.549,7	34.115,1	33.351,4	32.015,3	30.687,5	30.902,5
Gran altura	91.140,5	70.427,3	68.878,4	78.431,8	72.690,6	78.265,9

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
(en miles de euros)						
Total	363.776,1	329.707,4	326.628,9	383.255,1	364.582,0	326.529,3
Artisanal	12.750,9	10.428,8	9.698,9	10.230,9	8.356,8	6.119,2
Viveiro	49.448,1	54.167,8	53.280,7	54.406,9	53.518,8	52.405,2
Litoral	27.480,7	26.671,5	26.671,0	30.090,0	31.265,2	26.211,8
Altura	115.576,5	110.274,3	101.609,9	108.171,8	115.439,9	111.950,0
Gran altura	158.519,9	128.165,0	135.368,4	180.355,5	156.001,4	129.843,2

Fonte: Autoridade Portuaria de Vigo

Persoal dedicado ás faenas de descarga e vendas, preparación, exportación e transporte no porto pesqueiro 2007-12

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Total	5.831	5.548	4.575	4.786	4.575	4.464
Actividades diversas	1.834	1.628	1.460	1.580	1.460	1.410
Mercados y pobos	1.760	1.690	1.380	1.430	1.380	1.330
Vendedores	224	226	84	84	84	82
Exportadores	120	119	115	115	115	115
Empregados de vendedores	435	443	330	336	330	330
Empregados de exportadores	602	598	560	570	560	560
Empregados de armadores	760	748	550	575	550	550
Compradores de fábricas de conservas	6	6	6	6	6	5
Persoal de descargas (empresas privadas)	90	90	90	90	90	82

Fonte: Autoridade Portuaria de Vigo

2.5.22.

Actividade comercial nas lonxas 2012

	2012 (1)		Taxa crecemento anual acumulado 2007-12	
	(toneladas)	(millóns de euros)	Capturas	Importe
			(%)	(%)
Galicia	174.999,7	440,3	0,3	-1,0
Vigo e a súa área de influencia	34.838,6	111,5	-1,4	-1,9
Aldán-Hío	90,4	0,5	1,7	-0,7
Arcade	128,0	0,8	-9,0	-13,9
Baiona	276,7	1,8	-3,0	-8,4
Cangas	504,2	2,7	2,7	-5,0
Moaña	188,2	1,1	-6,6	-12,9
Redondela	264,4	1,5	-8,5	-11,7
Vigo	33.217,8	102,3	-1,4	-1,1
Vigo (Canido)	98,0	0,4	13,8	6,8
Vilaboa	71,1	0,4	-2,2	-7,5

(1) Datos provisionais

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Consellería do Medio Rural e do Mar

2.5.23.

No que á actividade comercial das lonxas se refire, no ano 2012 comercializáronse un total de 34.838,6 toneladas nas lonxas da ría de Vigo, o que representa o 19,9% do total comercializado en Galicia. O valor das mesmas ascendeu ata os 111,5 millóns de euros, o 25,3% das lonxas galegas. A diferenza do que acontece en Galicia, onde a taxa de crecemento anual acumulada do produto comercializado foi do 0,3% entre os anos 2007 e 2012, o **cadro 2.5.23.** indica que no conxunto das lonxas de Vigo e a súa área de influencia esta taxa foi negativa: -1,4%. No caso do valor total da mesma, a caída media en Galicia foi do 1%, descendendo un 1,9% na área de Vigo.

A lonxa de Vigo é a máis importante en ter-

mos de valor da produción, acollendo o 23,2% do valor total de Galicia.

No eido da acuicultura, cómpre salientar que Galicia é a primeira rexión acuícola de Europa e unha das primeiras do mundo. O **cadro 2.5.24.** indica que a produción total e o seu valor medran entre os anos 2007 e 2011 tanto en Galicia como no conxunto dos distritos de Vigo e a súa área de influencia, situándose no último ano nos 40,4 miles de toneladas e 17,2 millóns de euros. Estes valores son, respectivamente, un 8,1% e un 2,4% superiores aos do ano 2007. Cómpre salientar que a evolución interanual está influenciada, entre outras causas, pola presenza ou non de toxinas ou a variabilidade climatolóxica dos últimos anos.

Acuicultura do mexilón 2007-11: distribución segundo distritos

	2007	2008	2009	2010	2011
	(en toneladas)				
Galicia	208.186,8	188.817,9	225.091,3	212.030,3	222.944,9
Área de Vigo	37.345,5	35.833,7	39.956,7	38.071,1	40.360,6
Cangas	27.624,3	25.715,9	27.094,0	26.454,3	27.028,3
Vigo	3.063,9	3.596,0	3.094,1	3.470,1	4.023,9
Baiona	289,8	379,6	524,2	629,4	533,1
Redondela	6.367,5	6.142,3	9.244,4	7.517,2	8.775,3
	17,9%	19,0%	17,8%	18,0%	18,1%

	2007	2008	2009	2010	2011
	(en millóns de euros)				
Galicia	97,7	84,1	88,7	86,6	102,0
Área de Vigo	16,8	15,8	14,4	14,5	17,2
Cangas	13,0	12,1	10,5	10,5	11,8
Vigo	1,2	1,3	1,0	1,2	1,7
Baiona	0,1	0,2	0,2	0,2	0,3
Redondela	2,5	2,2	2,8	2,6	3,5
	17,2%	18,8%	16,2%	16,8%	16,9%

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos da Consellería do Medio Rural e do Mar

2.5.24.

Exportacións de produtos do mar na provincia de Pontevedra 2007-12

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
	(en miles de euros)					
03- Peixes, crustáceos, moluscos.	767.158,6	785.766,5	658.852,1	785.766,5	928.948,0	867.125,8
0301- Peixes vivos.	1.422,3	11.226,1	4.388,3	11.226,1	13.537,5	6.141,8
0302- Peixe fresco ou refrixerado, agás dos filetes e demais carne de peixe da partida 03.04.	62.538,6	57.091,5	60.246,9	57.091,5	64.631,7	64.264,4
0303- Peixe conxelado, agás dos filetes e demais carne de peixe da partida 03.04.	287.436,9	325.703,7	275.192,1	325.703,7	404.726,6	337.309,5
0304- Filetes e demais carne de peixe (incluso picada), frescos, refrixerados ou conxelados.	147.882,0	129.983,4	111.512,7	129.983,4	153.017,1	128.462,3
0305- Peixe seco, salado ou en salmuera; peixe afumado, incluso cocido antes ou durante o afumado; fariña, polvo e "pellets" de peixe aptos para a alimentación humana.	9.821,6	3.742,2	4.772,1	3.742,2	2.998,1	3.613,5
0306- Crustáceos, incluso pelados, vivos, frescos, refrixerados, conxelados, seco, salado ou en salmuera; crustáceos sen pelar cocidos con auga ou vapor, incluso refrixerados, conxelados, seco, salado ou en salmuera; fariña, polvo e "pellets" de crustáceos	81.011,7	71.231,2	54.136,0	71.231,2	76.729,8	86.546,7
0307- Moluscos, incluso separados das valvas, vivos, frescos, refrixerados, conxelados, secos, salados ou en salmuera; invertebrados acuáticos, agás crustáceos e moluscos, vivos, frescos, refrixerados, conxelados, seco, salado ou en salmuera; fariña	177.045,6	186.788,5	148.604,0	186.788,5	213.307,2	240.657,1
16- Conservas de carne ou peixe	125.061,2	124.316,2	114.993,6	124.316,2	146.975,2	156.941,7
1601- Embutidos e produtos similares, de carne, de despoños ou de sangue; preparacións alimenticias a base destes produtos.	1.313,9	1.038,7	1.194,5	1.038,7	1.186,3	1.336,2
1602- Demais preparacións e conservas de carne, de despoños ou de sangue (agás embutidos e produtos similares, e preparacións alimenticias a base destes produtos).	2.284,3	2.417,4	2.577,9	2.417,4	2.837,1	2.681,6
1603- Extractos e jugos de carne, de peixe ou de crustáceos, de moluscos ou doutros invertebrados acuáticos.	27,0	5,8	10,7	5,8	6,8	26,7
1604- Preparacións e conservas de peixe; caviar e os seus sucedaneos preparados con huevas de peixe.	83.157,6	78.988,8	74.108,0	78.988,8	92.126,4	101.684,0
1605- Crustáceos, moluscos y demais invertebrados acuáticos, preparados ou conservados.	38.278,3	41.865,4	37.102,5	41.865,4	50.818,7	51.213,2
Total produtos do mar	888.594,5	906.620,7	770.062,6	906.620,7	1.071.893,1	1.020.022,9
Total Pontevedra	9.432.081,3	7.847.688,4	7.417.436,6	7.847.688,4	8.692.228,0	6.977.448,2

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do ICEX

presentaron unha taxa de crecemento anual acumulado do 2,8%. Pola contra, reducíronse case un 6% as vendas totais da provincia de Pontevedra. Deste xeito, aumenta o seu peso relativo no total provincial, pasando do 9,4% de 2007 ao 14,6% de 2012.

A partida máis importante corresponde á de peixe conxelado (agás filete e demais carne de peixe), que tras unha medra anual acumulada do 3,3%, representa o 33,1% do total exportado polo sector en 2012. No caso das conservas, a partida 16.04 medrou un 4,1% e significa o 10% das vendas do sector.

No concernente á facturación e ao valor engadido xerado polo sector, o cadro **2.5.26.** reflicte a súa importancia ao acoller o 5,5% da facturación empresarial en Vigo e a súa área de influencia, case punto e medio máis que na Comunidade autónoma, e o 5,7% do valor engadido xerado nos 19 concellos considerados no estudo (3,4% en Galicia). A área de Vigo acolle o 35,9% da facturación deste complexo de actividade en Galicia e o 37,7% do valor engadido. En termos absolutos, a facturación das empresas consideradas no Ardán ascendeu no ano 2010 a 1.078,3 millóns de euros, dos que 683,6 millóns corresponden á industria alimentaria e os restantes 394,5 millóns de euros ao subsector pesqueiro. Atendendo ao seu peso relativo no total galego, o sector pesqueiro acolle o 51% da facturación galega desta rama de actividade e o 30,7% no caso da industria alimentaria.



Atendendo á situación municipal, cómpre salientar o peso desta rama de actividade nos tres concellos de O Morrazo. Dunha banda, en Vilaboa e Moaña, o complexo mar industria significa máis do 40% da facturación empresarial en todo o municipio, situándose no 37,4% en Cangas. Doutra, en termos de valor engadido xerado, este sector representa case o 55% en Cangas,

en tanto que supera o 20% en Vilaboa e Moaña.

• Industria naval

Un terceiro piar sobre o que sustenta o desenvolvemento socioeconómico de Vigo e a súa área de influencia é o sector naval. A elevada concentración de estaleiros na ría de Vigo, tradicionalmente a área de

Actividade c




(1) Os datos de 2012 corresponden aos nove primeiros meses do ano.

(2) Os datos do 2008 corresponden ao total ante a ausencia de datos desagregados.


Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Ministerio de Industria.

Contratual e produtiva dos estaleiros da ría de Vigo 2006-12

Actividade contractual



Actividade produtiva (2)



segundo países.
e Industria, Energía y Turismo

maior construción naval privada de España e unha das de maior concentración de Europa, reflicte non tanto a capacidade da construción naval propiamente dita, como o feito da importancia da industria auxiliar que se desenvolve ao redor da mesma.

O sector caracterízase, entre outros aspectos, pola súa presenza e experiencia nun nicho de mercado centrado en alta tecnolo-

xía e alto valor engadido (buques *offshore*, sísmicos, axudas a plataformas...) e a cualificación dos traballadores, pola diversificación de estaleiros, o que permitiu que, nesta época de crise económica, aqueles estaleiros menos dependentes do *tax-lease* asinasen novos contratos recentemente, así como pola súa cultura moi orientada ao cliente.

Na actualidade, o sector está a pasar por

Actividade empresarial na industria naval 2010

	Facturación	Valor engadido	Peso relativo no territorio	
			Facturación	Valor engadido
	(en millóns de €)		(%)	
Total industria naval				
Galicia	1.087,7	286,2	1,48	1,73
Área de Vigo	950,7	210,9	4,84	5,67
Área de Vigo / Galicia	87,4%	73,7%		
Cangas	0,8	0,7	0,38	1,15
Gondomar	1,2	1,1	0,77	2,14
Moaña	55,7	19,1	27,41	43,23
Mos	10,0	4,4	1,38	2,51
O Porriño	2,6	1,4	0,16	0,32
Redondela	5,3	1,9	0,48	1,35
Vigo	875,1	182,4	5,90	6,88
Subsector da construción e reparación de buques				
Galicia	1.078,5	281,9	1,46	1,70
Área de Vigo	945,4	208,2	4,82	5,59
Área de Vigo / Galicia	87,7%	73,9%		
Cangas	0,8	0,7	0,38	1,15
Gondomar	1,2	1,1	0,77	2,14
Moaña	55,7	19,1	27,41	43,23
Mos	10,0	4,4	1,38	2,51
O Porriño	2,6	1,4	0,16	0,32
Redondela	3,6	1,3	0,33	0,94
Vigo	871,5	180,3	5,88	6,80
Subsector da construción e reparación de embarcacións menores				
Galicia	9,2	4,3	0,01	0,03
Área de Vigo	5,3	2,7	0,03	0,07
Área de Vigo / Galicia	57,6%	62,3%		
Redondela	1,7	0,6	0,16	0,41
Vigo	3,6	2,1	0,02	0,08

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de Ardán

2.5.28.

importantes dificultades debido aos problemas para obter financiamento, agravadas polas incertezas xeradas polos problemas co fondo de garantía pymar e a situación do procedemento do *tax-lease*. A industria naval está a perder oportunidades de contratacións de buques en tanto non se resolvía de forma definitiva o devandito expediente do *tax-lease*.

Tralo incremento da contratación no ano 2007, os estaleiros da ría de Vigo experimentaron un 2008 un descenso do 37%, sendo esta caída máis acusada no ano seguinte, cun 47%. Tal e como reflicte o **cadro 2.5.27.**, ao longo dos últimos catro anos todos os contratos novos asinados son contratos para exportación. No ano 2012 asináronse un total de 6 contratos fronte aos 24 no ano 2007, sendo o seu arqueo

total ponderado de 44.584 toneladas brutas (174.636 toneladas en 2007).

No que atinxe á actividade produtiva, no ano 2007 iniciouse un forte descenso do número de buques iniciados (postas de quilla), pasándose de vinte e sete a seis barcos no ano 2012. O arqueo ponderado destes barcos descende case un 88%, pasando das 217.406 toneladas ás 28.319 toneladas do ano 2012.

O número de botaduras descende, polo tanto, dende o ano 2008, cando se botaron 22 buques cun tamaño medio de case 8.000 toneladas. En 2012 botáronse un total de catro barcos (tres para exportación) cun arqueo total de 35.349 toneladas brutas (32.041 toneladas no caso de buques vendidos a terceiros países).

No concernente aos indicadores empresariais, o **cadro 2.5.28.** presenta a facturación e o valor engadido do conxunto de empresas da industria naval de Vigo e a súa área de influencia, tanto no que se refire ao subsector da construción e reparación de buques como ao da construción e reparación de embarcacións menores. Estas empresas facturaron en 2010 un total de 950,7 millóns de euros, o que representa o 87,4% do total galego, ascendendo o seu valor engadido ata os 210,9 millóns de euros, o 73,7% do xerado polo sector en Galicia. A facturación das empresas deste sector na área de Vigo representa o 4,8% do facturado nos 19 concellos analizados, porcentaxe moi superior ao da Comunidade autónoma, co 1,5%. A mesma situación dáse en termos de valor engadido, cun 5,7% e 1,7%, respectivamente.

O devandito **cadro 2.5.28.** indica o elevado peso do subsector da construción naval no concello de Moaña, que acolle máis do 40% do valor engadido por todas as empresas do municipio e un 27,4% da facturación. Séguelle o concello de Vigo, cun peso relativo inferior ao 7% e 6%, respectivamente.

● O sector da loxística

A incidencia da actividade do porto de Vigo no desenvolvemento socioeconómico de Vigo e a súa área de influencia outorga ao sector loxístico unha relevancia moi importante como factor de competitividade dos sistemas empresariais. Neste senso, hai que destacar que o porto de Vigo non só é o primeiro porto galego en termos de valor industrial das mercadorías senón que tamén se caracteriza por ser un porto tanto de entrada como de saída de mercadorías. Asemade, hai que ter en conta que o *hinterland* portuario abarca non só a Comunidade Autónoma, senón tamén o norte de Portugal e Castela e León.

O sector está integrado por un conxunto


heteroxéneo de actividades que van dende as de transporte, almacenamento e distribución ata os servizos de apoio, entre os que se atopan actividades como os estibadores, transitarios, consignatarios, etc.

A pesar de que as empresas loxísticas son poucas e pequenas, representando o 3,3% da facturación total das empresas de Vigo e a súa área de influencia (4,6% no conxunto de Galicia), o sector adquire un papel relevante polo seu impacto na cadea de custos do produto manufacturado. Estímase que na industria do automóbil, granito ou madeira o custo loxístico medio do sistema produtivo sitúase en torno ao 22%, e no alimentario fresco (froita, leite, etc) a loxística supón preto do 60%. Se se aplican os baremos internos de custos, esta actividade supón un 18%.

Á hora de analizar este sector, en primeiro lugar presentarase os principais datos do movemento de mercadorías, principalmente a través do porto de Vigo, para a continuación presentar a situación económica do sector atendendo aos datos sobre facturación empresarial e valor engadido recollidos no Ardán.

O tráfico total de mercadorías no porto de Vigo descende lixeiramente no ano 2012, movéndose nese ano un total de 4,1 millóns de toneladas (4,3 millóns no ano anterior). Como se aprecia no **cadro 2.5.29.**, case a metade do tráfico corresponde a mercadoría embarcada, porcentaxe que se mantén sempre por riba do 45% ao longo de toda a serie considerada. O medio de transporte utilizado para entrada e saída da zona de servizo do peirao é basicamente a estrada, salientando que entre 2009 e 2011 o ferrocarril non foi utilizado (44 toneladas en 2012) (**cadro 2.5.30.**)

No concernente ao tipo de mercadorías movidas, o porto de Vigo caracterízase polo

Tráfico de mercadorías no porto de Vigo 2007-12 ⁽¹⁾

(1) incluído tráfico interior, avituallamento e pesca fresca; en Tm
 Fonte: Autoridade Portuaria de Vigo

2.5.29.

Tráfico terrestre no porto de Vigo 2007-12: medio de transporte utilizado para entrada/saída da zona de servizo do peirao

	Mercadorías embarcadas					
	2007	2008	2009	2010	2011	2012
	(Tm)					
Transporte terrestre	2.334.290	2.236.284	1.728.783	1.785.155	1.814.271	1.846.491
Ferrocarril	-	-	-	-	-	-
Estrada	2.266.049	2.177.644	1.652.925	1.657.113	1.706.813	1.759.081
Tubería	68.241	58.640	75.858	128.042	107.458	87.410
Outros medios	-	-	-	-	-	-
Sen transporte terrestre	193.972	136.282	206.742	278.502	344.497	267.981
Total	2.528.262	2.372.566	1.935.525	2.063.657	2.158.768	2.114.472

	Mercadorías desembarcadas					
	2007	2008	2009	2010	2011	2012
	(Tm)					
Transporte terrestre	2.928.781	2.569.637	1.905.502	2.176.100	1.914.137	1.784.236
Ferrocarril	12.583	6.718	-	-	-	44
Estrada	2.916.198	2.562.919	1.905.502	2.154.542	1.914.137	1.784.192
Tubería	-	-	-	21.558	-	-
Outros medios	-	-	-	-	-	-
Sen transporte terrestre	69.089	121.873	97.755	111.758	255.653	167.606
Total	2.997.870	2.691.510	2.003.257	2.287.858	2.169.790	1.951.842

Fonte: Autoridade Portuaria de Vigo

Tráfico de mercadorías xerais no porto de Vigo 2006-11

Mercadorías embarcadas						
	2007	2008	2009 (Tm)	2010	2011	2012
Total mercadoría xeral	2.121.992	2.016.171	1.577.655	1.777.819	1.865.108	1.865.393
Pesca conxelada	77.435	92.675	95.967	104.930	120.412	133.434
Automóbil	623.461	602.917	489.885	547.724	544.035	496.392
Contenedores e embalaxe	292.968	304.472	219.951	233.867	237.613	215.672
Granito en bruto	242.931	210.039	128.352	110.666	129.654	108.128
Metais e manufacturas	133.024	112.231	72.120	107.829	77.113	97.977
Madeiras, dolas e travesas	104.195	99.269	133.893	124.130	119.201	134.348
Outros granitos e mármore	85.985	91.677	68.511	89.857	130.611	173.262
Pezas automoción	66.644	86.679	30.629	50.687	48.435	43.673
Pizarra	119.030	79.034	58.763	82.918	62.956	50.927
Resto mercadorías	376.319	337.178	279.584	325.211	395.078	411.580
Total cargas (1)	2.121.992	2.016.171	1.577.655	1.777.819	1.883.377	1.868.979
Mercadorías desembarcadas						
	2007	2008	2009 (Tm)	2010	2011	2012
Total mercadoría xeral	2.193.563	2.086.231	1.495.731	1.645.562	1.591.388	1.494.232
Pesca conxelada	560.456	567.487	509.817	592.613	573.147	584.909
Automóbil	162.082	188.356	104.467	100.572	121.476	113.876
Contenedores e embalaxe	282.777	295.889	224.007	243.367	235.246	223.106
Granito en bruto	324.835	237.646	145.378	175.051	141.964	146.757
Metais e manufacturas	165.434	157.725	74.128	97.991	118.227	96.846
Madeiras, dolas e travesas	123.663	120.029	59.529	58.560	35.601	26.433
Outros granitos e mármore	15.281	6.260	3.912	5.205	3.736	3.876
Pezas automoción	116.353	113.455	78.803	79.343	68.595	57.231
Pizarra	13.126	10.890	8.872	9.045	4.395	27.653
Resto mercadorías	429.556	388.494	286.818	283.815	289.001	213.545
Total cargas (1)	2.908.152	2.602.580	1.948.195	2.199.521	2.085.531	1.869.147
Total						
	2007	2008	2009 (Tm)	2010	2011	2012
Total mercadoría xeral	4.315.555	4.102.402	3.073.386	3.423.381	3.456.496	3.359.625
Pesca conxelada	637.891	660.162	605.784	697.543	693.559	718.343
Automóbil	785.543	791.273	594.352	648.296	665.511	610.268
Contenedores e embalaxe	575.745	600.361	443.958	477.234	472.859	438.778
Granito en bruto	567.766	447.685	273.730	285.717	271.618	254.885
Metais e manufacturas	298.458	269.956	146.248	205.820	195.340	194.823
Madeiras, dolas e travesas	227.858	219.298	193.422	182.690	154.802	160.781
Outros granitos e marmol	101.266	97.937	72.423	95.062	134.347	177.138
Pezas automoción	182.997	200.134	109.432	130.030	117.030	100.904
Pizarra	132.156	89.924	67.635	91.963	67.351	78.580
Resto mercadorías	805.875	725.672	566.402	609.026	684.079	625.125
Total cargas (1)	5.030.144	4.618.751	3.525.850	3.977.340	3.968.908	3.738.126


(1) agás tráfico interior, avituallamento e pesca fresca
Fonte: Autoridade Portuaria de Vigo

seu tráfico de mercadoría xeral. Os **cadros 2.5.31. e 2.5.32.** amosan a evolución do movemento destas mercadorías, salientando o maior peso relativo da pesca conxelada, automoción e os contenedores e embalaxes, que acaparan case o 53% do tráfico, 6,3 puntos porcentuais máis que en 2007.

Entre os dous anos considerados a pesca conxelada foi a que experimentou un

maior crecemento do seu peso relativo e, tras unha medra superior aos 6,5 puntos porcentuais, acolle o 21,4% en 2012. Séguelle o automóbil, cunha achega do 18,2% no último ano, porcentaxe similar ao de 2007. Por contra, o granito en bruto presenta un descenso considerable entre eses dous anos, situándose a súa participación no 7,6%, cinco puntos e medio menos que en 2007.


Tráfico de mercadería xeral no porto de Vigo 2007 e 2012: distribución segundo grupo de mercadorías



Fonte: Autoridade Portuaria de Vigo

2.5.32.

Movemento de mercadorías nos aeroportos galegos 2000-2012



Fonte: AENA

Actividade produtiva do sector loxístico 2010

	Vigo e a súa área de influencia		Galicia		Área de Vigo / Galicia	
	facturación	valor engadido (en millóns de euros)	facturación	valor engadido	facturación (%)	valor engadido
Sector loxístico	656,1	172,1	2.173,3	700,8	30,2	24,6
Transporte mercadorías por estrada	289,6	86,0	1.076,3	283,5	26,9	30,3
Servizos para transportes marítimos	40,5	14,3	136,1	47,7	29,8	30,0
Axentes consignatarios	68,5	6,2	114,1	18,1	60,1	34,2
Terminais e servizos de transporte mercadorías	46,1	9,1	131,6	25,1	35,0	36,2
Outros servizos anexos ao transporte	75,3	5,3	220,5	54,0	34,1	9,8
Almacéns frigoríficos	48,2	12,1	71,7	23,6	67,3	51,2
Cargas e descargas marítimas	35,1	20,4	89,2	41,9	39,4	48,7
Axencias de aduanas, fletes e cargas	16,1	5,7	27,1	6,5	59,4	87,8
Almacéns xerais de depósito	8,7	5,2	21,3	7,1	41,0	74,1
Almacéns de depósitos especiais	25,5	7,0	261,8	184,7	9,8	3,8
Servizo de remolcadores	2,3	0,7	7,4	4,0	31,7	17,7
Transporte de cabotaxe e intercostas	-	-	3,4	0,9	-	-
Transporte marítimos internacionais	-	-	12,9	3,7	-	-
Porcentaxe sobre o seu territorio	3,3%	4,6%	2,9%	4,2%		

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos de Ardán

2.5.34.

O movemento de mercadorías no aeroporto de Vigo viuse directamente afectado pola crise industrial. No ano 2012, o tráfico de mercadorías en Peinador tan só superou lixeiramente os 570.000 quilos, a cifra máis baixa dende o ano 2000, cando se superaron os 3.293.979 quilogramos. Tal e como se aprecia no **cadro 2.5.33.**, o tráfico de mercadorías descendeu de xeito significativo nos aeroportos galegos, observando que no ano 2009 o aeroporto de Vigo baixa do millón de quilos e o de Santiago de Compostela baixa nese ano dos dous millóns de quilos transportados.

No que atinxe aos datos de facturación e valor engadido das empresas de loxística, o **cadro 2.5.34.** reflicte a maior importancia relativa do sector en Vigo e a súa área de influencia que en Galicia. Neste senso, mentres que no conxunto dos 19 concellos analizados estas empresas facturan o 3,3% do total das empresas con sede nestes concellos e xeran o 4,6% do valor engadido, na comunidade autónoma estas porcentaxes sitúanse catro décimas por baixo. Asemade, cómpre salientar que o sector loxístico en Vigo e a súa área acolle o 30,2% do facturado polo sector na C.A. e o

24,6% do valor engadido xerado, porcentaxes superiores ás correspondentes ao conxunto da economía (26,8% e 22,7%, respectivamente).

Atendendo ás distintas actividades consideradas, o devandito **cadro 2.5.34.** amosa a maior importancia das empresas de transporte de mercadorías por estrada, que acolle o 44,1% da facturación empresarial, seguido polos consignatarios, co 10,4% e a de almacéns frigoríficos, co 7,4%. No conxunto de Galicia, os transportes de mercadorías representan unha porcentaxe superior, case o 50%, en tanto que se lle seguen as empresas de "almacéns de depósitos especiais" e os "servizos para transporte marítimo", co 12,0% e 6,3%, respectivamente.

En termos de valor engadido, as actividades máis importantes en Vigo e a súa área de influencia son as de transporte de mercadorías por estrada e as de carga e descarga marítimas, co 50% e 11,9%, respectivamente, mentres que en Galicia salientan as de transporte de mercadorías por estrada, co 40,5%, e almacéns de depósito especiais, co 26,4%.

Edificios e vivendas 2011: número e superficie segundo tipo de obra

	Nova planta			Obras de rehabilitación		Obras de demolición	
	edificios	superficie (m ²)	vivendas	edificios	vivendas	Edificios	Vivendas
Galicia	2.073	1.157.303	3.547	1285	427	181	256
A Coruña	834	395.964	1.236	448	157	87	127
Lugo	304	203.497	437	242	54	19	34
Ourense	211	211.669	934	202	80	17	30
Pontevedra	724	346.173	940	393	136	58	65
Vigo e a súa área	340	178.793	433	217	66	28	31
Baiona	16	10.976	43	8	3	1	2
Cangas	27	13.936	43	30	10	2	5
Fornelos de Montes	-	-	-	5	1	0	0
Gondomar	15	3.682	15	7	1	0	0
Moaña	22	12.243	58	66	3	5	4
Mondariz	9	2.566	9	0	0	0	0
Mondariz-Balneario	-	-	-	0	0	0	0
Mos	56	61.679	37	5	5	3	3
Neves, As	7	1.888	7	2	2	0	0
Nigrán	9	2.775	9	4	2	0	1
Pazos de Borbén	12	2.444	12	1	0	0	0
Ponteareas	11	3.228	11	2	1	0	0
Porriño, O	27	10.769	26	7	2	1	1
Redondela	24	17.982	20	10	3	1	0
Salceda de Caselas	9	2.054	9	3	1	1	1
Salvaterra de Miño	16	4.170	16	3	2	0	0
Soutomaior	6	2.705	21	2	0	1	0
Vigo	59	21.184	82	57	29	13	14
Vilaboa	15	4.512	15	5	1	0	0

Fonte: IGE

■ 2.5.35.

● Construción e actividades relacionadas. Rochas ornamentais

Á hora de analizar o sector da construción considérase este en sentido amplo, tendo en conta non só a actividade da construción propiamente dita, senon tamén o sector do granito-rochas ornamentais, que se ve gravemente afectado tanto pola evolución da construción como polo elevado stock de vivendas existente e que se espera que tarde entre 5 e 7 anos en eliminarse.

Para esta análise, en primeiro lugar preséntanse os principais datos da oferta e demanda de vivendas, para posteriormente estudar o peso do sector atendendo á facturación e o valor engadido das empresas analizadas por Ardán.


No que atinxe aos datos de licenzas de obra maior concedidas polos concellos galegos, no ano 2011 (último dato dispoñible) concedéronse licenzas para 340 edificacións de nova planta. Sobre edificacións

xa existentes, as licenzas concedidas con anterioridade permitiron 217 obras de rehabilitación de edificios e 28 para obras de demolicións.

No que atinxe á evolución ao longo dos últimos anos, do **cadro 2.5.36.** dedúcese o cambio de tendencia experimentado no ano 2005, cando se concederon un total de 1.601 licenzas, das que case 1.300 corresponden a edificios de obra nova. A partir dese momento, por mor da evolución destas últimas, descende o número total de edificios ata os 585. Nese ano, construíronse un total de 433 novas vivendas, mentres que o número de vivendas a rehabilitar foi de 66 e as de demoler, 31.

Ao longo dos últimos anos o descenso do número edificios en Vigo e a súa área de influencia é inferior á do conxunto de Galicia, aumentando o seu peso relativo dende os 9,3% do ano 2007 ata os 16,5% de 2011. De xeito similar, a importancia relativa do número de vivendas ascende dende


Licenzas de obra en Vigo e a súa área de influencia 2000-11: distribución segundo tipo de obra



Fonte: IGE


2.5.36.

Parque de vivendas 2000-11: variación neta



Fonte: IGE

Transaccións de vivendas 2004-12



Fonte: IGE

■ 2.5.38

Transaccións de vivendas 2012: distribución segundo réxime e tipo de vivenda

		Réxime		Tipo	
		Vivenda libre	Vivenda protexida	Vivenda nova	Vivenda de 2ª man
Galicia	12.929	12.184	745	5.913	7.016
A Coruña	5.760	5.369	391	2.866	2.894
Lugo	1.683	1.606	77	900	783
Ourense	1.121	1.075	46	446	675
Pontevedra	4.365	4.134	231	1.701	2.664
Vigo e a súa área de influencia	2.523	2.336	187	950	1.573
Baiona	107	104	3	21	86
Cangas	136	136	-	57	79
Fornelos de Montes	3	3	-	-	3
Gondomar	42	42	-	5	37
Moaña	93	44	49	71	22
Mondariz	10	10	-	4	6
Mondariz-Balneario	18	18	-	15	3
Mos	31	30	1	14	17
Nigrán	4	4	-	-	4
Neves, As	72	72	-	25	47
Pazos de Borbén	3	3	-	1	2
Ponteareas	120	114	6	51	69
Porriño, O	180	174	6	88	92
Redondela	147	124	23	96	51
Salceda de Caselas	28	28	-	4	24
Salvaterra de Miño	73	73	-	21	52
Soutomaior	34	34	-	13	21
Vigo	1.412	1.313	99	459	953
Vilaboa	10	10	-	5	5

Fonte: IGE

Exportacións de rochas ornamentais na provincia de Pontevedra 2007-12

	2007	2008	2009	2010	2011	2012
	(en miles de euros)					
25- Sal, xeso, pedra sen traballar	41.171,1	38.954,9	24.728,3	27.510,4	34.251,9	30.921,1
Pizarra, incluso desbastada ou simplemente troceada por aserrado ou doutro modo, en bloques ou en placas cadradas ou rectangulares.	2.214,5	769,0	53,0	228,4	827,3	57,7
Mármore, travertinos, "ecaussines" e demais pedras calizas de talla ou de contrución de densidade aparente superior ou igual a 2,5 e alabastro, incluso desbastados ou simplemente troceados, por aserrado ou doutro modo, en bloques ou en placas cadradas ou rectangulares.	745,4	2.214,8	673,3	883,4	1.387,0	1.346,0
Granito, en bruto ou desbastado	26.311,5	25.183,2	12.772,1	12.830,4	16.588,8	15.689,8
Granito, simplemente troceada por aserrado ou doutro modo, en bloques ou en placas cadradas ou rectangulares.	6.742,1	5.474,7	6.325,9	4.258,1	4.940,9	3.849,1
Resto de produtos	5.157,6	5.313,1	4.904,0	9.310,0	10.508,0	9.978,5
68- Manufacturas de pedra, xeso	71.960,2	66.893,3	54.331,9	61.073,6	70.906,7	82.248,8
Mármore, travertinos e alabastro, simplemente tallados ou aserrados, con superficie plana ou lisa.	233,2	540,3	537,7	394,3	609,9	517,8
Granito simplemente tallado ou aserrado, con superficie plana ou lisa.	7.538,6	9.121,4	8.715,1	8.116,0	9.099,0	11.462,6
Mármore, travertinos e alabastro traballados e as súas manufacturas (agás simplemente tallados ou aserrados, con superficie plana ou lisa; en losetas, cubos, dados e artigos similares, de calquera forma nos que a superficie maior poda inscribirse nun cadrado de lado inferior a 7 cm; e en gránulos, tasquiles e polvo, coloreados artificialmente).	431,9	1.167,7	819,9	1.823,9	2.981,3	2.637,7
Granito traballado e as súas manufacturas (agás simplemente tallados ou aserrados, con superficie plana ou lisa; en losetas, cubos, dados e artigos similares, de calquera forma nos que a superficie maior poda inscribirse nun cadrado de lado inferior a 7 cm; e en gránulos, tasquiles e polvo, coloreados artificialmente).	55.548,5	46.574,3	38.670,2	44.462,1	51.207,2	60.649,4
Resto de produtos	8.207,9	9.489,5	5.589,1	6.277,3	7.009,3	6.981,3
Total (agás resto de produtos)	99.765,7	91.045,5	68.567,1	72.996,7	87.641,4	96.210,1
Total provincia Pontevedra	9.432.081,3 1,1%	7.847.688,4 1,2%	7.417.436,6 0,9%	7.847.688,4 0,9%	8.692.228,0 1,0%	6.977.448,2 1,4%

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do ICEX

2.5.40.

o 6,9% ata os 12,5% entre os dous anos considerados.

No que á variación neta do parque de vivendas se refire, entendido como a suma entre as vivendas de obra nova e en rehabilitación menos as vivendas en demolición, esta aumentou en 2011 en 468 vivendas, que representa o 12,6% do total de Galicia. Atendendo á súa evolución ao longo dos últimos anos, o **cadro 2.5.37.** amosa a desaceleración experimentada dende o ano 2004, así como unha medra do peso relativo no total galego dende o ano 2007. Non obstante, esta importancia relativa é significativamente inferior ao rexistrado no ano 2003, que supera o 20%, ou no ano 2004, con case o 17%. É cualitativamente relevante o traballo que está a realizar en canto á rehabilitación de inmobles o Consorcio do Casco Vello de Vigo.

Tamén é de destacar o traballo na promoción pública de vivendas no polígono vigués de Navia.

Respecto ao volume de transaccións de vivendas realizadas ao longo do período 2004-2012, despois da medra experimentada ata o ano 2006, estas se manteñen practicamente estables en 2007, descendendo posteriormente de xeito significativo ata as 2.523 transaccións de 2012 no conxunto dos concellos analizados. O 62,3% corresponde a vivendas de segunda man (oito puntos por riba do acontecido en Galicia) e un 92,6% son vivendas libres (94,2% en Galicia).

En comparación co acontecido na comunidade autónoma, o **cadro 2.5.38.** reflicte que o peso relativo mantense por riba do 15% de 2007 a 2011, aumentando signifi-

Actividade empresarial da construción 2010

Facturación

	Contratistas xerais					Contratistas especializados	Enxeñaría civil	Outras actividades	Peso relativo do sector no territorio
	Total	Edificios residenciais	Vivenda unifamiliar	Promotores obras	Contratistas xerais (en millóns de €)				
									(%)
Galicia	3.921,8	101,7	2,7	838,3	2.979,1	318,4	1.004,4	1.993,2	9,8
Vigo e a súa área	326,0	2,1	-	128,6	195,3	87,7	18,2	293,9	3,7
Baiona	2,4	-	-	0,4	2,0	-	-	-	9,0
Cangas	20,6	0,6	-	11,8	8,1	-	-	2,1	10,3
Gondomar	7,8	-	-	0,5	7,3	-	-	6,1	9,0
Moaña	3,1	-	-	0,5	2,6	-	-	4,6	3,8
Mondariz	1,5	-	-	-	1,5	-	-	0,5	7,0
Mos	15,1	-	-	-	15,1	3,5	4,9	12,4	2,1
As Neves	-	-	-	-	-	0,5	-	-	2,0
Nigrán	1,5	-	-	1,5	-	-	-	3,6	3,4
O Porriño	5,1	-	-	3,8	1,3	13,4	-	15,1	2,0
Ponteareas	23,9	0,8	-	21,4	1,8	-	2,9	12,2	17,4
Redondela	8,7	-	-	2,2	6,6	1,0	-	29,6	3,6
Salceda de Caselas	7,0	-	-	5,4	1,6	-	-	1,7	11,5
Salvaterra de Miño	3,8	-	-	-	3,8	-	3,1	4,0	13,5
Soutomaíor	9,6	-	-	6,1	3,5	-	-	1,4	49,0
Vigo	187,9	0,7	-	73,8	113,4	69,4	7,3	200,2	3,1
Vilaboa	3,0	-	-	1,1	1,8	-	-	0,6	4,3
Área de Vigo / Galicia	8,3%	2,1%	-	15,3%	6,6%	27,6%	1,8%	14,7%	

Valor engadido

	Contratistas xerais					Contratistas especializados	Enxeñaría civil	Outras actividades	Peso relativo do sector no territorio
	Total	Edificios residenciais	Vivenda unifamiliar	Promotores obras	Contratistas xerais (en millóns de €)				
									(%)
Galicia	813,9	25,6	1,3	141,7	645,4	89,0	240,8	664,0	10,9
Vigo e a súa área	79,3	0,8	-	26,6	52,0	19,1	3,6	119,6	6,0
Baiona	1,1	-	-	0,2	0,9	-	-	-	10,8
Cangas	5,0	0,2	-	2,5	2,3	-	-	0,8	9,1
Gondomar	2,4	-	-	0,1	2,3	-	-	2,6	9,7
Moaña	1,0	-	-	0,0	1,0	-	-	1,7	6,1
Mondariz	0,6	-	-	-	0,6	1,3	-	0,2	23,3
Mos	1,7	-	-	-	1,7	-	0,7	5,6	4,6
As Neves	-	-	-	-	-	0,5	-	-	7,5
Nigrán	0,1	-	-	0,1	-	-	-	1,2	4,0
O Porriño	2,6	-	-	1,7	0,9	0,8	-	6,8	2,4
Ponteareas	9,7	0,4	-	0,5	8,9	-	0,7	4,2	29,2
Redondela	2,7	-	-	0,8	1,9	0,5	-	17,4	14,5
Salceda de Caselas	2,3	-	-	1,2	1,1	-	-	0,8	18,0
Salvaterra de Miño	1,4	-	-	-	1,4	-	0,5	1,0	14,7
Soutomaíor	2,2	-	-	1,1	1,1	-	-	0,5	57,0
Vigo	47,2	0,2	-	17,7	29,3	16,1	1,7	76,6	5,3
Vilaboa	1,4	-	-	0,7	0,7	-	-	0,2	8,3
Área de Vigo / Galicia	9,7%	3,1%	-	18,8%	8,1%	21,4%	1,5%	18,0%	

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos de Ardán

cativamente no ano 2012 ata o 19,5%. Se se ten en conta a desagregación segundo o réxime de vivenda, cómpre salientar que entre os anos 2004 e 2009 o peso relativo das transaccións de vivendas libres no total galego era moi superior ao rexistrado no caso das vivendas protexidas (agás 2005), en tanto que esta situación se reverte nos últimos tres anos, superando a importancia

relativa das transaccións de vivendas protexidas o 25% en 2012.

Tal e como indican os datos publicados polo IGE na súa análise do prezo da vivenda libre nos concellos cunha poboación superior aos 25.000 habitantes, este descende tanto en Galicia como nos dous concellos de Vigo e a súa área de influencia que superan os

Actividade empresarial do sector de rochas ornamentais 2010

Facturación						
	Total	Mármore	Caliza	Granito	Pedra	Peso relativo no territorio
	(en millóns de €)					(%)
Galicia	309,2	14,4	6,6	61,8	226,5	0,4
Vigo e a súa área	64,0	10,3	-	38,8	14,9	0,3
Cangas	1,3	-	-	1,3	-	0,6
O Porriño	28,0	-	-	25,3	2,7	1,7
Salceda de Caselas	0,8	-	-	-	0,8	1,0
Vigo	34,0	10,3	-	11,4	12,3	0,2
Área de Vigo / Galicia	20,7%	71,7%	-	62,7%	6,6%	
Valor engadido						
	Total	Mármore	Caliza	Granito	Pedra	Peso relativo no territorio
	(en millóns de €)					(%)
Galicia	142,5	5,1	3,7	14,1	119,6	0,9
Vigo e a súa área	13,3	3,8	-	6,6	2,9	0,4
Cangas	0,6	-	-	0,6	-	0,9
O Porriño	4,8	-	-	4,1	0,7	1,1
Salceda de Caselas	0,1	-	-	-	0,1	0,6
Vigo	7,8	3,8	-	1,8	2,2	0,3
Área de Vigo / Galicia	9,3%	74,5%	-	46,7%	2,4%	

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos de Ardán

■ 2.5.42.

25.000 habitantes: Vigo e Redondela. No ano 2012 o prezo da vivenda libre se sitúa en Vigo nos 1.583,40 euros por metro cadrado, fronte aos 1.264,20 euros metro cadrado de Galicia e os case 1.100 euros de Redondela. Comparado coa situación de 2008, a caída do prezo en Vigo e Redondela é superior á do conxunto de Galicia, sendo o descenso en torno a un 36% en Vigo, ao 23% en Redondela e de case o 19% en Galicia.

Antes de analizar os principais datos da actividade empresarial da construción e as rochas ornamentais, cómpre facer referencia á importancia das exportacións do subsector de rochas ornamentais. O valor total das vendas a terceiros países acadou no ano 2012 os 96,2 millóns de euros, o que representa o 1,4% do importe total das exportacións da provincia de Pontevedra. Tal e como reflicte o **cadro 2.5.40.** este importe é inferior ao rexistrado en 2007,

ano no que o seu peso relativo no total provincial situábase no 1,1%.

O devandito cadro indica que o granito traballado e as súas manufacturas é a principal partida, que acolle o 63% das exportacións do sector, seguido pola de granito en bruto ou debastado, co 16,3%.

Finalmente, no que á actividade empresarial se refire, os **cadros 2.5.41. e 2.5.42.** reflicten a súa menor importancia en comparación co peso que ten no conxunto do tecido empresarial galego. A facturación total das empresas consideradas no sector da construción e actividades relacionadas (incluído o subsector de rochas ornamentais) ascendeu no ano 2010 a 790 millóns de euros, o que representa o 10,5% do facturado en Galicia. A menor incidencia desta actividade produtiva apréciase mellor se se considera a achega da mesma á facturación de cada territorio xa que

mentres que en Galicia o sector aporta o 10,3% do total facturado, en Vigo e a súa área de influencia esta porcentaxe sitúase no 4%. Non obstante, no concello de Soutomaior a facturación do sector representa o 49% do total das empresas con sede no municipio, por diante de Pontearreas, que se sitúa entorno ao 17%, e superando o 10% en Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas e Cangas.

Atendendo á desagregación dos principais subsectores, cómpre salientar o peso, en termos absolutos, da actividade “contratistas xerais”, con 326 millóns de euros, fronte aos 87,7 millóns no caso de “contratistas especializados” e os 64 millóns de euros no das rochas ornamentais. En termos relativos, este último subsector factura en Vigo e a súa área de influencia o 20,7% do total galego, situándose este rateo no 27,6% no caso dos contratistas especializados e no 8,3% no de contratistas xerais.

● Turismo e comercio

Xunto aos sectores industriais analizados anteriormente, cómpre mencionar a especial relevancia do turismo e o comercio no dinamismo e desenvolvemento do territorio no seu conxunto, e de cada un dos concellos en particular, e a posibilidade de estender outras actividades produtivas a usos turísticos. Tal e como reflicte o **cadro 2.5.48.**, entre as actividades económicas con perspectivas de futuro máis valoradas atópanse o turismo de calidade e o turismo náutico, cunha puntuación de 3,2 e 3,1 puntos sobre seis. O comercio, pola súa banda, presenta unha puntuación de 2,6.

Vigo e a súa área de influencia caracterízase pola súa variedade e riqueza de recursos turísticos a explotar, o que permite ofertar diferentes produtos en función das características sociodemográficas e económicas dos visitantes. Segundo o Plan Estratéxico

de Turismo da Mancomunidade de Vigo, a gastronomía (cunha puntuación media de 8,64), as praias e costas (8,56) e a natureza e sendeirismo son os recursos máis valorados polos axentes turísticos. Asemade, o territorio presenta unhas inmejorables condicións xeográficas e climáticas para a práctica da náutica deportiva.

Xunto a esa oferta pódese salientar o turismo urbano, ligado ao turismo cultural (referentes históricos, patrimonio monumental, festas...), que presenta unha tendencia crecente, o turismo termal e de saúde, turismo de negocios e congresos, ou a posibilidade de explotar un recurso turístico vinculado a actividades doutros sectores económicos como poden ser, por exemplo, a pesca, a industria a ou actividade agropecuaria.

A modo de síntese, cómpre subliñar, entre outros, os seguintes **recursos turísticos**:

- Vigo e a súa área de influencia conta con arredor de 200 quilómetros de liña de costa, cun total de 107 praias. Tendo en conta criterios relacionados coa calidade da auga, xestión ambiental, seguridade e servizos, e coa información ambiental, nas rías de Vigo y Aldán hai un total de 22 praias azuis: 9 en Vigo, 7 en Cangas, 3 en Baiona, 2 en Nigrán e 1 en Moaña.

- Importante recoñecemento e protección dos seus espazos naturais (no capítulo 3.3. *Infraestruturas* faise referencia ao patrimonio natural). Entre estes, destaca o Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas, cuxa praia de Rodas foi declarada como a praia máis bonita do mundo polo diario británico *The Guardian*.

- En relación co desenvolvemento

sostible das zonas litorais mediante o cumprimento duns criterios de calidade (preservación e mellora das condicións ambientais existentes, a seguridade e facilidade de uso e unha xestión integrada e coherente dos valores naturais, históricos, culturais e etnográficos que conforman o patrimonio natural), cómpre mencionar que Vigo e a súa área de influencia conta con tres sendeiros azuis: o sendeiro litoral de Baiona, a senda de ribeira e litoral Camiño á beiramar, en Vigo, e o roteiro de Donón, en Cangas do Morrazo. Estes sendeiros son itinerarios e elementos paisaxísticos que enlazan praias e portos con bandeira azul.

Xunto a isto, cómpre destacar a existencia dunha importante masa de montes periurbanos de calidade.

– Importante peso dos recursos culturais, museísticos e contenedores culturais (no devandito capítulo 3.3 dedícase un apartado ao patrimonio cultural). Entre estes recursos se poden mencionar o Camiño Portugués da ruta Xacobeá, que pasa polos concellos de O Porriño, Mos, Redondela e Soutomaio; o castelo de Soutomaio, cuxo xardín botánico foi catalogado como xardín de excelencia internacional en 2012 (1º de España en obter ese título); o casco antigo de Baiona, declarado conxunto de interese histórico artístico; o Museo Quiñones de León, enmarcado na Ruta da Camelia, ou o Museo de Arte Contemporáneo.

Existen tamén recursos neste eido vinculados ao mar, como o Museo do Mar de Galicia en Vigo, e a el se uniron recentemente o Centro de Interpretación da Batalla e o Patrimonio Cultural de Rande en Redondela e o Centro de Interpretación do Parque Nacional Illas Atlánticas no Casco Vello de Vigo. Así

mesmo, a ría de Vigo conta cun espazo cultural singular como o complexo da Illa de San Simón.

– No ámbito do patrimonio etnográfico, na área obxecto de estudo existen dez festas declaradas de interese turístico: a do Corpus Christi, no concello de Ponteareas é declarada festa de interese internacional; a festa da Arribada da carabela Pinta, en Baiona, o é de interese nacional; en tanto que o carnaval de Cobres, no concello de Vilaboa; a festa da Reconquista e a festa do Santísimo Cristo dos Aflixidos de Bouzas no concello de Vigo; a festa do choco e os eventos celebrativos da Coca, As Penlas e a Danza das Espadas en Redondela; e a festa da ostra de Arcade en Soutomaio e a Semana Santa, e as danzas ancestrais de Darbo, San Roque e San Sebastián, no concello de Cangas, o son de interese galego.

– Existencia de recursos deportivos como campos de golf ou o importante crecemento das prazas de atraque nos portos deportivos. No ano 2012, o Monte Real Club de Yates de Baiona, o porto deportivo de Baiona e a marina Davila-Vigo foron galardoados coa bandeira azul. Esta distinción outórgase tendo en conta os criterios seguintes: calidade da auga, seguridade e servizos, xestión ambiental e información e educación ambiental.

– En relación aos recursos de negocios e congresos, xunto ás prazas de salóns nos hoteis e edificios privados que se ceden para a celebración de congresos e convencións, a área de Vigo conta co Palacio de Congresos Mar de Vigo e o Instituto Ferial de Vigo (IFEVI). Este instituto feiral acolle, entre outras, tres grandes feiras internacionais relacionadas co com-

Aloxamentos turísticos 2011

	Establecementos				Prazas			
	Hoteis	Pensións	Turismo rural	Campamentos de turismo	Hoteis	Pensións	Turismo rural	Campamentos de turismo
Galicia	875	1.161	593	115	55.044	22.405	7.217	34.793
Pontevedra	407	266	186	43	26.426	4.534	2.214	17.211
Vigo e a súa área de influencia	98	92	40	13	7.579	1.539	418	5.886
Mondariz	-	1	3	-	-	27	43	-
Mondariz-Balneario	2	-	-	-	500	-	-	-
Neves, As	-	2	2	-	-	16	14	-
Ponteareas	1	2	5	1	63	24	48	240
Salvaterra de Miño	2	-	2	-	37	-	17	-
Cangas	6	9	7	4	311	111	65	1.010
Moaña	2	5	2	2	126	110	16	347
Vilaboa	4	2	3	-	248	20	42	-
Baiona	14	3	2	1	734	47	18	1.913
Fornelos de Montes	-	-	2	-	-	-	26	-
Gondomar	1	2	4	-	42	49	38	-
Mos	4	2	-	-	201	42	-	-
Nigrán	5	10	1	1	330	165	18	1.581
Pazos de Borbén	-	-	1	-	-	-	10	-
Porriño, O	4	5	1	-	278	67	6	-
Redondela	1	7	2	1	27	130	24	138
Salceda de Caselas	-	3	1	-	-	42	11	-
Soutomaior	4	-	2	-	135	-	22	-
Vigo	48	39	-	3	4.547	689	-	657

Fonte: IGE

■ 2.5.43.

plexo mar-industria: Conxemar, de carácter anual, Navalía, que se celebra cada dous anos, e a World Fishing Exhibition, cada seis anos.

– Un sector que experimentou un importante crecemento é o concenrente ao turismo de cruceiros, sendo o porto de Vigo o principal porto galego en canto ao número de escalas e cruceiristas ata o ano 2012. É importante salientar que o gasto medio por persoa e día de cada visitante en terra, distribuído ente excursións, compras ou restauración sitúase entornó a 160 euros. As súas expectativas de crecemento aumentaron máis ao ser Vigo porto de cabeceira no ano 2010. Este auxo representa unha importante oportunidade para a actividade comercial tendo en conta o poder adquisitivo e o gasto que realizan este tipo de turistas.

No concenrente á oferta de **aloxamento** nos concellos analizados, o **cadro 2.5.43.**

indica que Vigo e a súa área de influencia conta cun total de 243 establecementos hoteleiros, dos que 98 son hoteis, 92 pensións e 13 cámpings. O seu número de prazas estimadas ascende a 15.422. A pesar de que en termos relativos o conxunto dos 19 concellos considerados acollen o 27% dos establecementos da provincia de Pontevedra e o 31% das prazas, a relación entre o número de prazas e establecementos sitúase en 63 prazas por establecementos, rateo moi superior á existente en Pontevedra e Galicia, con 56 e 44 prazas, respectivamente.


Segundo a categoría dos hoteis, Vigo e a súa área de influencia conta con dous hoteis de cinco estrelas, ambos no concello de Vigo, e 13 de catro (dez en Vigo e un nos concellos de Baiona, Mondariz-Balneario e Moaña).

Atendendo ao concello de Vigo como punto turístico, os datos do IGE indican que no ano 2012 o número de establecementos hoteleiros abertos estimados (media anual) ascendía a 76, sendo a oferta estimada de

Establecementos hoteleiros, prazas estimadas, grado de ocupación e persoal empregado 2011-12

	Vigo		A Coruña		Santiago	
	2011	2012	2011	2012	2011	2012
Establecementos	77	76	73	72	154	154
Prazas	4.802	5.062	4.872	5.055	7.288	7.426
Grao de ocupación por praza	(%)					
Máximo	36,6	32,8	39,4	38,4	42,4	39,4
Mínimo	62,8	61,8	65,9	69,5	64,4	58,6
	24,0	18,4	25,7	23,9	23,1	20,0
Fin de semana	41,8	37,8	45,0	43,1	48,1	44,0
Máximo	73,0	70,1	74,9	73,5	72,4	62,0
Mínimo	23,9	19,8	27,1	25,8	24,7	22,2
Grao ocupación por habitación	46,2	40,8	48,6	47,1	49,2	45,6
Máximo	67,4	62,1	69,6	69,4	69,7	62,5
Mínimo	32,9	25,3	33,8	32,6	27,4	24,2
Persoal	629	622	525	540	988	907

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do INE

2.5.44.
Grao de ocupación por praza en Vigo 2007-12


Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do INE

5.062 prazas. Comparado coa situación nos concellos de A Coruña e Santiago de Compostela, os outros dous puntos turísticos dos que se dispón de datos para os dous últimos anos, o **cadro 2.5.44.** reflicte que o número de prazas ofertadas é similar ao de A Coruña, se ben moi inferior ao estimado para Santiago de Compostela. No que atinxe á relación entre prazas e establecementos abertos estimados, o concello de Vigo ten un número de prazas inferior ao de A Coruña, se ben esta rateo está por

riba da estimada para Santiago, onde non supera o 50% nos dous anos considerados.

O **grao de ocupación** por praza e por habitación en Vigo é sensiblemente inferior ao de A Coruña e Santiago. No caso concreto de Vigo, o grado de ocupación por praza en 2012 é do 32,8% (no fin de semana ascende a 37,8%) e o grado de ocupación por habitación, do 40,8%. Segundo se amosa no **cadro 2.5.45.**, o grado de ocupación por praza (media

Viaxeiros, pernoctacións e estadia media en establecementos hoteleiros 2011-12

	Vigo		A Coruña		Santiago	
	2011	2012	2011	2012	2011	2012
Viaxeiros	305.975	302.060	352.948	330.903	544.312	548.388
Residentes en España	232.964	233.161	292.948	274.332	324.173	305.798
Non residentes	73.011	68.899	60.000	56.571	220.139	242.590
Pernoctacións	645.345	610.574	710.149	716.758	1.142.475	1.081.892
Residentes en España	488.234	462.673	585.357	593.210	766.046	656.256
Non residentes	157.111	147.901	124.792	123.548	376.429	425.636
Estadia media	2,1	2,0	2,0	(en días) 2,2	2,1	2,0
Máxima	2,4 (agosto)	2,3 (agosto)	2,3 (xullo e agosto) 1,6 (xaneiro, marzo, outubro, novembro)	2,4 (agosto)	2,7 (xaneiro e decembro)	2,6 (xaneiro)
Mínima	1,9 (xuño)	1,6 (febreiro)		2,0 (xaneiro, marzo e outubro)	1,9 (agosto e setembro)	1,8 (setembro)

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do INE

■ 2.5.46.

anual) acadado en 2012 é o máis baixo dos últimos sete anos.

O número de viaxeiros e pernoctacións en Vigo descende en 2012 en relación ao do ano anterior, situándose nas a 302.060 persoas, 3.915 menos que en 2011, e 610.574 pernoctacións, 34.771 menos. Comparado cos outros dous puntos turísticos considerados anteriormente, A Coruña e Santiago de Compostela, a cidade de Vigo acolle menos viaxeiros, sendo tamén inferior o número de pernoctacións.

O **cadro 2.5.46.** reflicte que a estadia media nos establecementos de Vigo é similar á de Santiago de Compostela nos anos 2012 e 2011, con 2,0 e 2,1 días, en tanto que no ano 2012 é inferior á de A Coruña (2,2 días).

Á hora de analizar a actividade turística hai que ter en conta o sector da **restauración** e o **comercio**, xa que son dinamizadores da actividade de cada concello. Os datos do Directorio Central de Empresas (Dirce) reflicten que no conxunto dos concellos analizados a actividade de restauración acolle un total de 3.505 establecementos, o 52,2% do total da provincia de Pontevedra, dos que 2.528 son establecementos de bebidas (52,1%) e 902 corres-

ponden a restaurantes e postos de comidas (52,3%).

No eido da actividade comercial, **cadro 2.5.47.**, en Vigo e a súa área de influencia hai 10.921 establecementos comerciais, o que supón o 54,8% dos establecementos comerciais da provincia, dos que 6.104 corresponden ao comercio a retalho (agás vehículos de motor), o 50,9% do total provincial, e 3.797 establecementos ao comercio por xunto (agás vehículos de motor), que significa o 62,7%.

Directamente relacionado co turismo, e dado que cada vez se lle outorga máis importancia ao turismo urbano, cultural e deportivo, cómpre facer unha mención específica ao **ámbito cultural** en sentido amplo. Este debe considerarse coma un sector produtivo tendo en conta a súa transcendencia económica, o seu impacto na creación de emprego (moitos deles de alta cualificación), na xeración de valor engadido e recursos ou na proxección da imaxe do territorio, e mesmo o seu papel como elemento vertebrador. Tal e como se desprende do estudo "*O sistema produtivo da cultura en Galicia, unha visión económica*", a actividade económica que está detrás da actividade cultural é moi superior ao gasto público nesta materia.

Establecementos con actividade económica 2008 e 2011: comercio por xunto e ao retallo e hostalaría

	2008			2011		
	Galicia	Pontevedra	Vigo e área de influencia	Galicia	Pontevedra	Vigo e área de influencia
Comercio por xunto e ao retallo	56.689	20.602	11.349	54.651	19.911	10.921
Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	5.751	1.912	1.045	5.716	1.867	1.020
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	15.277	5.964	3.755	15.485	6.053	3.797
Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	35.661	12.726	6.549	33.450	11.991	6.104
Comercio a retallo en establecementos non especializados				4.460	1.569	767
Comercio a retallo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados				4.957	1.966	1.068
Comercio a retallo de combustible para a automoción en establecementos especializados				453	126	52
Comercio a retallo de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións en establecementos especializados				1.057	335	193
Comercio a retallo doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados				6.984	2.390	1.240
Comercio a retallo de artigos culturais e recreativos en establecementos especializados				2.371	845	483
Comercio a retallo doutros artigos en establecementos especializados				9.987	3.453	1.712
Comercio a retallo en postos de venda e feiras				2.861	1.181	505
Comercio a retallo non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en feiras				320	126	84
Hostalaría	22.551	7.348	3.766	22.609	7.402	3.744
Servizos de aloxamento	2.000	656	229	2.156	687	239
Hotéis e aloxamentos similares				1.349	456	160
Aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estadia				696	188	62
Cámpings e aparcadoiros para caravanas				88	39	14
Outros aloxamentos				23	4	3
Servizos de comidas e bebidas	20.551	6.692	3.537	20.453	6.715	3.505
Restaurantes e postos de comidas				4.612	1.725	902
Provisión de comidas preparadas para eventos e outros servizos de comidas				419	138	75
Establecementos de bebidas				15.422	4.852	2.528

Fonte: IGE

2.5.47.

No caso concreto de Vigo e a súa área de influencia, son varias as razóns que xustifican a incorporación deste apartado, entre as que se poden salientar, o feito de ter sido sempre un referente en materia cultural, se ben na actualidade se perdeu certa relevancia; o importante labor sociocultural que se desenvolve nos diferentes concellos, cun elevado número de escolas municipais, bandas de música, corais, grupos folk, danza ou actividade de promoción das artes plásticas, e a capacidade organizativa de importantes eventos culturais e deportivos tanto a nivel autonómico como a nivel estatal e internacional.

Cómpre salientar que se valora positivamente o potente entramado cultural e deportivo (tanto de base como profesional) existente: músicos, escultores, pintores, escritores, eido editorial e audiovisual... mais tamén *bloggers*, restauradores, deseñadores de moda ou axencias de comunicación, por exemplo. Asemade, e como se indica no apartado de infraestruturas educativas, destaca a presenza de centros de

formación no ámbito da cultura como a ESAD ou os Conservatorios de música.


Considérase que a cidade de Vigo, pola súa configuración metropolitana, ten todas as condicións para converterse nun referente cultural europeo para o tratamento contemporáneo da música, artes escénicas e literatura, baseada nas raíces da tradición, ámbito este de especial interese para a Unión Europea e a EACEA.

PERSPECTIVAS DE FUTURO

Para rematar este capítulo, de seguido recóllese a valoración de expertos consultados sobre as perspectivas de futuro das principais ramas de actividade.

Vigo e a súa área de influencia caracterízase polo seu histórico desenvolvemento do sector industrial e o posicionamento en determinadas ramas produtivas. Con todo, a crise económica internacional supuxo para o conxunto do territorio analizado unha incerteza aínda maior sobre o futuro

Valoración das perspectivas de futuro das principais ramas de actividade



Fonte: Elaboración propia CES-Galicia

■ 2.5.48.

de actividades tractoras do seu impulso económico.

Asemade, o territorio ten demostrado xa a súa capacidade para reinventarse para facer fronte a situacións económicas complexas, valorándose o seu dinamismo empresarial e o seu espírito emprendedor.

Neste senso, as opinións recollidas reflicten que as ramas de actividade con maiores perspectivas de futuro corresponden ás do complexo mar-industria, cunha valoración de 3,8 puntos sobre seis, por diante do sector de enerxías renovables (3,4), biotecnoloxía (3,2) e os de automoción, loxística intermodal e turismo de calidade (3,2). Tal e como amosa o **cadro 2.5.48.**, no lado contrario atópanse os sectores da construción, con 2,1 puntos sobre seis, audiovisual e industria cultural (2,4) e construción naval (2,5). ■